PROXECTO

ORZAMENTOS 2021

MEMORIA **TOMO I**

XUNTA DE GALICIA

MEMORIA

TOMO I

Contido

I. OS ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2021 ____ 7

I.1. ÁMBITO ORZAMENTARIO ____ 9

I.2. CONCILIACIÓN CO INVENTARIO DE ENTIDADES INTEGRANTES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA ____ 20

I.3. CONTIDO DOS ORZAMENTOS ____ 23

I.4. ESTRUTURA ORZAMENTARIA ____ 24

I.5. HOMOXENEIZACIÓN DO ORZAMENTO 2020 ____ 26

II. O ORZAMENTO DA ADMINISTRACIÓN XERAL ____ 29

II.1. INGRESOS ____ 33

II.1.1. SISTEMA DE FINANCIAMENTO AUTONÓMICO ____ 35

II.1.2. ANÁLISE POR CAPÍTULOS ____ 42

II.2. GASTOS ____ 78

II.2.1. ANÁLISE POR CAPÍTULOS ____ 85

II.2.2. ANEXO SOBRE CONTRATOS DE COLABORACIÓN PÚBLICO-PRIVADA E CONCESIÓN DE OBRA PÚBLICA ____ 111

II.2.3. DETALLE DA CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DAS SECCIÓNS ORZAMENTARIAS ____ 112

III. OS ORZAMENTOS DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS E DAS ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS DE CONSULTA OU ASESORAMENTO ____ 149

III.1. ORGANISMOS AUTÓNOMOS ____ 152

III.2. ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS DE CONSULTA OU ASESORAMENTO ____ 177

IV. OS ORZAMENTOS DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS ____ 183

V. CONSOLIDACIÓN DOS ENTES CON ORZAMENTO LIMITATIVO ____ 227

V.1. INGRESOS ____ 232

V.2. GASTOS ____ 234

VI. ORZAMENTO EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL ____ 253

VII. ENTIDADES PÚBLICAS EMPRESARIAIS 259

VIII. CONSORCIOS AUTONÓMICOS 263

IX. SOCIEDADES MERCANTÍS PÚBLICAS AUTONÓMICAS 267

X. FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO 271

XI. DATOS CONSOLIDADOS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO 275

XII. O MARCO XURÍDICO E ECONÓMICO. COMENTARIOS AO TEXTO ARTICULADO 281

XII.1. LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2021 283

XII.2. MEDIDAS FISCAIS E ADMINISTRATIVAS DE ACOMPAÑAMENTO PREVISTAS PARA A SÚA ENTRADA EN VIGOR NO ANO 2021 291



OS ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2021

I. OS ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2021

I.1. ÁMBITO ORZAMENTARIO

O artigo 53.1 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, polo que se aproba o Estatuto de Autonomía de Galicia establece que "O orzamento será único e incluirá a totalidade dos gastos e ingresos da Comunidade Autónoma galega e dos organismos, institucións e empresas dela dependentes". En virtude deste mandamento estatutario a lei de orzamentos, como norma que rexe e disciplina a actividade económico-financeira da comunidade autónoma, debe reflectir a totalidade dos gastos e ingresos do sector público autonómico, o que supón a concreción do principio de universalidade orzamentaria.

Consonte ao antedito principio e ao perímetro de consolidación do sistema europeo de contas (SEC -2010 en diante), os orzamentos xerais da comunidade autónoma estarán integrados por:

a) Os orzamentos da Administración xeral, nos que se incorporarán os órganos estatutarios e consultivos.
b) Os orzamentos dos organismos autónomos.
c) Os orzamentos das entidades públicas instrumentais de asesoramento ou consulta, que consonte a disposición adicional sexta da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico, terán a consideración de organismos autónomos para efectos orzamentarios.
d) Os orzamentos das axencias públicas autonómicas.
e) Os orzamentos de explotación e capital das entidades públicas empresariais a que fai referencia o artigo 89 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico.
f) Os orzamentos de explotación e capital dos consorcios autonómicos a que fai referencia o artigo 95 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico.
g) Os orzamentos de explotación e capital das sociedades mercantís públicas autonómicas aos que fai referencia o artigo 102 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico.
h) Os orzamentos de explotación e capital das fundacións do sector público autonómico aos que fai referencia o artigo 113 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico.

i) En todo caso, os orzamentos das demais entidades que estean clasificadas como administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coas normas do sistema europeo de contas, agás as entidades que integran o sistema universitario de Galicia.

No orzamento da Administración xeral aparecen incluídas, en seccións singularizadas, os diferentes departamentos e órganos sen personalidade xurídica diferenciada que constitúen a Administración autonómica en sentido estrito. Ademais, inclúense outra serie de organismos de carácter estatutario ou que teñen a súa orixe nunha lei ordinaria que prevé a integración dos seus orzamentos nos da comunidade autónoma, aínda que dispoñen de completa independencia funcional. Desta forma, intégranse nos orzamentos xerais os do Parlamento de Galicia, o Consello de Contas, o Consello da Cultura Galega e o Consello Consultivo de Galicia. Finalmente, figuran como seccións independentes as transferencias ás corporacións locais, a débeda pública e os gastos de diversas consellerías, que pola peculiaridade das súas características e pola especial natureza dos gastos aconsellan a súa inclusión como seccións específicas.

Completando os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma figuran os orzamentos das entidades instrumentais do sector público autonómico, definido este pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico.

Os orzamentos dos organismos autónomos, dan cobertura á actividade económico-financeira destas entidades públicas instrumentais, que poden exercer actividades de intervención, fomento, xestión de servizos públicos ou apoio á función administrativa en réxime de descentralización funcional.

Os orzamentos das entidades públicas instrumentais de asesoramento ou consulta, que consonte a disposición adicional sexta da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico, teñen a consideración de organismos autónomos para efectos orzamentarios.

Os orzamentos das axencias públicas autonómicas creadas polo Consello da Xunta e facultadas para exercer potestades administrativas recollen os recursos para o cumprimento de programas específicos correspondentes a políticas públicas da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, en réxime de descentralización funcional e xestión por obxectivos. Cómpre salientar a este respecto que as entidades instrumentais ás que se refire o apartado cinco da Disposición Transitoria Terceira da Lei 16/2010, do 17 de decembro, se adecuarán ao disposto na citada lei para as axencias públicas autonómicas.

As entidades públicas empresariais, como entes instrumentais aos que se lles encomenda a realización, consonte criterios de xestión empresarial, de actividades prestacionais, de xestión de servizos públicos ou de produción de bens de interese público susceptibles de contraprestación, presentan orzamentos de explotación e capital que dan cobertura á súa actividade.

Os orzamentos dos consorcios autonómicos, constituídos mediante convenio pola administración xeral con outras administracións públicas para a xestión de servizos da súa competencia ou para a consecución de fins de interese común, así como con entidades privadas sen ánimo de lucro, están integrados polos seus orzamentos de explotación e de capital.

As sociedades mercantís públicas autonómicas consideradas pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, como outras entidades instrumentais do sector público autonómico, presentan orzamentos de explotación e orzamentos de capital.

Por último, os orzamentos de explotación e capital das fundacións do sector público autonómico presentan os estados financeiros necesarios para a realización dos seus fins de interese xeral.

Na elaboración dos orzamentos tense en conta que o día 1de setembro de 2014 entrou en vigor o Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello Nº 549/2013, polo que se establece o novo Sistema de Contas Nacionais e Rexionais (SEC-2010) que reempraza ao anterior Sistema Europeo de Contas SEC-95.

Entre os cambios metodolóxicos que incorpora o SEC-2010 no ámbito das contas públicas cabe citar os relativos á capitalización dos gastos de I+D, o tratamento dos swaps de intereses, a asignación dos impostos á unidade das administracións públicas que este habilitada para a súa esixencia, de xeito que o IVA e os impostos especiais que anteriormente rexistrábanse nas contas do sector das comunidade autónomas como impostos propios e, simultaneamente, como menores impostos do Estado, pasan a rexistrarse como impostos estatais e impútanse como gasto do Estado ás comunidades en concepto de transferencias correntes entre administracións públicas.

Entre todos os cambios destaca pola súa importancia a incorporación dun capítulo sobre a elaboración das contas das Administracións Públicas. Ao respecto introduce importantes modificacións que se dirixen ao reforzamento do criterio de control público da entidade, ampliando os indicadores que deben terse en conta para determinar se unha entidade está controlada ou non polas administracións públicas. Entre estes indicadores teñen especial relevancia os seguintes: determinar se a administración é o cliente principal; avaliar o grao de participación da administración no financiamento da súa actividade; comprobar o control público no nomeamento ou na revogación do persoal directivo; e, finalmente, verificar o control público dos principais comités da entidade.

En consecuencia, no SEC-2010, ademais de aplicar a "regra do 50%", é dicir, que as vendas cobren máis do 50% dos custos de produción, téñense en conta algúns dos criterios cualitativos adicionais mencionados para asegurar si realmente a unidade opera en condicións de mercado ou debe revisarse a súa clasificación e integrarse no sector de Administración Pública. Así mesmo, no novo sistema modifícase o cálculo da ratio vendas/custos que se emprega para aplicar a "regra do 50%". En particular, é necesario subliñar que debe ser incluído o custo de capital, custos financeiros netos, como custo de produción.



Desta forma, preséntanse os orzamentos da comunidade autónoma para o exercicio 2021 considerándose os das entidades que se definen a continuación, incluídas dentro do perímetro de consolidación definido polo SEC-2010, con excepción das entidades que integran o sistema universitario de Galicia, así como o resto de entidades con participación maioritaria da Xunta de Galicia.

Como organismos autónomos figuran os seguintes:

Escola Galega de Administración Pública.

Academia Galega de Seguridade Pública.

Instituto Galego de Estatística.

Instituto Galego da Vivenda e Solo.

Instituto de Estudos do Territorio.

Instituto Galego do Consumo e da Competencia.

Servizo Galego de Saúde.

Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

Fondo Galego de Garantía Agraria.

Como entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento figuran as seguintes:

Consello Económico e Social de Galicia.

Consello Galego de Relacións Laborais.

Como axencias públicas autonómicas inclúense as seguintes:

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Axencia de Turismo de Galicia.

Axencia Galega de Emerxencias.

Axencia Tributaria de Galicia.

Axencia Galega de Infraestruturas.

Instituto Enerxético de Galicia.

Instituto Galego de Promoción Económica.

Axencia Galega de Innovación.

Axencia Galega da Industria Forestal.

Axencia Galega das Industrias Culturais.

Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde.

Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos.

Axencia Galega de Servizos Sociais.

Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

Axencia Galega da Calidade Alimentaria.

Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia.

Como entidades públicas empresarias figuran as seguintes:

- Consellería de Infraestruturas e Mobilidade:
  Augas de Galicia.
- Consellería do Mar:
  Portos de Galicia.

Como consorcios autonómicos figuran os seguintes:

- Vicepresidencia 1ª e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo:
  Consorcio Local dos Peares.
- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda:
  Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.

  Centro Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia.

  Consorcio Casco Vello de Vigo.
- Consellería de Infraestruturas e Mobilidade:
  Consorcio para a Xestión e Explotación da Rede Básica de Abastecemento de auga aos Concellos de Cervo e Burela
- Consellería de Cultura, Educación e Universidade:
  Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

- Consellería de Política Social:
  Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e do Benestar.

Como sociedades mercantís públicas autonómicas inclúense as que seguen:

- Presidencia da Xunta de Galicia:
  Corporación Radio Televisión de Galicia S.A.

  Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.

- Vicepresidencia 1ª e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo:
  Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo.

- Vicepresidencia 2ª e Consellería de Economía, Empresa e Innovación:
  Sociedade Galicia Calidade, S.A.

  Xesgalicia, Sociedade Xestión Entidades de Capital Risco, S.A.

  Sodiga Galicia, Sociedade de Capital Risco.

  Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.

- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda:
  Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A.

  Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A.

- Consellería de Infraestruturas e Mobilidade:
  Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.

- Consellería de Sanidade
  Galaria, Empresa Pública de Servicios Sanitarios, S.A.

- Consellería do Medio Rural:
  Xenética Fontao, S.A.

  Empresa Pública de Servicios Agrarios Galegos, S.A.

Como fundacións do sector público autonómico figuran as seguintes:

- Presidencia da Xunta de Galicia:
  Fundación Deporte Galego.
- Vicepresidencia 1ª e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo:
  Fundación Semana Verde de Galicia.

  Fundación Galicia Europa.
- Vicepresidencia 2ª e Consellería de Economía, Empresa e Innovación:
  Fundación Feiras e Exposicións de Lugo.

  Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia.

  Instituto Feiral de A Coruña.

  Fundación de Exposicións e Congresos de A Estrada.

  Fundación Centro Galego de Artesanía e Deseño.

  Fundación Feiras e Exposicións de Ourense.
- Consellería de Cultura, Educación e Universidade:
  Fundación Pública Galega Rof Codina.

  Fundación Pública Cidade da Cultura de Galicia.

  Fundación Pública Camilo José Cela
- Consellería de Emprego e Igualdade:
  Fundación Galega de Formación para o Traballo.
- Consellería de Sanidade:
  Fundación Instituto Galego de Oftalmoloxía.

  Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia 061.

  Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica.
- Consellería de Política Social:
  Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas.

- Consellería do Medio Rural:
  Fundación Centro Tecnolóxico da Carne.
- Consellería do Mar:
  Fundación Centro Tecnolóxico do Mar.

Ámbito dos Orzamentos Xerais para o ano 2021

Seccións	Organismos Autónomos	Entidades Públicas Instrumentais Consulta ou Asesoramento	Axencias Públicas Autonómicas	Entidades Públicas Empresariais	Consorcios Autonómicos	Sociedades Mercantís Públicas Autonómicas	Fundacións do Sector Público Autonómico
01 Parlamento							
02 Consello de Contas							
03 Consello da Cultura Galega							
04 Presidencia da Xunta			Amtega			RETEGAL S.A. Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A.	F. Deporte Galego
05 Vicepresidencia primeira e Cª. de Presidencia, Xustiza e Turismo	AGASP		Axencia Galega de Emerxencias Axencia de Turismo de Galicia		Consorcio Local Os Peares	Xestión do Plan Xacobeo S.A.	F. Semana Verde de Galicia F. Galicia Europa
06 Vicepresidencia segunda e Cª. de Economía, Empresa e Innovación	Instituto Galego de Consumo e da Competencia		IGAPE Axencia Galega de Innovación Axencia Instituto Enerxético de Galicia Axencia Galega de Industria Forestal			Xes Galicia S.A. Sodiga Galicia Galicia Calidade S.A. Parque Tecnolóxico de Galicia	F. Feiras e Exposicións de Lugo F. Feiras e Exposicións de Ourense F. Galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia F. de Exposicións e Congresos da Estrada F. Instituto Feiral da Coruña F. Pública Artesanía de Galicia
07 Cª de Facenda e Adm. Pública	IGE EGAP	CES	Axencia Tributaria de Galicia				
08 Cª de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda	IET IGVS				APLU Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia Consorcio Casco Vello de Vigo	Sogama S.A. XESTUR S.A.	

Orzamento consolidado da comunidade autónoma

Entidades públicas que presentan PAIF

Ámbito dos Orzamentos Xerais para o ano 2021 (continuación)

Seccións	Organismos Autónomos	Entidades Públicas Instrumentais Consulta ou Asesoramento	Axencias Públicas Autonómicas	Entidades Públicas Empresariais	Consorcios Autonómicos	Sociedades Mercantís Públicas Autonómicas	Fundacións do Sector Público Autonómico
09 Cª de Infraestruturas e Mobilidade			Axencia Galega de Infraestruturas	Augas de Galicia	C. Xestión e Explot. da rede básica de abastecemento aos Concellos de Cervo e Burela	SPI Galicia S.A.	
							F.P Galega Rof Codina
10 Cª de Cultura, Educación e Universidade			Agadic		Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia		F. P. Cidade da Cultura
							F. P. Camilo José Cela
11 Cª de Emprego e Igualdade	Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral	Consello Galego de Relacións Laborais					F. Galega da Formación para o Traballo
			Axencia Galega Xestión do Coñecemento en Saúde				F. Instituto Galego de Oftalmoloxía
12 Cª de Sanidade	Sergas		Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos			Galaria S.A.	F. Pública Urxencias Sanitarias de Galicia 061
							F. Pública Galega de Medicina Xenómica
13 Cª de Política Social			Axencia Galega de Servizos Sociais		C. Galego de Servicios de Igualdade e Benestar		F. P. Galega para a Tutela de Persoas Adultas
14 Cª do Medio Rural	FOGGA		Agader			Xenética Fontao S.A.	F. Centro Tecnolóxico da Carne
			Agacal			Seaga S.A.	
15 Cª do Mar			Intecmar	Portos de Galicia			F. Centro Tecnolóxico do Mar
20 Consello Consultivo de Galicia							
21 Transferencias a CC.LL.							
22 Débeda Pública da CA							
23 Gastos de diversas Consellerías							
Orzamento consolidado da comunidade autónoma					Entidades públicas que presentan PAIF		

I.2. CONCILIACIÓN CO INVENTARIO DE ENTIDADES INTEGRANTES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

Os acordos do Consello de Política Fiscal e Financeira do 10 de abril de 2003, publicados mediante Orde HAC/2283/2003 do 31 de xullo, establecen a obriga de formular e manter actualizado o inventario de entidades integrantes do sector público autonómico, aos efectos da súa inclusión nas distintas categorías previstas na Lei 18/2001, do 12 de decembro, Xeral de Estabilidade Orzamentaria, letra c) do artigo 2.1 e artigo 2.2; preceptos que tras a entrada en vigor da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, se refiren ao artigo 2 apartado 1b) e 2 de dita lei orgánica.

En materia de contabilidade nacional, o Instituto Nacional de Estatística, a Intervención Xeral da Administración do Estado e o Banco de España, son as institucións competentes para clasificar as entidades que compoñen o sector público.

A tal efecto, a Intervención Xeral do Estado comunica anualmente as entidades dependentes da Xunta de Galicia e que conforman o sector público autonómico. Sendo obriga da administración autonómica facilitar toda a información necesaria para manter actualizado o inventario de entes.

Presidencia da Xunta de Galicia				
Entidades	**Clasificación**	**IGAE**	**Sector**	**Orzamento**
Fundación Deporte Galego	FUNDACION	SI	AP	SI
Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A.	SOCIEDADES	SI	AP	SI
Sociedade Redes de Telecomunicacións Galegas Retegal, S.A	SOCIEDADES	SI	AP	SI

Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo				
Entidades	**Clasificación**	**IGAE**	**Sector**	**Orzamento**
Consorcio Os Peares	CONSORCIO	SI	AP	SI
Fundación Galicia Europa	FUNDACION	SI	AP	SI
Fundación Semana Verde de Galicia	FUNDACION	SI	AP	SI
Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, S.A.	SOCIEDADES	SI	AP	SI

Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación				
Entidades	**Clasificación**	**IGAE**	**Sector**	**Orzamento**
Fundación Pública Artesanía de Galicia	FUNDACION	SI	AP	SI
Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia	FUNDACION	SI	AP	SI
Fundación de Exposicións e Congresos de A Estrada	FUNDACION	SI	AP	SI
Fundación Feiras e Exposicións de Lugo	FUNDACION	SI	AP	SI
Instituto Feiral de A Coruña	FUNDACION	SI	P	SI
Fundación Feiras e Exposicións de Ourense	FUNDACION	SI	ENF	SI
Sodiga Galicia, Sociedade de Capital Risco	SOCIEDADES	SI	AP	SI
Xesgalicia Sociedade Xestión Entidades de Capital Risco S.A	SOCIEDADES	SI	AP	SI
Sociedade Galicia Calidade, S.A	SOCIEDADES	SI	AP	SI
Parque Tecnolóxico de Galicia S.A	SOCIEDADES	SI	AP	SI

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda				
Entidades	**Clasificación**	**IGAE**	**Sector**	**Orzamento**
Axencia de Protección da Legalidade Urbanística	CONSORCIO	SI	AP	SI
Centro Extensión Universitaria e Divulgación ambiental de Galicia	CONSORCIO	SI	AP	SI
Consorcio Casco Vello de Vigo	CONSORCIO	SI	AP	SI
Sociedade Galega de Medioambiente S.A	SOCIEDADES	SI	ENF	SI
Xestión do Solo de Galicia - Xestur, S.A	SOCIEDADES	SI	AP	SI

Consellería de Infraestruturas e Mobilidade				
Entidades	**Clasificación**	**IGAE**	**Sector**	**Orzamento**
Consorcio para a Xestión e Explotación da rede básica de abastecemento aos Concellos de Cervo e Burela	CONSORCIO	SI	AP	SI
Augas de Galicia	EPE	SI	AP	SI
Sociedade Pública de Inversións de Galicia S.A	SOCIEDADES	SI	AP	SI

Consellería de Cultura, Educación e Universidade				
Entidades	**Clasificación**	**IGAE**	**Sector**	**Orzamento**
Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia	CONSORCIO	SI	AP	SI
Fundación Pública Cidade da Cultura de Galicia	FUNDACION	SI	AP	SI
Fundación Pública Camilo José Cela	FUNDACION	SI	AP	SI
Fundación Pública Galega Rof Codina	FUNDACION	SI	AP	SI

Consellería de Emprego e Igualdade				
Entidades	**Clasificación**	**IGAE**	**Sector**	**Orzamento**
Fundación Galega da Formación para o Traballo	FUNDACION	SI	AP	SI

Consellería de Sanidade				
Entidades	**Clasificación**	**IGAE**	**Sector**	**Orzamento**
Fundación Instituto Galego de Oftalmoloxía	FUNDACION	SI	AP	SI
Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia 061	FUNDACION	SI	AP	SI
Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica	FUNDACION	SI	AP	SI
Galaria, Empresa Pública de Servicios Sanitarios S.A	SOCIEDADES	SI	AP	SI
Consorcio Oncolóxico de Galicia	CONSORCIO	SI	P	NON (2)

Consellería de Política Social				
Entidades	**Clasificación**	**IGAE**	**Sector**	**Orzamento**
Consorcio Galego de Servicios de Igualdade e Benestar	CONSORCIO	SI	AP	SI
Fundación Pública Galega para a tutela de persoas adultas	FUNDACION	SI	AP	SI

Consellería do Medio Rural				
Entidades	**Clasificación**	**IGAE**	**Sector**	**Orzamento**
Fundación Centro Tecnolóxico da Carne	FUNDACION	SI	AP	SI
Empresa Publica de Servicios Agrarios Galegos S.A (SEAGA)	SOCIEDADES	SI	AP	SI
Xenética Fontao S.A	SOCIEDADES	SI	ENF	SI

Consellería do Mar				
Entidades	**Clasificación**	**IGAE**	**Sector**	**Orzamento**
Portos de Galicia	EPE	SI	ENF	SI
Fundación Centro Tecnolóxico do Mar	FUNDACION	SI	AP	SI

(1) Non cumpren a obriga de presentar o orzamento

(2) Sen actividade

AP: Administración Pública

ENF: Empresa non financeira

EF: Empresa financeira

P: Pendente de clasificación, en estudo

I.3. CONTIDO DOS ORZAMENTOS

Respecto ao contido da lei de orzamentos, podemos distinguir, dous compoñentes claramente diferenciados.

Por un lado o texto articulado, que contén a ordenación xurídica da actividade económico financeira especificamente aplicable aos orzamentos do ano 2021, e concrétase na aprobación dos orzamentos, é dicir a previsión dos ingresos que se espera realizar e a autorización dos gastos que como máximo se poderán recoñecer, así coma unha serie de normas de diverso calado que se consideran necesarias para conseguir unha mellor xestión dos recursos e dos créditos orzamentarios.

En segundo lugar, os estados numéricos de ingresos e gastos, cuantifican e detallan as estimacións dos dereitos económicos que se prevén liquidar, e a distribución dos créditos autorizados para a execución dos diferentes programas de gasto, así como os estados financeiros das entidades públicas empresariais, sociedades mercantís públicas autonómicas, consorcios e fundacións do sector público autonómico.

I.4. ESTRUTURA ORZAMENTARIA

No referente a súa estrutura os orzamentos xerais da comunidade autónoma axústanse ás seguintes regras:

1. Os estados de gastos son elaborados aplicando unha clasificación funcional por programas, que identifica a finalidade do gasto. Por outro lado, a clasificación orgánica proporciona información sobre o axente que realiza o gasto, e a clasificación económica identifica a natureza do mesmo.
2. Para cada programa de gasto establécense os obxectivos estratéxicos e operativos que se pretenden conseguir cos recursos que se lle asignan, e tamén, cando resulta posible, os indicadores de seguimento que se consideran adecuados para analizar o grao de consecución deses obxectivos.
3. Os gastos correntes e os gastos de capital preséntanse de forma separada, e a súa clasificación económica seguirá os seguintes criterios:
    - Nos créditos para gastos correntes distinguiranse os necesarios para o funcionamento dos servizos, os gastos financeiros e as transferencias correntes.
    - Nos créditos para gastos de capital distinguiranse os de investimentos reais, as transferencias de capital e as variacións de activos e pasivos financeiros.

Conforme ás regras indicadas o gasto orzamentario adopta unha tripla clasificación:

1. Funcional por programas, que permite coñecer o destino ou finalidade do gasto.
2. Orgánica, que identifica ao órgano xestor que asume a realización do gasto.
3. Económica, que informa sobre a concreción do gasto segundo a súa natureza económica.

Polo que respecta aos estados de ingresos, que expresan a contía e natureza da totalidade dos recursos previstos para o financiamento dos gastos autorizados no exercicio, presentan unha clasificación moito máis acoutada ou sinxela, xa que de conformidade co artigo 49 do Texto Refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, aprobado por Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, presentarán unicamente unha clasificación económica, distinguindo entre os que corresponden a operacións correntes e a operacións de capital. Isto é debido á aplicación dos principios xerais de caixa única e non afectación dos ingresos públicos.

Por último, en canto a estrutura orzamentaria, podemos establecer unha diferenza fundamental en base ao carácter limitativo ou non dos orzamentos das diferentes entidades que integran o perímetro de consolidación:

1. As entidades con orzamento limitativo, presentan as súas contas en forma de orzamento administrativo, e son a administración xeral, organismos autónomos, entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento e axencias públicas autonómicas.

   As demais entidades non suxeitas a orzamento limitativo, presentan os seus orzamentos en forma de conta financeira e son as entidades públicas empresariais, consorcios e sociedades mercantís públicas autonómicas, fundacións do sector público autonómico e demais entes non suxeitos a orzamentos limitativos.

I.5. HOMOXENEIZACIÓN DO ORZAMENTO 2020

Dende a entrada en vigor da Lei 6/2019, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020, realizáronse diversas modificacións que obrigan a homoxeneizar as cifras inicialmente aprobadas nese exercicio co fin de proporcionar un marco axeitado de análise que permita realizar comparacións co orzamento de 2021. Estas modificacións obedecen fundamentalmente a :

1. O Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, que modifica e crea diversas seccións de acordo co seguinte:

   A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pasa a ser a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a Consellería de Facenda constitúese na Consellería de Facenda e Administración Pública, intégranse nunha única consellería, a de "Cultura, Educación e Universidade", as anteriores Consellerías de Cultura e Turismo e Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

   A Consellería de Economía, Emprego e Industria, escíndese en dúas seccións, por unha banda a Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, e por outra banda a Consellería de Emprego e Igualdade.

2. O Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, que establece os seguintes cambios:

   - A Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo conserva as direccións e secretarías xerais da anterior Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, excepto a Secretaría Xeral de Igualdade, que pasa á nova Consellería de Emprego e Igualdade, e a Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, que pasa a formar parte da estrutura da nova Consellería de Facenda e Administración Pública.

     Asemade conserva os organismos autónomos e axencias dependentes da anterior Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, con excepción da Escola Galega de Administración Pública, que pasa a depender da Consellería de Facenda e Administración Pública. Por outra banda adscríbese á mesma a Axencia de Turismo de Galicia, antes dependente da Consellería de Cultura e Turismo, o que implicou o traspaso das dotacións orzamentadas no programa 761A.

   - A Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación estrutúrase nos seguintes órganos superiores e de dirección: unha Secretaría Xeral Técnica, á que se traspasan as dotacións orzamentadas nos programas 731A e 732A da Secretaría Xeral Técnica da extinguida Consellería de Economía, Emprego e Industria, a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais e a Dirección Xeral de Comercio e Consumo, o que supuxo o traspaso das dotacións orzamentadas nos programas 731A, 732A, 733A, 734A e 751A da anterior Consellería de Economía, Emprego e Industria. Quedan adscritos á mesma o Instituto Galego de Promoción Económica, a Axencia Galega de Innovación, o Instituto Enerxético de Galicia e a Axencia Galega da Industria Forestal, que antes dependían da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

- A Consellería de Facenda e Administración Pública conserva as secretarías e direccións xerais da anterior Consellería de Facenda, engadíndose ás mesmas a Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa co correspondente traspaso das dotacións orzamentarias no programa 122A. Do mesmo xeito os entes dependentes da Consellería de Facenda pasan a adscribirse á Consellería de Facenda e Administración Pública aos que se engade a Escola Galega de Administración Pública, e traspásanse as dotacións orzamentarias do correspondente programa 122B.
- A Consellería de Cultura, Educación e Universidade, estrutúrase nunha Secretaría Xeral Técnica, na que se integran as secretarías xerais técnicas das anteriores Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Consellería de Cultura e Turismo, traspasando á mesma as dotacións orzamentadas nas extinguidas secretarías xerais, a Secretaría Xeral de Universidades, a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, a Secretaría Xeral de Cultura, á que se traspasan as dotacións orzamentarias correspondentes á anterior Dirección Xeral de Políticas Culturais, nos programas 432A e 432B, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e a Secretaría Xeral de Política Lingüística. Quedan adscritos á mesma os entes anteriormente adscritos á Consellería de Cultura e Turismo.
- A Consellería de Emprego e Igualdade estrutúrase nunha Secretaría Xeral Técnica, á que se traspasan as dotacións orzamentadas no programa 321A da Secretaría Xeral Técnica da extinguida Consellería de Economía, Emprego e Industria, a Secretaría Xeral de Igualdade, coa que se traspasan as dotacións orzamentadas na anterior Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, nos programas 311A, 312G, 313B e 313D, a Dirección Xeral de Relacións Laborais á que se traspasan as dotacións orzamentadas na anterior Secretaría Xeral de Emprego da Consellería de Economía, Emprego e Industria, no programa 324A, a Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social, ó que se traspasan as dotacións orzamentadas na extinguida Secretaría Xeral de Emprego, nos programas 322C, 324C e parte do programa 324A, a Dirección Xeral de Formación e Colocación ó que se traspasan as dotacións orzamentadas na anterior Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, nos programas 322A, 323A e 323B. Quedan adscritos o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral así como o Consello Galego de Relacións Laborais, antes dependentes da Consellería de Economía, Emprego e Industria.
- Na Consellería de Política Social créase una nova dirección xeral, a de Atención Integral Sociosanitaria, á que se traspasan parte das dotacións orzamentadas nos programas 312D e 312E, antes orzamentados na súa totalidade na Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, e coa que agora os comparte.

3. O proxecto de Decreto polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (CIXTEC) e se modifican os estatutos da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, que está en trámites de aprobación e cuxa entrada en vigor está prevista para a mesma data de entrada en vigor da Lei de orzamentos para o ano 2021, e co que se da cumprimento ó disposto na disposición adicional cuarta do Decreto 252/2011, do 15 de decembro, que prevía que "1. A AMTEGA asumirá progresivamente,

(...), a prestación de servizos en materia de tecnoloxías da información e comunicación ás consellerías da Administración xeral da Comunidade Autónoma e ás entidades públicas instrumentais do sector público, de conformidade cos decretos que sexan aprobados para tales efectos. (...)", e na disposición adicional quinta da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, que establece que "Un. Autorízase a supresión do CIXTEC, cuxas funcións serán asumidas pola AMTEGA, de conformidade co que se estableza nos estatutos da dita axencia. Dous. A supresión do CIXTEC levarase a cabo por decreto do Consello da Xunta, (...)". Orzamentariamente isto supón integrar as dotacións do capítulo I de ambas entidades no programa 571A, e nun único proxecto, integrar o capítulo II das dúas entidades no programa 571A, pero en distintos proxectos e integrar o capítulo VI do CIXTEC ó orzamento da AMTEGA no programa 611A. O resto do orzamento da AMTEGA mantense.

O ORZAMENTO DA ADMINISTRACIÓN XERAL

II. O ORZAMENTO DA ADMINISTRACIÓN XERAL

A maior parte da actividade económico-financeira do sector público autonómico canalízase a través dos orzamentos da Administración xeral. Directamente, por medio da xestión que desenvolven as distintas seccións orzamentarias ou, indirectamente, a través das transferencias de financiamento aos organismos autónomos, axencias públicas autonómicas e consorcios autonómicos e, en menor medida, coas entidades públicas empresarias que completan o seu financiamento con importantes ingresos propios. Do mesmo xeito financia á maioría das sociedades mercantís públicas autonómicas e fundacións que integran o sector público autonómico.

Os orzamentos da Administración xeral constitúen o 98% do total de ingresos consolidados do sector público autonómico que ascenden a 13.396,5 millóns de euros.

Polo que respecta aos organismos autónomos e as axencias públicas, as transferencias configuran a maior parte dos seus recursos, salvo certas excepcións. Destacan no ano 2021 os ingresos propios do Sergas correspondentes, entre outros, á prestación de servizos a satisfacer polas compañías aseguradoras como consecuencia da atención médica derivada de accidentes do tráfico e polas mutuas patronais por accidentes de traballo. Conta ademais con diversas subvencións finalistas que recibe directamente, como as destinadas ao Control da Incapacidade Temporal; o Fondo de Cohesión Sanitaria e Fondo de Garantía Asistencial; e a Asistencia Sanitaria que lle transfire o Estado.

Dentro das axencias públicas autonómicas, destacan os ingresos do Instituto Galego de Promoción Económica que conta en 2021 con importantes ingresos propios de carácter financeiro, procedentes do reintegros de préstamos concedidos e de remanentes de tesourería.

Con diferentes matices o papel financiador da Administración Xeral tamén é relevante no caso das entidades públicas empresariais. Non obstante, destacan as taxas pola prestación de servizos nos portos e polas ocupacións lucrativas do dominio público portuario de Portos de Galicia e en Augas de Galicia o Canon da Auga e o Coeficiente de Vertedura, tributos creados pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, que representan a maior parte dos seus ingresos de xestión ordinaria.

Por último, as transferencias das consellerías revisten unha intensidade moi distinta nas sociedades mercantís públicas autonómicas que dispoñen dun cadro de recursos moito máis diversificado que o das restantes entidades que se integran nos orzamentos da comunidade autónoma.

Hai que reiterar que Galicia anticipouse ao resto de autonomías no establecemento dun marco de disciplina fiscal que permitise alcanzar a sostibilidade financeira, e en 2011 aprobou a Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina e sustentabilidade orzamentaria, en virtude da cal se consolidou legalmente a fixación "a priori" do límite de gasto non financeiro como medida de

garantía do cumprimento do obxectivo de estabilidade e da regra de gasto dentro do proceso de elaboración orzamentaria. Ao amparo do apartado un do artigo 12 da dita Lei 2/2011, o Consello da Xunta de Galicia acordou o 29 de outubro o límite de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o exercicio 2021 en 11.664 millóns de euros. O gasto recolleito nos orzamentos da comunidade autónoma para 2021 axústase ao citado teito de gasto, superando os gastos non financeiros o importe dos orzamentos do exercicio anterior en 1.414 millóns de euros, un 13,9% máis.

Estes Orzamentos recollen dúas grandes partidas extraordinarias que non se replicarán no futuro e que non obraban en orzamentos anteriores, o fondo extraordinario do Goberno de España, que ten como obxectivo principal compensar a baixa dos ingresos do SFA e replicar o fondo COVID-19 de 2020, e que se fixa en 685 millóns de euros e os recursos dos fondos europeos REACT-EU, dos que se recolle unha contía de 430 millóns de euros.

De non conter estas partidas extraordinarias estariamos ante uns orzamentos que en total rondarían os 10.448 millóns de euros un 3% máis que o orzamento de 2020, polo importante recurso á necesidade de financiamento dada a extraordinaria situación coxuntural.

Estes orzamentos terán como obxectivo manter o control socio sanitario da pandemia, paliar os seus efectos sobre todo nos más febles e recuperar a capacidade económica e emprego perdidos polo efectos da mesma. En efecto, as contas orzamentarias serán a panca transformadora e modernizadora da nosa estrutura económica que canalicen os novos fondos europeos, e que deben converter as nosas empresas e servicios públicos en máis competitivos, máis dixitais e máis sostibles.

Por último, estes orzamentos enmárcanse no ámbito do plan estratéxico de Galicia, do que se está elaborando nestes momentos o Plan Estratéxico de Galicia 2021-2027, e orientanse por tanto, á consecución dun modelo de crecemento económico baseado na innovación e no capital humano, que favoreza unha Galicia moderna e cohesionada social e territorialmente, que permita diminuír o desemprego, aumentar a produtividade e o benestar dos galegos colaborando a retomar a senda do crecemento demográfico.

II.1. INGRESOS

Os ingresos totais previstos para a Administración Xeral ascenden a 13.135 millóns de euros incrementándose en 1.593,8 millóns de euros, un 13,8% respecto aos do ano 2020, incrementándose os non financeiros nun 9,4% e os financeiros nun 39,4%.

Orzamento de Ingresos da Xunta de Galicia

Distribución económica

	Capítulos	2020	2021	Variación 2021/2020 Importe	%	Valor Relativo 2020	2021
I	Impostos directos	2.616.465	2.747.988	131.523	5,0	22,7	20,9
II	Impostos indirectos	3.637.903	3.337.412	-300.491	-8,3	31,5	25,4
III	Taxas, prezos e outros ingresos	105.225	90.246	-14.978	-14,2	0,9	0,7
IV	Transferencias correntes	2.802.204	3.561.385	759.181	27,1	24,3	27,1
V	Ingresos patrimoniais	2.721	2.244	-477	-17,5	-	-
OPERACIÓNS CORRENTES		**9.164.518**	**9.739.276**	**574.758**	**6,3**	**79,4**	**74,1**
VI	Alleamento de investimentos reais	90	90	0	-	-	-
VII	Transferencias de capital	682.196	1.032.921	350.725	51,4	5,9	7,9
OPERACIÓNS DE CAPITAL		**682.286**	**1.033.011**	**350.725**	**51,4**	**5,9**	**7,9**
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		**9.846.804**	**10.772.287**	**925.482**	**9,4**	**85,3**	**82,0**
VIII	Activos financeiros	2.680	2.213	-468	-17,4	-	-
IX	Pasivos financeiros	1.691.706	2.360.521	668.815	39,5	14,7	18,0
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS		**1.694.387**	**2.362.734**	**668.348**	**39,4**	**14,7**	**18,0**
	Total	**11.541.191**	**13.135.021**	**1.593.830**	**13,8**	**100,0**	**100,0**

(Miles de Euros)

- Os ingresos por operacións correntes increméntanse neste exercicio en 574,8 millóns de euros, un 6,3% máis co ano anterior. As causas do bo comportamento destes ingresos responde a dous factores:

Os impostos directos increméntanse nun 5%, derivado sobre todo do incremento das entregas a conta do IRPF nun 4% con respecto ao ano anterior. Neste capítulo tamén se incrementa o Imposto sobre o Patrimonio en 12,7 millóns de euros.

As transferencias correntes increméntanse nun 27,1%, derivado sobre todo de la dotación de la transferencia extraordinaria do Estado por 685,1 millóns de euros. Incrementáronse tamén as subvención finalistas procedentes do Estado nun 15%, así como as entregas a conta do Fondo de Garantía de Servizos Públicos Fundamentais nun 3,8% e a Liquidación do Fondo de Convergencia do 2019 nun 11,8%. Por último, neste capítulo dentro dos fondos europeos se dota el FSE REACT-EU con 64,8 millóns de euros e se incrementa a Iniciativa Emprego Xuvenil YEI nun 18,3%. EL Fondo Social Europeo do PO 2014-2020 diminúe respecto ao orzamentado no ano 2020.

- Os ingresos por operacións de capital dos capítulos VI e VII do orzamento de ingresos alcanza a cifra de 1.033 millóns de euros, increméntanse neste exercicio en 350,7 millóns de euros, un 51,4% máis co ano anterior.

As transferencia procedentes do Estado increméntanse respecto ao orzamentado en 2020. Por un lado, el Fondo de Compensación Interterritorial diminúe nun 9% e por outro as transferencias finalista do Estado increméntanse nun 11%.

Respecto ao fondos europeos, increméntanse en 343,6 millóns de euros, motivado pola dotación neste orzamento do fondo FEDER REACT-EU por 364,8 millóns de euros.

Dentro dos ingresos financeiros, os activos reducen o seu importe ata os 2,2 millóns de euros e os pasivos incrementan o seu importe ata os 2.360,5 millóns de euros debido ao incremento do endebedamento do 0,1% deste ano ao 1,1% do PIB (684,9 millóns de euros).

Por último engadir que, da mesma forma que o realizado nos orzamentos precedentes, os ingresos dos organismos estatutarios preséntase nos cadros desta memoria de forma agregada aos ingresos da Administración Xeral.



II.1.1. SISTEMA DE FINANCIAMENTO AUTONÓMICO

Trala entrada en vigor da Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con Estatuto de Autonomía e modifícanse determinadas normas tributarias, intégrase o financiamento da totalidade dos servizos traspasados ás comunidades autónomas a través dos tributos cedidos que determinan a capacidade tributaria, da transferencia do Fondo de Garantía de Servizos Públicos Fundamentais e do Fondo de Suficiencia Global.

Ademais, co obxectivo de aproximar ás comunidades autónomas de réxime común en termos de financiamento por habitante axustado e favorecer a igualdade, así como para favorecer o equilibrio económico territorial, créanse dous novos fondos de converxencia autonómica, o Fondo de Competitividade e o Fondo de Cooperación, fondo este último no que participa a

Comunidade Autónoma de Galicia. No artigo 24 da antedita lei, disponse que esta participación farase efectiva no momento en que se liquiden o resto dos recursos do sistema, polo que no ano 2021 liquidarase o ano 2019.

CAPACIDADE TRIBUTARIA

A Lei 22/2009, do 18 de decembro, determina que a capacidade tributaria de cada comunidade autónoma estará formada polos seguintes recursos:

1. Recadación dos tributos totalmente cedidos: Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados, Imposto sobre Sucesións e Doazóns, Imposto Especial sobre Determinados Medios de Transporte, Tributos sobre o xogo e Taxas afectas aos servizos traspasados.
2. A tarifa autonómica do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas dos residentes na comunidade autónoma, correspondente a unha participación autonómica do 50% no rendemento deste imposto.
3. Cesión do 50% da recadación líquida producida polo Imposto sobre o Valor Engadido correspondente a cada comunidade autónoma, determinado mediante o índice de consumo certificado polo INE.
4. Cesión do 58% da recadación líquida dos Impostos Especiais sobre a Cervexa, Produtos Intermedios, Alcohol e Bebidas Derivadas segundo o índice de consumo certificado polo INE e cesión do 58% da recadación líquida polo Imposto sobre Hidrocarburos derivada da aplicación do tipo estatal xeral, segundo o índice de entregas de gasolinas, gasóleos e fuelóleos segundo datos do Ministerio para a Transición Ecolóxica ponderados polos correspondentes tipos impositivos.
5. Cesión do 58% da recadación líquida polo Imposto sobre os Elaborados do Tabaco, segundo o índice de ventas a expendedurías da comunidade autónoma, certificados polo Comisionado para o Mercado de Tabacos, ponderados polos correspondentes tipos impositivos.
6. Cesión do 100% da recadación líquida derivada do tipo estatal especial do Imposto sobre Hidrocarburos e do Imposto Especial sobre a Electricidade distribuídos segundo os índices de entregas e de consumo establecidos, respectivamente.

O financiamento derivado dos tributos parcialmente cedidos, polo tipo estatal especial do Imposto sobre Hidrocarburos e polo Imposto sobre a Electricidade recíbese do Estado mediante entregas a conta, que supoñen o 98% da base de cálculo, por doceavas partes mensuais, a conta da liquidación definitiva que se practicará cando se coñezan tódolos datos do sistema.

Os recursos procedentes do sistema de financiamento autonómico constitúen a partida que dentro do total de recursos non financeiros de Galicia ten maior importancia (con carácter xeral supoñen en torno o 80% dos ingresos non financeiros totais).

O cálculo dos recursos do sistema de financiamento realízase pola comunidade autónoma en base á comunicación provisional dos recursos do sistema de financiamento do Ministerio

de Hacienda, xa que esta é a que debe lucir nos estados orzamentarios de gasto dos PGE e de ingreso dos orzamentos da comunidade autónoma.

No ano 2021 o total de recursos procedentes do sistema de financiamento autonómico diminuirá nun -1,6% respecto aos importes consignados por estas partidas no Orzamento do ano anterior.

É preciso recordar que para realizar o Orzamento do ano 2020, ante a falta de comunicación por parte do Ministerio de Hacienda das entregas a conta do dito ano e da liquidación provisional do ano 2018, os servizos da Consellería de Facenda tiveron que estimar os respectivos importes.

As entregas a conta definitivas do ano 2020 foron determinadas polo Ministerio de Hacienda en marzo de este ano, a través do Real Decreto Lei 7/2020, de 12 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes para responder ao impacto económico da COVID-19, ascendendo o importe das entregas a conta de Galicia a 7.594,6 millóns de euros, un 0,8% menos que a cantidade prevista no Orzamento do ano 2020.

De modo que si se comparan as entregas a conta do ano 2020 definitivas coas comunicadas polo Ministerio de Hacienda para o vindeiro exercicio, en outubro de este ano, a caída é dun -0,5%, -37,2 millóns de euros menos.

En canto á liquidación do ano 2019 a estimación provisional comunicada polo Ministerio é de 376,3 M€, un 6% menos que o importe consignado no Orzamento do anterior, e un 7,6% menos que a liquidación definitiva do ano 2018 comunicada en xullo de este ano.

IRPF

En relación ao Imposto sobre a Rendas das persoas físicas, por un lado, en canto ás entregas a conta do exercicio 2021o seu importe é de 2.327,83 millóns de euros, é dicir, un 4% máis que o importe inicial consignado nos Orzamentos do ano 2020. Pero si se compara coa cantidade que se vai recibir realmente en 2020 (importes actualizados polo Real Decreto Lei de marzo) as entregas a conta do IRPF diminúen nun -0,2%, en 5,5 millóns de euros.

Por outra parte, estarían as liquidacións do sistema. Inclúese a liquidación provisional do exercicio 2019, comunicada en outubro deste ano polo Ministerio por importe de 190,5 millóns de euros. E minorándoa figura o reintegro das 12 mensualidades correspondentes á liquidación negativa do sistema do exercicio 2009.

IVE

A recadación total prevista para o Imposto sobre o Valor Engadido para o vindeiro ano ascende a 2.055,8 millóns de euros, e debe analizarse desde o comportamento que experimentan os seus compoñentes.

En primeiro lugar, as entregas a conta sofren unha forte caída dun -7,3%, en liña co peor comportamento que está a ter este imposto como consecuencia da pandemia. Non obstante dita caída redúcese ata o 4% si se compara cos importes actualizados en marzo polo Ministerio.

Nun segundo lugar, en canto ás liquidacións de exercicios anteriores o seu importe é de -85,4 millóns de euros e integra tanto o reintegro das liquidacións negativas dos anos 2008 e 2009 como a liquidación provisional do ano 2019, os seus importes respectivamente son os seguintes: -23,7 e -61,7 millóns de euros.

IIEE

Os impostos especiais recibidos como entrega a conta son o de Alcol e Bebidas Derivadas, Cervexa, Elaborados de Tabaco, Produtos Intermedios, Electricidade e o Imposto sobre Hidrocarburos respecto dos que se estima unha previsión conxunta de entregas a conta por un importe total de 923,7 millóns de euros, un descenso do -6,3% sobre o presupostado no exercicio 2020. O dito descenso redúcese ata o -2,1% si se compara coas cifras comunicadas en marzo polo Ministerio.

En canto a liquidación de exercicios anteriores, a liquidación provisional do ano 2019 estímase en -19,5 millóns de euros, un 30% menos que a cantidade orzamentada no ano anterior: -27,7 millóns de euros.

TRANSFERENCIA DO FONDO DE GARANTÍA DE SERVIZOS PÚBLICOS FUNDAMENTAIS

Ten por obxecto asegurar que cada comunidade autónoma recibe os mesmos recursos por habitante axustado para financiar os servizos públicos fundamentais, configurado como un mecanismo de garantía no que participan todas as comunidades autónomas cunha porcentaxe dos seus recursos tributarios, en termos normativos, e o Estado con recursos adicionais.

É dicir, o Fondo de Garantía de Servizos Públicos Fundamentais, componse de:

- 75% dos recursos tributarios cedidos ás comunidades autónomas, en termos normativos e debidamente homoxeneizados.
- Achega de recursos adicionais por parte do Estado. Para cada exercicio, esta achega calcúlase aplicándolle ao importe fixado no ano base do sistema, ano 2007, o índice de evolución dos Ingresos Tributarios do Estado (ITE) entre este e o ano de cálculo.

No ano base, a achega de recursos adicionais por parte do Estado, establecidos no artigo 5 e 6 da Lei 22/2009, totalizaron 8.055 millóns de euros que evolucionan segundo a variación do ITE 2021 e o ITE 2007 calculada polo ministerio.

Hai que sinalar que cada comunidade autónoma participa neste Fondo de Garantía en función dunha serie de variables que determinan a súa poboación axustada ou unidade de necesidade, nos termos establecidos no artigo 9 da Lei 22/2009: poboación, superficie, dispersión, insularidade, poboación protexida equivalente distribuída en sete grupos de idade, poboación maior de sesenta e cinco anos e poboación entre cero e dezaseis anos.

A transferencia a recibir do Fondo de Garantía defínese como a diferenza, positiva ou negativa, entre o importe da participación da comunidade autónoma no importe total do fondo e o 75% dos seus recursos tributarios en termos normativos. Farase efectiva mediante entregas a conta mensuais por doceavas partes e será obxecto da liquidación definitiva correspondente.

En 2021 as entregas a conta do Fondo de Garantía incrementaranse nun 3,8% respecto a cantidade orzamentada neste exercicio, ata os 1.565,1 millóns de euros. O incremento é dun 5,3% si se compara coas entregas a conta realmente recibidas neste ano (1.486,5 millóns de euros).

En canto a liquidación do Fondo de Garantía do ano 2019 estímase que o seu importe ascenderá a 22,5 millóns de euros, é dicir, un 73,7% menos que o importe inicial do orzamento do ano anterior

FONDO DE SUFICIENCIA GLOBAL

Configurado como mecanismo de peche do sistema de financiamento, cobre a diferenza entre as necesidades de financiamento de cada comunidade autónoma e a suma da súa capacidade tributaria e transferencia do Fondo de Garantía, no ano base 2007. Foi calculado inicialmente de forma provisional para Galicia por importe de 1.496,6 millóns de euros, cantidade que foi aceptada no acordo da Comisión Mixta de Transferencias Administración do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia.

Sen embargo, segundo o artigo 10.2 da Lei 22/2009, o Fondo de Suficiencia Global foi obxecto dunha primeira regularización, para o cumprimento do obxectivo sinalado no artigo 5 da mesma lei: compáranse as necesidades globais de financiamento de cada comunidade autónoma (recursos do sistema de financiamento da Lei 21/2001 e recursos adicionais do artigo 5 da nova lei) coa suma da capacidade tributaria e a transferencia do Fondo de Garantía de Servizos Públicos Fundamentais que corresponden a cada comunidade autónoma en valores do ano 2009, en garantía do "status quo" establecido na lei.

Por último, e segundo o establecido no artigo 10.3 da mesma lei, no momento da incorporación dos recursos adicionais descritos no artigo 6, no ano 2012, determinouse o Fondo de Suficiencia Global de cada comunidade autónoma para o ano 2010, regularizándose definitivamente o correspondente ao ano base.

Para isto, partiuse das necesidades globais de financiamento de cada comunidade correspondentes ao exercicio 2010 unha vez incrementadas cos recursos adicionais establecidos no

artigo 6, para Galicia, 7.271,4 millóns de euros, comparándoas coa suma da capacidade tributaria, 5.015,3, e a transferencia positiva do Fondo de Garantía de Servizos Públicos Fundamentais en valores do ano 2010 calculada a partir da achega definitiva do Estado a este fondo no ano base, 1.153,1 millóns de euros. Por diferenzas, o Fondo de Suficiencia Global para Galicia no ano 2010 queda establecido en 1.102,9 millóns, importe que se converte en valores do ano base mediante a aplicación da variación entre o ITE 2010 e o ITE 2007: 0,9308, regularizándose definitivamente o Fondo de Suficiencia Global para Galicia en 2007 por importe de 1.184,9 millóns de euros.

Sen embargo, para o cálculo da entrega a conta do Fondo de Suficiencia Global para o exercicio 2021 pártese dese importe calculado en 2010, no ano base, pero reducido nas re-visións por variacións nos tipos impositivos estatais dos Impostos Especiais de Fabricación e IVE entre os anos 2011 e 2018 e pola supresión do Imposto sobre o Patrimonio en 2011.

De esta forma estímase que no ano 2021 o importe da entrega a conta do Fondo de Suficiencia é de 599,6 millóns de euros (un 2,7% menos que o ano anterior), pero practicamente a mesma cantidade que a cifra comunicada en marzo na actualización das entregas a conta para este ano (un -0,1%), xa que se estiman ITE semellantes e non son de aplicación novas revisións do Fondo de Suficiencia..

En canto a liquidación do ano 2019 estímase un importe negativo de -6,4 millóns de euros, e dicir, 14,6 millóns menos que a cantidade orzamentada no exercicio 2020. Por outra parte, tamén hai que ter en conta que as liquidacións negativas do Fondo de Suficiencia xeradas nos anos 2008 e 2009 foron moi importantes (case alcanzaron os 1.500 millóns de euros) de modo que cada ano hai que reintegrar por este concepto uns 58,2 millóns de euros. Polo que o importe total das liquidacións de exercicios anteriores do Fondo de Suficiencia en 2021 ascende a -64,6 millóns de euros.

FONDOS DE CONVERXENCIA AUTONÓMICA

Para favorecer a converxencia entre comunidades autónomas e o desenvolvemento daquelas que teñan menor renda per cápita, a Lei 22/2009 creou dous novos fondos dotados con recursos adicionais do Estado.

Polas súas características, Galicia cumpre os requisitos exixidos do seguinte:

FONDO DE COOPERACIÓN

Para completar o sistema de financiamento na busca da mellora do estado de benestar e cumprindo co obxectivo último de equilibrar e harmonizar o desenvolvemento rexional es-timulando o crecemento da riqueza e converxencia rexional en termos de renda, créase un Fondo de Cooperación das que serán beneficiarias aquelas comunidades autónomas que cumpran as condicións establecidas na lei.

A disposición transitoria segunda da Lei 22/2009, autorizaba ao Ministro de Economía y Hacienda para que acordase a concesión de anticipos, a conta deste fondo, que se cancelarían cando se practicasen as liquidacións definitivas, para os anos 2009, 2010 e 2011. Para o resto de anos, sen embargo, a participación neste fondo liquidarase no momento de liquidar a totalidade dos recursos do sistema, cos datos das variables existentes nese momento. Debido a isto, neste exercicio non se recibirán ingresos por este concepto, senón que a participación neste fondo en 2021 recibirase coa liquidación do resto dos recursos, en 2023.

Si se recibirá a liquidación do Fondo de Cooperación correspondente ao ano 2019; segundo o comunicado remitido en outubro deste ano polo Ministerio a participación de Galicia en dito Fondo estímase en 250,9 millóns de euros, o cal supón un incremento dun 17,9% respecto da liquidación definitiva comunicada en xullo. Este incremento soamente pode deberse a que o Ministerio estime que una das CCAA que resultou beneficiaria deste Fondo na liquidación do ano 2018 deixe de cumprir os requisitos para beneficiarse do primeiro ou do segundo subfondo deste Fondo, xa que o incremento do ITE do ano 2019 respecto ao do ano 2018 non é tan importe.

Neste sentido o ITE do ano 2018 respecto ao ano base 2007 foi do 1,0915 e en cambio, segundo datos comunicados polo Ministerio, o ITE provisional do ano 2019 ascende ata 1,1597, aplicando dito ITE ao Fondo de Cooperación do ano 2019 a participación de Galicia sería de 226,1 millóns de euros, cifra moi inferior aos 250,9 millóns comunicados polo Ministerio.

LIQUIDACIÓN DE EXERCICIOS ANTERIORES

En canto as liquidacións de exercicios anteriores, por unha parte, en relación ao importe total das liquidacións correspondentes aos exercicios 2008 e 2009 ascende a 2.174,3 millóns de euros.

Segundo establece a disposición adicional trixésima sexta da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para 2012, segundo redacción dada pola disposición derradeira primeira do Real-Decreto Lei 12/2014, do 12 de setembro, o prazo de reintegro de estas liquidacións é de 20 anos dende 2012, polo que no ano 2021 hai que reintegrar 18,9 millóns de euros como consecuencia da liquidación negativa do ano 2008 e 65,9 millóns de euros polo ano 2009, en total 84,8 millóns de euros.

Cabe destacar que estas liquidacións son obxecto de axuste positivo, polo mesmo im-porte que se inclúe como devolución do ano, para conciliar o saldo orzamentario co saldo de contabilidade nacional.

Respecto a liquidación do ano 2019, que se practicará durante o ano 2021, por diferenza entre o rendemento definitivo dos recursos e as entregas a contas satisfeitas de todos os recursos do sistema de financiamento autonómico (agás o Fondo de Cooperación que non segue dito esquema de entregas a conta e liquidación aos dous ano) o seu importe estímase en 376,3 millóns de euros, un 7,6% menos que a liquidación definitiva do ano 2018.

Se do importe estimado de liquidación provisional do ano 2019 descóntase as cantidades a reintegrar polas liquidacións negativas dos anos 2008 e 2009 o importe total ascende a 291,5 millóns de euros.

Recursos do sistema de financiamento suxeitos a liquidación				
			Variación 2021/2020	
	2020	2021	Importe	%
Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (50%)	2.238.605	2.327.835	89.229	4,0%
Imposto sobre o Valor Engadido (50%)	2.310.082	2.141.199	-168.883	-7,3%
Impostos Especiais (58% e 100%)	985.410	923.757	-61.652	-6,3%
Fondo de Suficiencia Global	616.409	599.587	-16.822	-2,7%
Fondo de Garantía Servizos Públicos Fundamentais	1.508.218	1.565.076	56.858	3,8%
Entregas a conta	**7.658.723**	**7.557.453**	**-101.270**	**-1,3%**
Anualidade Liquidación Exercicio 2008	-18.900	-18.900	0	0,0%
Anualidade Liquidación Exercicio 2009	-65.907	-65.907	0	0,0%
Liquidación Exercicio 2018/2019	400.527	376.337	-24.190	-6,0%
Liquidacións exercicios anteriores	**315.720**	**291.530**	**-24.190**	**-7,7%**
Total recursos sistema de financiamento suxeitos a liquidación	**7.974.443**	**7.848.983**	**-125.460**	**-1,6%**

(Miles de Euros)

II.1.2. ANÁLISE POR CAPÍTULOS

CAPÍTULO I. IMPOSTOS DIRECTOS

Os ingresos deste capítulo ascenden a 2.748 millóns de euros incrementándose nun 5% respecto aos do ano anterior.

CAPÍTULO I. Impostos directos

Distribución económica. Variación 2021-2020						
			Variación 2021/2020		Valor Relativo	
Conceptos	2020	2021	Importe	%	2020	2021
100 Tarifa autonómica sobre a renda das persoas físicas	2.392.145	2.515.460	123.315	5,2	91,4	91,5
110 Imposto sobre sucesións e doazóns	130.185	122.637	-7.549	-5,8	5,0	4,5
111 Imposto sobre o patrimonio	71.468	84.202	12.734	17,8	2,7	3,1
112 Imposto sobre os depósitos nas entidades de crédito	22.387	25.518	3.131	14,0	0,9	0,9
120 Imposto compensatorio ambiental mineiro	280	171	-109	-38,8	0,0	0,0
Total	**2.616.465**	**2.747.988**	**131.523**	**5,0**	**100,0**	**100,0**

(Miles de Euros)

A análise dos recursos obtidos polo IRPF xa foi obxecto de análise no epígrafe correspondente ao sistema de financiamento autonómico. De todos modos, en conxunto e en comparación coas cifras previstas en 2020, o IRPF increméntase en 123,3 millóns de euros, un 5,2% máis.

En canto o Imposto sobre Sucesións e Doazóns a cifra recadatoria prevista para o ano 2020 era de case 130'2 millóns de euros, unha cifra similar á do ano inmediato anterior, aínda que nela se impactaba a elevación da redución aplicable ao grupo II de 400.000 a 1.000.000€ así como unha caída nas liquidacións como consecuencia das reducións normativas establecidas nos anos anteriores.

A cifra recadatoria prevista para o ano 2021 é de 122'6 millóns de euros, cifra similar á esperada para o ano 2020 en situación de normalidade, aínda que ven impactada unha parte da elevación da redución aplicable ao grupo II de 400.000 a 1.000.000€, medida que segue na senda, xa iniciada no 2016, dirixida ao mantemento do patrimonio familiar e a capacidade económica da familia. Por outra banda, a cifra leva tamén impactada a correspondente caída das liquidacións como consecuencia das medidas normativas de establecemento de beneficios fiscais aprobadas nos anos anteriores.

A previsión de recadación do Imposto sobre o Patrimonio ascendía para 2020 a case 71,5 millóns de euros, como consecuencia da redución da tarifa do imposto nun 20%. Para o ano 2021 prevese recadar case 84'2 millóns de euros, o que supón un incremento con respecto aos orzamentos do ano 2020 dun 17,9%. Este incremento débese, basicamente, a que a modificación dos tipos de gravame da escala para o cálculo da cota íntegra establecidos no artigo 3 da Lei 3/2018, de 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas que reduce nun 20% a escala do imposto non tivo o impacto esperado na recadación das autos do ano 2020 pola aplicación do límite da cota íntegra.

Ademais desde que no ano 2011 se restableceu con carácter temporal o Imposto sobre o Patrimonio cada ano se modificou a Lei reguladora deste imposto, a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do Imposto sobre o Patrimonio, co obxecto de ir demorando a bonificación do 100% un ano máis. De modo que o restablecemento deste imposto que, nun principio, era so para os anos 2011 e 2012, leva dez anos ininterrompidos gravando aos contribuíntes. Pois segundo consta no proxecto de presupostos xerais do Estado para o ano 2021, introdúcese no mesmo unha disposición derrogatoria co fin de eliminar o seu carácter temporal e establecelo xa con carácter indefinido.

Inclúense 25,5 millóns de euros da recadación esperada polo Imposto sobre os Depósitos nas Entidades de Crédito. Este imposto foi creado, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2013, pola Lei 16/2012, do 27 de decembro, pola que se adoptan diversas medidas tributarias dirixidas á consolidación das finanzas públicas e ao impulso da actividade económica, modificada polo Real Decreto-Lei 8/2014, do 4 de xullo, coa pretensión de asegurar un tratamento fiscal harmonizado que garante unha maior eficiencia no funcionamento do sistema financeiro así como unha tributación harmonizada dos depósitos constituídos nas entidades de crédito en todo o territorio español.

O Imposto sobre os Depósitos nas Entidades de Crédito é un tributo de carácter directo que grava os depósitos constituídos nas entidades de crédito, constituíndo o feito impoñible o mantemento de fondos de terceiros que comporten a obriga de restitución, a excepción dos

fondos mantidos en sucursais fóra do territorio español. O período impositivo será o ano natural e o imposto devindicarase o último día do período, de forma que a recadación do imposto de 2020 producirase ao longo do exercicio 2021. Ademais, establécese un sistema obrigatorio de pagamentos a conta, de forma que os contribuíntes teñen que presentar unha autoliquidación do imposto no mes de xullo de cada exercicio, por importe do 50% da contía resultante de aplicar o tipo de gravame á base impoñible do período impositivo anterior. Neste exercicio a cantidade esperada increméntase ata 25,5 millóns de euros, un 14% máis que a previsión de recadación do ano 2020.

Por outra banda, recóllese o importe da recadación do Imposto Compensatorio Ambiental Mineiro, creado pola Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas. Trátase dun imposto propio da comunidade autónoma, directo, real, obxectivo e orientado a unha finalidade extrafiscal. Está orientado a compensar as externalidades negativas xeradas pola actividade mineralúrxica de extracción, explotación e almacenamento de minerais metálicos, que se desenvolva e poida desenvolverse en Galicia. Prevese un mantemento das circunstancias existentes que dan lugar á devindicación deste imposto compensatorio, que levará unha recadación asociada duns 171.000 €.

Por último, en canto ao Canon de inmobles declarados en estado de abandono, este canon, que entrou en vigor no ano 2020 e que comezaría ingresarse no ano 2021 está asociado aos inmobles declarados en estado de abandono nos ámbitos territoriais en que estea declarada unha área de rexeneración urbana de interese autonómico. O proceso regulado na lei é complexo e longo, o que fai que no ano 2020 aínda estean en proceso as tres áreas Rexurbe declaradas, Mondoñedo, Ribadavia e A Coruña.

Polo tanto aínda non hai ningunha declaración de inmobles en estado de abandono nestas áreas polo que a recadación esperada para o ano 2021 é cero.

CAPÍTULO II. IMPOSTOS INDIRECTOS

A previsión de ingresos derivados de impostos indirectos sitúase en 3.637,9 millóns de euros para o exercicio 2021 o que supoñe unha diminución do 8,3% respecto ao ano anterior

CAPÍTULO II. Impostos indirectos

Distribución económica. Variación 2021-2020

Conceptos	2020	2021	Variación 2021/2020 Importe	%	Valor Relativo 2020	2021
200 Sobre transmisións inter vivos	218.371	177.785	-40.586	-18,6	6,0	5,3
201 Sobre actos xurídicos documentados	91.191	74.736	-16.454	-18,0	2,5	2,2
210 Imposto sobre o valor engadido	2.239.936	2.055.794	-184.143	-8,2	61,6	61,6
220 Impostos especiais	988.933	935.425	-53.508	-5,4	27,2	28,0
230 Taxas fiscais sobre o xogo	53.291	48.041	-5.250	-9,9	1,5	1,4
231 Imposto sobre actividades de xogo	8.708	8.374	-335	-3,8	0,2	0,3
291 Imposto sobre a contaminación atmosférica	1.973	1.116	-857	-43,4	0,1	0,0
292 Imposto sobre o dano ambiental da auga encorada	12.817	13.596	779	6,1	0,4	0,4
293 Canon eólico	22.683	22.547	-136	-0,6	0,6	0,7
Total	**3.637.903**	**3.337.412**	**-300.491**	**-8,3**	**100,0**	**100,0**

(Miles de Euros)

En relación ao Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados estímase que o vindeiro ano os dereitos que se esperan recoñecer por dito imposto redúcense nun -18,4% respecto ao orzamento do ano anterior, pero hai que ter en conta que a previsión deste ano é que os dereitos recoñecidos soamente acaden o 70% da previsión inicial, como consecuencia da parálise que sufriu a economía durante gran parte deste ano (a previsión é que en 2020 o PIB de Galicia se reduza nun -9,7%) e que este é un imposto moi vencellado ao ciclo económico.

Na súa modalidade de transmisións patrimoniais onerosas experimenta unha diminución de 40'6 millóns de euros con respecto ao orzamento de 2020. Os efectos que a pandemia do SARS-CoV-2 está a ter no mercado inmobiliario, cunha redución das operacións inmobiliarias debido á incerteza existente fan que para o 2021 estímese unha cifra de dereitos recoñecidos de 177'8 millóns de euros.

Polo que respecta á cifra correspondente á modalidade de actos xurídicos documentados, prevese que no 2021 alcance os 74'7 millóns de euros, en liña coa redución prevista na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas. A causa desta diminución coincide coa referida na modalidade de transmisións patrimoniais

Respecto ao IVE este imposto xa foi obxecto de análise no epígrafe correspondente do sistema de financiamento autonómico.

Con respecto aos Impostos Especiais é necesario diferenciar os suxeitos a liquidación do Imposto sobre determinados Medios de Transporte. Os impostos especiais suxeitos a liquidación son os seguintes: o de Alcohol e Bebidas Derivadas, Cervexa, Elaborados de Tabaco, Produtos Intermedios, Electricidade e os tipos estatais do Imposto sobre Hidrocarburos e xa foron comentados no epígrafe do sistema de financiamento.

E polo Imposto Especial sobre Determinados Medios de Transporte prevese recadar un importe de 31,1 millóns de euros, é dicir, practicamente a mesma cantidade que o previsto para o ano 2020, pois apenas experimenta unha redución do 0'5 %.

Dentro dos tributos sobre o xogo figuran por unha parte as Taxas Fiscais sobre o Xogo (TFX), que se axustan á realidade da evolución do sector do xogo, cunha recadación prevista de 48 millóns de euros, cifra inferior á orzamentada para o ano 2020, como consecuencia da caída producida en todo o sector do xogo presencial polo impacto das medidas extraordinarias de restrición para facer fronte á crise sanitaria producida polo SARS-CoV-2 e na que se impacta tamén a bonificación fiscal aprobada para paliar os efectos tidos no sector do xogo polo cese forzado da súa actividade durante o estado de alarma declarado en marzo de 2020 e as restricións ao desenvolvemento da súa actividade no período subseguinte ao levantamento daquel.

Por outra parte, inclúese a recadación esperada, 8'4 millóns de euros, polo Imposto sobre Actividades de Xogo, que recolle aos realizados a través de canles electrónicos, informáticos, telemáticos e interactivos e nos que os medios presenciais deberán ter un carácter accesorio, segundo o establecido pola Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, e a recibir trimestralmente pola comunidade autónoma. A cifra impactada recolle unha diminución do 3'4% respecto ao orzamento do 2020, xa que, aínda que a incidencia foi moito menor que no xogo presencial, o SARS-CoV-2 tamén impactou no xogo electrónico, no que teñen unha gran preponderancia as apostas deportivas, que diminuíron como consecuencia da suspensión dos encontros deportivos.

O Imposto sobre a Contaminación Atmosférica que recae sobre as emisións de determinadas sustancias contaminantes segue a súa tendencia á baixa debido aos peches producidos e previstos de varias instalacións industriais con fortes emisións á atmosfera, de xeito que a recadación esperada para o ano 2021 fíxase en torno aos 1'1 millóns de euros.

O Imposto sobre o Dano Medioambiental de Augas Encoradas axusta a súa previsión de ingresos para 2021 na cifra de recadación esperada de case 13,6 millóns de euros, o que supón un incremento dun 6% como consecuencia de axustes nos ritmos de ingresos das liquidacións derivadas das actuacións de comprobación tributaria, pendentes de resolución xudicial.

O Canon Eólico, creado pola Lei 8/2009, do 22 de decembro, cuxo feito impoñible constitúeo a xeración de afeccións e impactos visuais e ambientais adversos sobre o medio natural e sobre o territorio, como consecuencia da instalación en parques eólicos de aeroxeradores afectos á produción de enerxía eléctrica e situados en territorio galego, mantense neste exercicio nunha cifra practicamente idéntica á do ano anterior, con 22,5 millóns de euros.

CAPÍTULO III. TAXAS, PREZOS E OUTROS INGRESOS

A previsión de ingresos neste capítulo ascende a 90,2 millóns de euros reducíndose nun -14,2% respecto á do ano anterior, fundamentalmente como consecuencia dos efectos da crise provocada pola pandemia nos ingresos propios da Xunta de Galicia.

O conxunto das taxas alcanza os 18,7 millóns de euros en 2021. Isto supón unha redu-ción dun -7,1% sobre o ano anterior, principalmente, para adecuar as previsións de recada-ción ao novo contexto provocado pola COVID-19 e tamén a que decidiuse que o vindeiro ano os tipos das taxas de contía fixa vixentes na Comunidade Autónoma de Galicia non ex-perimentarán ningunha actualización respecto ás contías exixibles neste momento. Ademais tense en conta as modificacións introducidas na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia que obedecen, ben a creación de novas taxas ou ben a modificación das vixentes.

Os prezos, considerando tanto os públicos como os privados, estímase que terán un me-llor comportamento, reducíndose nun -1,2% alcanzando os 29 millóns de euros en 2021. No conxunto dos prezos destacan os da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (princi-palmente derivados de Comedores escolares e das Escolas de idiomas) e os da Consellería de Política Social (derivados fundamentalmente das residencias da terceira idade) que practicamente manteñen as mesmas cifras do ano anterior. A suma dos importes dos prezos que aplican estas dúas consellerías representan case o 88% da previsión de ingresos por prezos correspondente ao 2021.

Por último dentro deste capítulo, cabe destacar a presencia dos seguintes ingresos: reinte-gros, os xuros de demora, as multas e sancións tributarias, as sancións das consellerías, os re-cargos de constrinximento, etc. de modo que no ano 2021 por todos estes conceptos prevese recadar uns 42,5 millóns de euros, un 23,7% menos que neste ano.

CAPÍTULO III. Taxas, prezos e outros ingresos

Distribución económica. Variación 2021-2020

Conceptos	2020	2021	Variación 2021/2020 Importe	%	Valor Relativo 2020	2021
301 Taxas por servizos administrativos	7.679	6.919	-760	-9,9	7,3	7,7
302 Taxas por servizos profesionais	12.339	11.679	-661	-5,4	11,7	12,9
303 Taxas por venda de bens	43	38	-5	-10,9	0,0	0,0
304 Taxas por dominio público	78	80	2	2,0	0,1	0,1
311 Prezos públicos	25.856	25.523	-333	-1,3	24,6	28,3
312 Prezos privados	3.515	3.502	-13	-0,4	3,3	3,9
343 De sociedades públicas e outros entes públicos da Comunidade Autónoma	555	736	182	32,8	0,5	0,8
380 Reintegros de exercicios pechados	14.014	12.300	-1.714	-12,2	13,3	13,6
381 Reintegros de exercicio corrente	3.720	1.700	-2.020	-54,3	3,5	1,9
391 Recargas e multas	13.600	10.650	-2.950	-21,7	12,9	11,8
392 Sancións impostas polas conselle-rías	18.721	13.901	-4.820	-25,7	17,8	15,4
399 Ingresos diversos	5.104	3.219	-1.885	-36,9	4,9	3,6
Total	**105.225**	**90.246**	**-14.978**	**-14,2**	**100,0**	**100,0**

(Miles de Euros)

CAPÍTULO IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES

No ano 2021 a previsión de ingresos por transferencias correntes ascende 3.561,385 millóns de euros, o que representa un incremento dun 27,1% respecto ao orzamento do ano 2020.

CAPÍTULO IV. Transferencias correntes

Distribución económica. Variación 2021-2020

Conceptos	2020	2021	Variación 2021/2020 Importe	%	Valor Relativo 2020	2021
400 Participación no sistema de finan-ciamento	2.384.724	3.058.551	673.827	28,3	85,1	85,9
401 Da Seguridade Social	101.100	107.000	5.900	5,8	3,6	3,0
402 De organismos autónomos do Estado	176.416	218.519	42.103	23,9	6,3	6,1
403 De empresas e entes públicos do Estado	0	204	204	0,0	0,0	0,0
404 Subvencións finalistas da Adminis-tración xeral	37.399	37.829	430	1,2	1,3	1,1
470 De empresas privadas	84	0	-84	-100,0	0,0	0,0
490 Fondo social europeo. Programa operativo	94.139	129.757	35.618	37,8	3,4	3,6
493 Interreg III e outras Iniciativas 2007-2013 e 2014-2020	546	429	-117	-21,4	0,0	0,0
496 Iniciativa de emprego xuvenil. YEI	7.651	9.051	1.400	18,3	0,3	0,3
499 Outras transferencias da Unión Europea	144	45	-99	-68,8	0,0	0,0
Total	**2.802.204**	**3.561.385**	**759.181**	**27,1**	**100,0**	**100,0**

(Miles de Euros)

Neste apartado inclúense as transferencias recibidas do Estado polos recursos do sistema de financiamento autonómico, é dicir, polas entregas a conta do Fondo de Suficiencia Global, a

transferencia do Fondo de Garantía de Servizos Públicos Fundamentais, as liquidacións de ditos Fondos e a liquidación do Fondo de Cooperación. A contía dos importes que se esperan recibir por ditos Fondos no vindeiro ano xa foron analizados no apartado relativo ao sistema de financiamento autonómico.

Por outra parte, o próximo exercicio as CCAA recibirán unha transferencia extraordinaria por parte do Estado por importe de 13.486 millóns de euros, tal e como consta no Proxecto de PGE para o ano 2021. O obxectivo da dita transferencia é asumir a metade do déficit estimado para o exercicio 2021 das CCAA de réxime común. E dicir, o Consejo de Ministros fixou inicialmente a taxa de referencia de 2021 para as CCAA nun 2,2% e como consecuencia da dita transferencia extraordinaria redúcese ata o 1,1%.

Ante a falta de concreción por parte do Ministerio de Hacienda de como se van a repartir ditos recursos entre as CCAA estímase que o dito importe ascenderá a uns 685,1 millóns de euros, resultado de aplicar aproximadamente o 1,1% ao PIB estimado de Galicia en 2021. E dicir, aproximadamente a mesma cantidade que si os ditos recursos viñeran como necesidade de financiamento.

As subvencións de carácter finalista do Estado increméntanse nun 15%. Igual que nos orzamentos de anos anteriores, figuran detalladas segundo a orixe da transferencia, diferenciando si proceden da Seguridade Social, da administración xeral, dos organismos autónomos ou de empresas e demais entes do Estado, e segundo a liña de actuación de que se trate, o que permite un maior seguimento dos ingresos en correlación cos créditos que financian.

Para a estimación do importe previsto para 2021 partiuse das cantidades aprobadas para 2020 nos distintos Acordos do consello de Ministros polos que se formalizan os criterios de distribución e os compromisos financeiros resultantes das Conferencias Sectoriais e en diversos Convenios firmados.

Destacan as destinadas á atención da dependencia, que se incrementan respecto ao ano anterior en 5,9 millóns de euros. Estes créditos, que financian o sistema nacional de Dependencia, non integran a totalidade dos conceptos, posto que segue suspendida a achega do Estado correspondente ao nivel acordado. Con efectos desde o 1 de xullo de 2015 completouse a aplicación da Lei 39/2006, do 14 de decembro, a tódolos graos de dependencia, ao facerse efectivo o dereito ás prestacións das persoas valoradas co Grao I Dependencia Moderada, segundo o calendario de aplicación progresiva da lei. Na actualidade Galicia presenta un superávit respecto ao que aporta e recibe da bolsa de reparto común para todas as comunidades autónomas, xa que a proporción de servizos sobre prestación económica non vinculada a servizos, libranza de coidados no entorno familiar, está por riba da media de España. A estimación realizada para 2021 baséase no número actual de expedientes que xeran un apunte económico no IMSERSO para a liquidación no nivel mínimo, así como a proporción de reparto actual da bolsa común. Ademais inclúese o paquete de medidas de dependencia que se pretende levar a cabo no segundo semes-

tre de este ano para atender ás persoas que están en lista de espera sen recibir ningún recurso de dependencia e ás que se espera poder atender gradualmente ao longo do presente ano.

Mantense, segundo as cifras de recadación do ano anterior, segundo o previsto na Orde DSA/789/2020 de 27 de xullo, o Plan Concertado para o desenvolvemento de prestacións básicas de servizos sociais de corporacións locais, ca fin de manter a rede de servizos de atención primaria e proporcionar á cidadanía servizos sociais adecuados que permitan a cobertura das súas necesidades básicas, así como as dirixidas ao Apoio a familias en situacións especiais.

Inclúense, dende o ano 2017 trala aprobación da Lei 3/2017, do 13 de xullo, os Programas de interese xeral. Esta transferencia ten a súa orixe na sesión do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD) do día 26 de abril de 2017 na que se adoptou por unanimidade acordar, en cumprimento da Sentenza do Tribunal Constitucional 9/2017, do 19 de xaneiro, ditada no conflito de competencias C-4777, que o futuro modelo de xestión do 0,7% do IRPF sexa un modelo mixto xestionado pola Administración xeral do Estado e polas comunidades autónomas. No ano 2021 espéranse recibir un total 12,5 millóns de euros e como transferencia corrente 12,3 millóns de euros, igual que no ano 2020.

Inclúese tamén, a igual que no ano 2020 o Pacto de Estado contra a violencia de xénero aprobada por Resolución do 13 de maio de 2020 da Secretaría do Estado de Igualdade e contra a Violencia de Xénero, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros, do 12 maio do 2020, pola que se formalizan os criterios de distribución resultante para o exercicio 2020. A Galicia correspondéronlle 8 millóns de euros, que é a cantidade orzamentada para 2021.

O Plan Estatal de Vivenda tamén se incrementa alcanzando 8,6 millóns de euros como transferencias correntes, segundo a anualidade establecida para o ano 2021 na Resolución do 31 de xullo de 2018, pola que se publica o Convenio coa Comunidade Autónoma de Galicia, para a execución do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021.

Destacar, neste ano 2021, no ámbito laboral o incremento en 125,4 millóns de euros con respecto ao ano 2020 das axudas recibidas do Bloque A correspondente a "Servicios e Programas de Fomento do Emprego e de Formación Profesional para o Emprego", ,o Bloque B que comprende "Servizos e Programas de Formación Profesional para o Emprego financiados con cargo á cota de Formación Profesional" e o Bloque C "Modernización " como consecuencia de que no proxecto de orzamentos xerais do Estado para 2021 se inclúe incrementos porcentualmente significativos nas partidas que recollen os fondos finalistas de emprego que se van distribuír ás comunidades autónomas.

Tamén se inclúen dentro das axudas do ámbito laboral, as Axudas previas á Xubilación ordinaria e as Axudas a traballadores afectados por Expedientes de Regulación de emprego.

Dentro dos fondos europeos, inclúese a anualidade prevista na programación do Fondo Social Europeo do marco 2014-2020, con 35 millóns de euros máis 30 millóns de euros de certificacións de exercicios anteriores.

Os obxectivos xenéricos deste período son cumprir cos obxectivos da Estratexia Europa 2020 de crecemento intelixente, sostible e integrador, o enfoque aos resultados así como maximizar o impacto do financiamento da Unión Europea.

O Regulamento (UE) Nº 1304/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, establece as misións do FSE. Así, establece que este fondo promoverá uns niveis elevados de emprego e de calidade do emprego, mellorará o acceso ao mercado laboral, fomentará a mobilidade xeográfica e profesional dos traballadores e facilitará a súa adaptación ao cambio industrial e a os cambios dos sistemas de produción necesarios para garantir un desenvolvemento sostible, propiciará un elevado nivel de educación e formación para todos e apoiará a transición da educación ao emprego entre os xoves, loitará contra a pobreza, fomentará a inclusión social e a igualdade de xénero, a non discriminación e a igualdade de oportunidades, contribuíndo desta forma a dar resposta ás prioridades da Unión en materia de mellora da cohesión económica, social e territorial.

Podemos resumir os seus obxectivos nos seguintes, en liña coherente coa Estratexia Europa 2020:

- Promoción do emprego e apoio á mobilidade laboral.
- Investimento en educación, competencias e aprendizaxe permanente.
- Promoción da integridade social e loita contra a pobreza.
- Aumento da capacidade institucional e a efectividade da administración pública.
- Procura o reforzo na dimensión social: o 20% das dotacións do FSE, como mínimo, serán para a integración social, faise un maior énfase na loita contra o desemprego xuvenil e impúlsase o apoio xeral e específico para a igualdade de xénero e a non discriminación.

O marco 2014-2020 inclúe unha axuda comunitaria que se orzamenta por 9 millóns de euros para o Programa Operativo Emprego Xuvenil, YEI, destinado a persoas xoves, de entre 15 e 29 anos, que non se encontran empregadas, nin participan en actividades de educación nin formación, dentro do público obxectivo do programa operativo de emprego xuvenil.

Por último, como novidade este ano inclúense dentro dos fondos europeos o novo instrumento REACT-EU (Axuda á Recuperación para a Cohesión e os Territorios de Europa) que son unha iniciativa que prosegue e amplía as medidas de resposta á crise e de reparación da mesma, propostas na Iniciativa de Inversión en Resposta ao Coroavirus (IIRC) e a Iniciativa de Inversión en Resposta ao Coroavirus Plus (IIRC+). Esta iniciativa contribuirá a preparar unha recuperación ecolóxica, dixital e resiliente da economía.

REACT-EU proporcionará financiamento adicional para os sectores máis importantes, que serán cruciais para sentar as bases dunha recuperación sólida. Isto supoñerá investimentos para apoiar o mantemento do emprego, en particular mediante réximes de redución do tempo de traballo e apoio aos traballadores por conta propia. Os fondos tamén poden utilizarse para fomentar a creación de emprego e as medidas de emprego xuvenil, para os sistemas de asistencia

sanitaria e para facilitar capital circulante e apoio ao investimento ás pemes. Este apoio estará dispoñible en todos os sectores económicos, incluídos os do turismo e a cultura, particularmente afectados. A axuda adicional servirá tamén para investir no Pacto Verde Europeo e a transición dixital, como ampliación dos importantes investimentos neses ámbitos que xa se están levando a cabo a través da política de cohesión da UE.

O Reino de España conta cuns recursos que ascenden a 12.400 millóns de euros, dos que 10.000 millóns distribuiranse entre as CCAA a razón de 8.000 millóns no 2021 e 2.000 no 2022, segundo o acordado no Consejo de política fiscal y financiera. A previsión é que a Galicia lle correspondan entorno a 430 millóns desa cantidade divididos en fondo FEDER e FSE. Dentro das transferencias correntes incluímos a FSE REACT-EU con unha dotación de 64,8 millóns de euros.

Dentro das Iniciativas do PO 2014-2020, figura neste capítulo o Programa INTERREG EUROPA 2014-2020. É a continuación do Interreg IV C 2007-2013 e apoia iniciativas de cooperación entre as rexións dos estados membros da UE e de Noruega e Suiza para mellorar a efectividade das súas políticas e programas relacionados coa Estratexia Europa 2020, que busca lograr un crecemento intelixente, sustentable e integrador para todo o espazo comunitario.

O obxectivo do programa é facilitar a capitalización de actuacións que constitúan boas prácticas dos socios participantes, principalmente das administracións públicas, para fortalecer as políticas rexionais e compartir e apoiar o intercambio de experiencias entre rexións para un maior beneficio dos cidadáns.

Inclúense tamén determinados proxectos nos que participan distintos xestores da comunidade autónoma dentro do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal, POCTEP, 2014-2020.

A cooperación territorial europea, que é un obxectivo da política de cohesión, busca proporcionar un marco para o intercambio de experiencias entre axentes locais, rexionais e nacionais de estados membros diferentes e impulsar accións conxuntas para achar solucións comúns a problemas compartidos. Abarca as cooperacións transfronteiriza, transnacional e interrexional.

Este programa pretende abordar os retos comúns que foron identificados nas rexións fronteirizas. Trátase pois dun Programa para actuar no espazo fronteirizo de España-Portugal, que está conformado por 37 NUTS III pertencentes a ambos os países. Por parte de Galicia abarca ás 4 provincias: A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.

Inclúense ademais proxectos do Programa Operativo de Cooperación Territorial Europea Transnacional Espazo Atlántico 2014-2020.

O Espazo Atlántico 2014-2020, que ocupa unha zona máis extensa que o PO anterior 2007-2013, como consecuencia da inclusión da Illas Canarias, Azores e Madeira, caracterízase polo seu patrimonio ambiental e a dimensión marítima, así como un patrón común de desenvolvemento territorial e urbano baseado nunha maioría de zonas rurais intermedias e un número

limitado de grandes áreas metropolitanas. O promedio de densidade de poboación está debaixo da media da UE-27. O Programa é diverso, observando a miúdo uns grandes eixes norte-sur e costa-interior, con diferenzas significativas en termos de desenvolvemento económico e demográfico.

E por último, inclúense proxectos do Programa Operativo de Cooperación Territorial Europea Transnacional Espazo Sudoeste. Este programa está estruturado en 6 Eixes, incluído o de Asistencia Técnica:

1. Promover as capacidades de innovación para un crecemento intelixente e sustentable.

2. Fomentar a competitividade e a internacionalización das PYME do Sudoeste Europeo.

3. Contribuír a unha maior eficiencia das políticas en materia de eficiencia enerxética.

4. Previr e xestionar os riscos de xeito eficaz.

5. Protexer o medio ambiente e promover a eficacia dos recursos.

6. Asistencia técnica.

O importe total previsto para 2021 destas Iniciativas 2014-2020 alcanza os 0,5 millóns de euros. E tamén neste capítulo orzaméntase o importe a percibir doutros proxectos europeos nos que participan diversos departamentos da Xunta de Galicia.

CAPÍTULO V. INGRESOS PATRIMONIAIS

Considéranse ingresos patrimoniais as rendas producidas como contrapartida pola utilización por parte de terceiros de activos que forman parte do patrimonio da comunidade autónoma.

CAPÍTULO V. Ingresos patrimoniais

Distribución económica. Variación 2021-2020

			Variación 2021/2020		Valor Relativo	
Conceptos	2020	2021	Importe	%	2020	2021
514 A empresas públicas e outros entes públicos	78	0	-78	-100,0	2,9	0,0
520 Xuros de contas bancarias	160	124	-36	-22,4	5,9	5,5
534 Dividend. e part. bfcios. empr. públicas e outros	2.483	2.120	-363	-14,6	91,2	94,5
Total	**2.721**	**2.244**	**-477**	**-17,5**	**100,0**	**100,0**

(Miles de Euros)

No seu conxunto os ingresos patrimoniais redúcense respecto ao anterior exercicio nun 17,5%. Inclúense os xuros de contas bancarias que se reducen nun 22,4% ata os 124.000 euros pola acentuada e persistente baixa nos tipos dos xuros. Tamén se inclúe a previsión de ingresos por dividendos que se esperan recadar, 2,1 millóns de euros.

CAPÍTULO VI. ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS

Os recursos orzamentados neste capítulo de ingresos alcanzan un importe de 90.000 euros. Proceden da venda de edificios e outras edificacións propiedade da comunidade autónoma alleados por resultar innecesario ou antieconómico o mantemento dentro do seu patrimonio. A escasa relevancia económica deste capítulo e a propia flutuación das estimacións realizadas, derívase do carácter completamente atípico e excepcional destas actuacións.

CAPÍTULO VI. Alleamento de investimentos reais

Distribución económica. Variación 2021-2020

Conceptos	2020	2021	Variación 2021/2020 Importe	%	Valor Relativo 2020	2021
612 Venda edificios e outras construccións	90	90	0	0,0	100,0	100,0
Total	**90**	**90**	**0**	**0,0**	**100,0**	**100,0**

(Miles de Euros)

CAPÍTULO VII. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL

A previsión de ingresos por transferencias de capital ascende a 350,7 millóns de euros, o que supón un crecemento do 51,4% respecto ao ano anterior.

CAPÍTULO VII. Transferencias de capital

Distribución económica. Variación 2021-2020

Conceptos	2020	2021	Variación 2021/2020 Importe	%	Valor Relativo 2020	2021
700 Fondo de compensación interterritorial	42.400	38.551	-3.849	-9,1	6,2	3,7
702 De organismos autónomos do Estado	23.990	23.894	-95	-0,4	3,5	2,3
703 De empresas e entes públicos do Estado	2.701	6.050	3.349	124,0	0,4	0,6
704 Subvencións finalistas da Administración xeral	16.243	17.959	1.716	10,6	2,4	1,7
760 De concellos	1.233	975	-258	-21,0	0,2	0,1
770 De empresas privadas	5.693	3.781	-1.912	-33,6	0,8	0,4
790 FEDER Programa Operativo	302.072	634.274	332.202	110,0	44,3	61,4
791 Interreg III e outras Iniciativas 2007-2013 e 2014-2020	1.517	1.634	116	7,7	0,2	0,2
792 FEOGA/FEADER/FEAGA	213.072	217.966	4.894	2,3	31,2	21,1
794 IFOP/FEP	73.006	87.647	14.641	20,1	10,7	8,5
799 Outras transferencias da U. E.	269	191	-78	-29,0	0,0	0,0
Total	**682.196**	**1.032.921**	**350.725**	**51,4**	**100,0**	**100,0**

(Miles de Euros)

Os Fondos de Compensación Interterritorial constitúen un dos mecanismos destinados a facer efectivo o principio constitucional de solidariedade interterritorial a favor dos territorios comparativamente menos desenvolvidos. A Lei 22/2001, do 27 de decembro, divide o antigo Fondo de Compensación Interterritorial en dous: o Fondo de Compensación, ao que se destina o 75% do importe total, para o financiamento exclusivo de investimentos, e o Fondo Complementario, que absorbe o 25% restante e que pode financiar tamén gasto corrente asociado á posta en funcionamento deses investimentos. Neste exercicio presupóstanse 38,6 millóns de euros segundo o proxecto de PGE.

As subvencións finalistas procedentes dos orzamentos do Estado financian pola súa parte actuacións relativas a materias sobre as que a comunidade autónoma ten asumidas diversas competencias. Figuran desglosadas segundo a orixe da transferencia, diferenciando si proceden da Seguridade Social, da Administración xeral, dos organismos autónomos ou de empresas e demais entes do Estado e segundo a liña de actuación de que se trate, en aras dun correcto seguimento dos créditos financiados con transferencias finalistas. Inclúense tamén liñas de actuación para ingresos finalistas doutros transferintes, ademais do Estado.

Para a estimación do importe previsto para 2021 partiuse das cantidades aprobadas para 2020 nos distintos Acordos do consello de Ministros polos que se formalizan os criterios de distribución e os compromisos financeiros resultantes das Conferencias Sectoriais e en diversos Convenios firmados.

Neste exercicio 2021, o importe total previsto, 48 millóns de euros, increméntase respecto ao ano anterior nun 11,6%.

Destacan as derivadas do Plan Estatal de Fomento do aluguer de vivendas, rehabilitación edificatoria e rexeneración e renovación urbana, dentro do Plan Estatal de Vivenda, para financiamento de gastos de capital, por importe de 12,7 millóns de euros.

Inclúese a transferencia a recibir da Entidade Pública Empresarial Adif-Alta Velocidade en 2021, 528.078 euros, segundo o convenio para a execución dos accesos e a nova vialidade urbana no entorno da estación intermodal de Vigo.

Respecto das transferencias a xestionar pola Consellería do Medio Rural, inclúense as axudas distribuídas nas Conferencias Sectoriais de Agricultura e Desenvolvemento Rural e de Pesca segundo as aprobadas para 2021, destacando polo seu importe as destinadas á Prevención e Loita contra Pragas, ao control do rendemento leiteiro e ao control e erradicación das EET.

Por outra parte, o cofinanciamento do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación do FEADER alcanza este ano os 18 millóns de euros.

Como novidade, orzaméntase este ano as axudas para rehabilitación enerxética en edificios existentes segundo a Resolución da Presidenta da E.P.E Instituto para la Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) de conformidade co Real Decreto 737/2020, de 4 de agosto, polo que se regula o programa de axudas para actuación de rehabilitación enerxética en edificios existentes e regúlase a concesión directa das axudas deste programa ás Comunidades Autónomas e Cidades de Ceuta e Melilla. O importe orzamentado como transferencia de capital para o ano 2021 é de 5,5 millóns de euros.

Por último, dentro das transferencias finalistas, orzaméntanse tamén as que se espera recibir doutros transferintes, de igual forma que os que proceden do Estado, identificando tanto na parte do ingreso como no crédito de gasto financiado, a liña de actuación para un correcto seguimento da axuda.

Figura, como o ano anterior, a transferencia segundo convenio de Pacto Ambiental con Ence por importe de 3,7 millóns de euros.

E inclúese como novidade as transferencias dos concellos do Plan Hurbe por importe de 0,9 millóns de euros.

As axudas procedentes de fondos europeos, que se articulan en Programas Operativos, increméntanse nestes orzamentos alcanzando un importe total de 575 millóns de euros, a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, FEDER, do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural, FEADER, e do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, FEMP, diminuíndo a súa contía con respecto aos orzamentos do ano anterior nun 2,2%.

Inclúese a anualidade prevista dentro da Programación 2014-2020 do FEDER, que alcanza en 2021 os 224,4 millóns de euros e inclúense ademais de 45 millóns de certificacións de exercicios anteriores.

O Regulamento (UE) Nº1301/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, establece que o FEDER, contribuirá ao financiamento de axudas orientadas a reforzar a cohesión económica, social e territorial corrixindo os principais desequilibrios rexionais da Unión a través do desenvolvemento sostible e ao axuste estrutural das economías rexionais, así como da reconversión das rexións industriais en declive e das rexións con un retraso no desenvolvemento. O FEDER, debe contribuír á estratexia da Unión para un crecemento intelixente sostible e integrador e garantir así unha maior concentración da axuda do fondo nas prioridades da Unión. En función da categoría das rexións beneficiarias, a axuda do FEDER con arranxo ao obxectivo de "investimento en crecemento e emprego" debe concentrarse principalmente en investigación e innovación, tecnoloxías da información e da comunicación, pequenas e medianas empresas, pemes, e o fomento dunha economía de baixo nivel de emisión de carbono.

A anualidade do FEADER alcanza os 205,7 millóns de euros nos orzamentos de 2021.

O Regulamento (UE) Nº 1305/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural, FEADER, establece cal é a misión deste fondo, contribuír á estratexia Europa 2020 fomentando un desenvolvemento rural sostible en toda a Unión como complemento dos demais instrumentos da Política Agrícola Común, PAC, a política de cohesión e a política pesqueira común. Contribuirá ao desenvolvemento na Unión dun sector agrícola mais equilibrado dende a política territorial e medioambiental, mais respetuoso co clima, mais resistente aos cambios climáticos, mais competitivo e mais innovador. Tamén debe contribuír ao desenvolvemento dos territorios rurais.

No marco xeral da PAC, a axuda ao desenvolvemento rural, incluídas as actividades do sector alimentario, así como tamén no sector non alimentario e no forestal, contribuirá a lograr os seguintes obxectivos:

- Fomentar a competitividade da agricultura
- Garantir xestión sostible dos recursos naturais e a acción polo clima
- Lograr un desenvolvemento territorial equilibrado das economías e comunidades rurais incluíndo a creación e conservación do emprego.

Inclúese dentro dos fondos europeos, o Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, FEMP, con 87,6 millóns de euros.

O Regulamento (UE), Nº 508/2014, do Parlamento Europeo e do Consello, crea este fondo e establece, no seu artigo 5, que o FEMP contribuirá ao logro dos obxectivos seguintes:

Fomentar unha pesca e unha acuicultura competitivas, medioambientalmente sostibles, económicamente viables e socialmente responsables.

Impulsar a aplicación da Política Pesqueira Común, PPC.

Fomentar un desenvolvemento territorial equilibrado e integrador das zonas pesqueiras e acuícolas.

Impulsar o desenvolvemento e a aplicación da Política Marítima Integrada, PMI, da Unión de forma complementaria á política de cohesión e á PPC.

Dentro destes fondos, orzaméntanse 12,3 millóns de euros do Fondo Europeo Agrícola de Garantía, FEAGA, destinados á Reestruturación de sistemas produtivos do Viñedo, ao Plan Apícola galego, á Ordenación de Producións e Mercados Agrarios e a Programas sanitarios. Non se recolle a parte que debe ter tratamento extraorzamentario atendendo aos requirimentos do Consello de Contas e conforme ao sinalado no punto 4 do artigo 46 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, debido á mera función de intermediación que desenvolve o Fondo Galego de Garantía Agraria, de igual forma que nos orzamentos dos anos 2018, 2019 e 2020.

Por último, como novidade este ano, tal e como se indicou no apartado de transferencias correntes inclúense dentro dos fondos europeos o novo instrumento REACT-EU (Axuda á Recuperación para a Cohesión e os Territorios de Europa). A previsión é que a Galicia lle correspondan entorno a 430 millóns desa cantidade, dos que como transferencia de capital orzamentamos o fondo FEDER REACT-UE con 364,8 millóns de euros.

Dentro das Iniciativas do PO 2014-2020, figuran neste capítulo diversos proxectos dentro do Programa INTERREG EUROPA 2014-2020, proxectos do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal, POCTEP 2014-2020, do Programa Operativo de Cooperación Territorial Europea Transnacional Espazo Atlántico 2014-2020, e do Programa Operativo de Cooperación Territorial Europea Transnacional Espazo Sudoeste, SUDOE, 2014-2020.

O importe total destas Iniciativas do PO 2014-2020, xunto con outros proxectos europeos nos que participan diversos departamentos da Xunta de Galicia, está previsto que alcance os 1,8 millóns de euros para 2021.



CAPÍTULO VIII. ACTIVOS FINANCEIROS

Figuran neste capítulo 2,2 millóns de euros. A maior parte está formada por reintegros de préstamos concedidos ao sector público. Inclúense ademais os destinados ao persoal concedidos polo Parlamento e polo Consello de Contas.

CAPÍTULO VIII. Activos financeiros

Distribución económica. Variación 2021-2020

Conceptos	2020	2021	Variación 2021/2020 Importe	%	Valor Relativo 2020	2021
821 Reintegro de préstamos concedidos ao sector público L/P	2.537	2.070	-468	-18,4	94,7	93,5
830 Reintegro de préstamos concedidos fóra do sector público a C/P	143	143	0	0,0	5,3	6,5
Total	**2.680**	**2.213**	**-468**	**-17,4**	**100,0**	**100,0**

(Miles de Euros)

CAPÍTULO IX. PASIVOS FINANCIEIROS

Neste capítulo figura a Débeda financeira por importe de 2.360,5 millóns de euros, incluíndose tanto as amortizacións deste ano como as novas emisións. Neste ano prodúcese un importante incremento neste capítulo debido ao aumento da necesidade de endebedamento ata os 770,6 millóns de euros, 597,6 millóns de euros más que en 2020.

CAPÍTULO IX. Pasivos financeiros

Distribución económica. Variación 2021-2020

Conceptos	2020	2021	Variación 2021/2020 Importe	%	Valor Relativo 2020	2021
950 Préstamos recibidos e emisión de débeda	1.691.706	2.360.521	668.815	39,5	100,0	100,0
Total	**1.691.706**	**2.360.521**	**668.815**	**39,5**	**100,0**	**100,0**

(Miles de Euros)

O ORZAMENTO DE BENEFICIOS FISCAIS PARA O ANO 2021

O Orzamento de Beneficios Fiscais ten como obxectivo cuantificar os beneficios fiscais que afectan aos tributos da Comunidade Autónoma. Neste sentido distintas normas refírense á obrigatoriedade de coñecer o seu importe. Así, o artigo 134.2 da Constitución Española sinala que nos orzamentos se consignará o importe dos beneficios fiscais e o artigo 46 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia aprobado polo Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, enuméraos como parte integrante do contido dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma. Ata os orzamentos do ano 2013 esta obrigatoriedade cumpríase reflectindo a cifra do importe dos devanditos beneficios fiscais por cada unha das figuras tributarias, pero sen ir acompañada dunha memoria explicativa de detalle que de forma pormenorizada explicase a contía concreta de cada medida.

O avance que se produciu nos últimos anos na aplicación dos tributos, introducindo formas de xestión telemática e informática, non só para o uso por parte da administración, senón tamén para ser usadas polos propios contribuíntes, e o uso efectivo por parte destes últimos das devanditas funcionalidades, que se foi desenvolvendo dun xeito progresivo, abre a posibilidade de dispoñer de fontes de información fiables que permiten realizar aproximacións ao estudo detallado dos beneficios fiscais. A introdución sobre todo das aplicacións informáticas para a presentación dos diversos impostos (programas de axuda), provoca a diminución dos erros nos datos achegados polos contribuíntes, así como a obrigatoriedade na consignación dos datos das declaracións, evitando así a tendencia de cumprimento mínimo nos casos en que non resulta cota a ingresar, precisamente cando operan os beneficios fiscais.

Non obstante, por agora, será necesario seguir realizando mostras e extrapolacións dos datos, dado que a pesar do crecente uso por parte dos contribuíntes das devanditas aplicacións, o seu uso non é total, se ben o grao alcanzado aconsellou iniciar xa dende fai oito anos a elaboración desta memoria, sen prexuízo de ir avanzando ata lograr fontes de información moito máis completas de cara ao futuro, sobre todo introducindo outras externas que permitan non só amplialos senón tamén contrastar os datos existentes.

De igual forma, no ámbito estatal, incorpórase á documentación que acompaña aos Orzamentos Xerais de Estado unha memoria explicativa da cuantificación dos beneficios fiscais.

Tomando pois como referencia a memoria de beneficios fiscais do Estado, o contido desta estruturaríase do seguinte xeito:

- A delimitación do concepto de "beneficio fiscal".

- A clasificación dos beneficios fiscais por tributos, e dentro de cada figura, a descrición das hipóteses de traballo, as fontes estatísticas utilizadas e as metodoloxías de cuantificación, non só dos beneficios fiscais xa existentes senón tamén das posibles modificacións normativas para 2021 que puidesen afectar ao Orzamento de Beneficios Fiscais sempre e cando, neste último caso, se dispoña de información abondo para avalialos cuantitativamente.

DELIMITACIÓN DO CONCEPTO DE "BENEFICIO FISCAL

O concepto de beneficio fiscal ofrece dous problemas: por unha banda non existe na doutrina un concepto unánime deste e, por outro lado, aínda adoptando o máis común, a súa aplicación práctica non resulta doada dada a natureza mixta dalgúns beneficios fiscais.

O Orzamento de Beneficios Fiscais pode definirse como a expresión cifrada da diminución de ingresos tributarios que, presumiblemente, se producirá ao longo do ano, como consecuencia

da existencia de incentivos fiscais orientados ao logro de determinados obxectivos de política económica e social.

O Orzamento de Beneficios Fiscais que se explica nesta memoria ten por ámbito os tributos xestionados pola Comunidade Autónoma de Galicia, así como aqueles non xestionados por esta pero dos que esta comunidade autónoma ten competencias normativas e, neste caso, referidos ao uso das devanditas competencias, xa que, con carácter xeral, os restantes veñen cuantificados e explicados na memoria de beneficios fiscais do Estado.

Considera as medidas que orixinan beneficios fiscais para os contribuíntes e minguan a capacidade recadatoria da comunidade. Trátase esencialmente de exencións, reducións nas bases impoñibles, tipos impositivos reducidos, bonificacións e deducións nas cotas dos diversos tributos.

A memoria do Orzamento de Beneficios Fiscais do Estado extraeu da doutrina os seguintes requisitos para considerar unha medida como beneficio fiscal que, adaptada aos nosos tributos mantemos, tanto porque consideramos que se axusta ao buscado pola normativa, como para efectos comparativos, dado o carácter compartido de numerosos tributos.

Os trazos ou condicións que un determinado concepto ou parámetro impositivo debe posuír para que se considere que xera un beneficio fiscal son os que se resumen seguidamente:

a) Desviarse de forma intencionada respecto á estrutura básica do tributo, entendendo por ela a configuración estable que responde ao feito impoñible que se pretende gravar.

b) Ser un incentivo que, por razóns de política fiscal, económica ou social, estea dirixido a un determinado colectivo de contribuíntes ou a potenciar o desenvolvemento dunha actividade económica concreta.

c) Existir a posibilidade legal de alterar o sistema fiscal para eliminar o beneficio fiscal ou cambiar a súa definición.

d) Non presentarse compensación ningunha do eventual beneficio fiscal noutra figura do sistema fiscal.

e) Non deberse a convencións técnicas, contables, administrativas ou ligadas a convenios fiscais internacionais.

f) Non ter como propósito simplificar ou facilitar o cumprimento das obrigas fiscais.

Para o cómputo dos beneficios fiscais adóptase o método da "perda de ingresos", definida como o importe no cal os ingresos fiscais se reducen a causa exclusivamente da existencia dunha disposición particular que establece o incentivo do que se trate. A súa valoración efectúase de acordo co "criterio de caixa" ou momento en que se produce a mingua de ingresos. Por supos-

to, a incorporación dun beneficio fiscal está supeditada á dispoñibilidade dalgunha fonte fiscal ou económica que permita levar a cabo a súa estimación.

CUANTIFICACIÓN DOS BENEFICIOS FISCAIS DOS TRIBUTOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

IMPOSTO SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS

Ao tratarse dun tributo non xestionado por esta Comunidade Autónoma e cuxa recadación está compartida, contémplanse neste apartado os beneficios fiscais establecidos pola normativa autonómica, que se concretan en deducións sobre a cota.

A fonte de información para o seu cálculo son os importes reais do exercicio 2018 (últimos publicados) extraídos da información que facilita a AEAT, axustados polas modificacións normativas vixentes para o exercicio 2020, (como se comentou anteriormente para determinar o importe dos beneficios fiscais que afectan ao exercicio 2021 séguese un criterio de caixa, polo que neste imposto hai que ter presente a normativa aplicable ao exercicio de renda 2020, xa que é a normativa que se tivo en conta para determinar as entregas a conta do ano 2021).

Tendo en conta as circunstancias anteriores, o importe dos beneficios fiscais para 2021 estimados no imposto sobre a renda das persoas físicas, ascendería a 27.738.000€, coa seguinte desagregación:

IRPF - Deducións autonómicas	En Euros
Por nacemento ou adopción de fillos	13.500.000
Por familia numerosa	3.200.000
Polo coidado de fillos menores	3.600.000
Por suxeitos pasivos discapacitados, maiores de 65 anos, que precisen axuda de terceiros	151.000
Por gastos dirixidos ao uso de novas tecnoloxías nos fogares galegos	325.000
Por aluguer da vivenda habitual	3.000.000
Por acollemento familiar de menores	51.000
Por investimento na adquisición de accións e participacións sociais de novas entidades ou de recente creación	239.000
Por creación de novas empresas ou a ampliación da actividade de empresas de recente creación	139.000
Por investimentos realizados en entidades cotizadas no Mercado Alternativo Bolsista	14.000
Por donativos a centros de investigación de universidades galegas e os promovidos ou participados pola Xunta de Galicia	5.000
Por investimento en instalacións de climatización e/ ou auga quente sanitaria que empreguen enerxías renovables en vivenda habitual	44.000
Cantidades invertidas para rehabilitar bens inmobles en conxuntos históricos	800.000
Cantidades invertidas en empresas agrarias e sociedades cooperativas agrarias ou de explotación comunitaria da terra	90.000
Por obras de mellora de eficiencia enerxética en edificios de vivendas ou vivendas unifamiliares	2.500.000
Dedución por axudas e subvencións recibidas por deportistas de alto nivel de Galicia	80.000
TOTAL	**27.738.000**

IMPOSTO SOBRE O PATRIMONIO

No imposto sobre o patrimonio considéranse como beneficios fiscais as exencións consideradas no artigo 4 da Lei 19/1991, do 6 de xuño, reguladora do mesmo, que proveñen da normativa estatal ao carecer esta comunidade de competencias normativas sobre exencións.

En canto ao mínimo exento, entendemos que forma parte da estrutura do tributo ao modular a capacidade económica sometida a gravame de acordo coa concepción do imposto sobre o patrimonio como complementario do IRPF.

Non é posible calcular o efecto económico de todas as exencións do imposto, senón só daquelas nas que o valor dos bens exentos ven consignado na declaración do imposto. Trátase das exencións da vivenda habitual, bens e dereitos exentos afectos a actividades económicas e profesionais e valores exentos representativos da participación nos fondos propios de entidades xurídicas.

O método de cálculo realízase partindo do importe declarado destes bens (ou do mínimo exento) nas declaracións do exercicio 2019, ao que se lle aplica o tipo efectivo (cota a ingresar entre base impoñible) do imposto nese mesmo exercicio.

Tendo en conta as circunstancias anteriores, o importe dos beneficios fiscais para 2021 ascendería a 183.087.000 euros, coa desagregación que figura a continuación.

Os importes serían os seguintes:

Imposto sobre Patrimonio- Beneficios fiscais	En euros
- Vivenda habitual	4.335.000
- Valores exentos representativos da participación nos fondos propios de entidades xurídicas	
negociadas	1.497.000
non negociadas	175.067.000
- Bens e dereitos exentos afectos a actividades económicas e profesionais	1.588.000
- Deducións na cota	600.000
TOTAL	**183.087.000**

IMPOSTO SOBRE SUCESIÓNS E DOAZÓNS

No imposto sobre sucesións e doazóns os beneficios fiscais concéntranse nas reducións de base impoñible a base liquidable e nas deducións na cota.

Nas primeiras podemos distinguir aquelas de carácter subxectivo, é dicir, que atenden a circunstancias persoais dos suxeitos pasivos, e aquelas de carácter obxectivo que pretenden reducir a tributación da transmisión por herdanza ou doazón duns determinados bens. Mentres que as segundas son claramente beneficios fiscais, nas primeiras debemos distinguir as establecidas en

función do parentesco das establecidas en función da discapacidade do suxeito pasivo. Estas últimas compren os requisitos para a súa consideración como beneficio fiscal en canto á finalidade perseguida, mentres que as primeiras sempre formaron parte da estrutura deste tributo e non se trata dun concreto colectivo de persoas destinatarias. Non obstante, naqueles casos nos que esta redución se combina con deducións coa finalidade de eliminar a tributación de facto a determinados colectivos como os parentescos incluídos no Grupo I, considerarase como beneficio fiscal.

A base de datos que se utilizou para o cálculo dos importes foi a correspondente as autoliquidacións presentadas no ano 2019 a través do programa de axuda. No se utilizou a base de datos das autoliquidacións presentadas durante 2020 debido a incidencia da pandemia provocada polo SARS-CoV-2. Para o cálculo do importe das reducións non se realizou unha simulación por cada autoliquidación, senón que se aplicou o tipo medio efectivo de todas elas ao importe da suma total de cada redución (ou da base impoñible no caso de suxeitos pasivos do Grupo I), illando así o efecto de cada unha delas doutras reducións que puidesen concorrer en cada caso concreto, polo que a contía sinalada non reflectiría exactamente unha perda recadatoria real, ao non recoller para cada caso concreto o efecto da progresividade ou doutras reducións, pero si unha visión en termos de cota do importe destas.

Dado que por motivos de fiabilidade dos datos se utilizaron só as autoliquidacións realizadas co programa de axuda (que aseguran a falta de erros nos cálculos), o importe resultante ampliouse en función da relación existente entre as cotas ingresadas polas autoliquidacións realizadas co programa de axuda e as realizadas en papel.

Por último, cómpre sinalar que hai un grupo de beneficios aplicables pola normativa estatal, polo que se dará a información agrupada destes beneficios fiscais no cadro resumo incorporado ao final e que as reducións por actividades económicas e participación en entidades foi establecida polo Estado (nun 95%) e mellorada pola Comunidade Autónoma de Galicia (99%) se ben suxeita a uns requisitos máis estritos. Da base de datos empregada se desprende que un 85% dos suxeitos pasivos de sucesións que aplican esta redución en adquisicións mortis causa se acollen á norma autonómica, mentres que en adquisicións inter vivos a porcentaxe ascende a un 75%. Nesta proporción distribuiranse os importes correspondentes no cadro resumo final.

Tendo en conta as circunstancias anteriores, os importes dos beneficios fiscais para 2021 ascenderían a 158.970.000 euros, coa seguinte desagregación:

Imposto sobre sucesións e doazóns- beneficios fiscais	2021
2.1.- Sucesións	**158.148.000**
- reducións para o Grupo I combinadas coa dedución en cota do 99%, dado o carácter conxunto das devanditas medidas	2.551.000
- aumento da redución por parentesco para o Grupo II	131.021.000
- aumento redución por parentesco para o Grupo III (irmáns)	2.500.000
- redución por discapacidade	8.100.000
- redución por vivenda habitual	9.400.000
- redución por actividades económicas	470.000
- redución por participación en entidades	3.291.000
- redución por bens de interese cultural	40.000
- redución por terreos rústicos protexidos	60.000
- redución por explotacións agrarias	250.000
- redución por seguro	450.000
- redución por bens para creación/constitución empresa ou negocio profesional	15.000
2.2.- Doazóns	**822.000**
- redución pola adquisición de diñeiro destinado á adquisición dunha vivenda habitual en Galicia	65.000
- redución pola adquisición de bens e dereitos afectos a unha actividade económica e de participacións en entidades	700.000
- redución pola adquisición de explotacións agrarias	5.000
- redución por bens de interese cultural	2.000
- redución por bens para creación/constitución empresa ou negocio profesional	50.000
TOTAL	**158.970.000**

IMPOSTO SOBRE TRANSMISIÓNS PATRIMONIAIS E ACTOS XURÍDICOS DOCUMENTADOS

No imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, os beneficios fiscais concéntranse principalmente en exencións, tipos bonificados e deducións na cota.

O método seguido para o seu cálculo é o seguinte:

1.- Exencións: é o beneficio fiscal que máis problemas formula para o seu cálculo. Ao non determinar cota a pagar, a consignación do valor e da causa de exención da operación beneficiada polo contribuínte non se realiza axeitadamente por tódolos contribuíntes no modelo do imposto. Ofrécense, polo tanto, só os datos daquelas declaracións que fan constar o importe da operación exenta así como o motivo da exención. Para o seu cálculo utilízase a media ponderada dos datos consignados nas autoliquidacións dos anos 2017-2019.

ITP-AXD: Motivo exención	En euros
E: 1AA - ESTADO E AA.PP.	4.140.265
E: 1AB - ENTIDADES SEN FINS LUCRATIVOS	1.334.429
E: 1AD - IGREXA CATOLICA E DEMAIS CONFESIONS	212.836
E: 1AE - INSTITUTO DE ESPAÑA E REAIS ACADEMIAS	1.086
E: 1AF - CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA E O.N.C.E.	6.410
E: 1B1 - TRATADOS E CONVENIOS INTERNACIONAIS	1.299
E: 1B2 - RETRACTO LEGAL	66.899
E: 1B3 - APORTACIONS A SOCIEDADE CONXUGAL	5.281.897
E: 1B4 - ENTREGAS DE DIÑEIRO	1.061.407
E: 1B5 - ANTICIPOS SEN XURO	15.114
E: 1B6 - CONCENTRACION PARCELARIA	13.094
E: 1B7 - XUNTAS DE COMPENSACION	7.974
E: 1B8 - GARANTIAS QUE PRESTEN TUTORES	8
E: 1B9 - TRANSMISIONS DE VALORES	5.460.568
E: 1B10 - OPERACIONS SOCIETARIAS REXIME ESPECIAL	2.853.678
E: 1B11 - O.S. AMPLIACIÓN,CONSTITUCIÓN,APORTACIÓN	27.610.370
E: 1B12 - VIVENDAS DE PROTECCION OFICIAL	2.012.295
E: 1B13 - PAGO IMPOSTO POR ACTOS ANTERIORES	1.944.848
E: 1B14 - BONIFICACIONS CEUTA E MELILLA	2.701
E: 1B15 - DEPOSITOS EN EFECTIVO E PRESTAMOS	5.360.150
E: 1B16 - TRANSMISIONS PARA LEASING	358.510
E: 1B17 - REVENTA DE VEHICULOS USADOS	1.810
E: 1B18 - CANCELACION DE HIPOTECA	41.816.901
E: 1B19 - AMPL.CAPIT.PERS.XURID.DECL. EN CONCURSO	81.940
E: 1B20 - SOCIEDADES E FONDOS DE INVERSIÓN	15.385
E: 1B21 - APORTACIONS PATRIMONIOS DISCAPACITADOS	13.336
E: 1B22 - SOC.DE INVERSIÓN NO MERCADO INMOBILIARIO	961
E: 1B23 - NOVACIÓNS CONTRACTUAIS R. D. LEI 6/2012	132.325
E: 1B24 - REESTRU.E RESOL.ENTID CRÉDITO LEI 9/2012	3.777.547
E: 1B25 - PRESTATARIO ENTIDADES ART.45.I.A	53.293
E: 1B26 - ARRENDAMENTO VIVENDA ART.2 LEI 29/1994	10.764
E: 1C1 - LEI 7/1980 LIBERDADE RELIXIOSA	22.754
E: 1C2 - R.D.L 12/1980 V.P.O.	401.277
E: 1C3 - LEI 55/1980 MONTES VECINAIS	68.099
E: 1C4 - LEI 82/1980 CONSERVACION DA ENERXIA	25.122
E: 1C5 - LEI 2/1981 MERCADO HIPOTECARIO	102.706
E: 1C6 - LEI 49/1981 EXPLOTACION FAMILIAR AGRARIA	67.601
E: 1C7 - LEI 45/1984 SECTOR PETROLEIRO	351
E: 1C9 - LEI 49/1984 SISTEMA ELECTRICO NACIONAL	1.630
E: 1C11 - ENTIDADES DE CAPITAL-RIESGO	49.185
E: 1C12 - LEI 15/1986 SOCIEDADES ANONIMAS LABORAIS	47.222
E: 1C15 - LEI 20/1990 COOPERATIVAS	3.696.871
E: 1C16 - LEI 12/1991 AGRUP. DE INTERESE ECONOMICO	4.659
E: 1C17 - LEI 19/1992 SOCIEDADES E FONDOS INMOB.	11.349
E: 1C18 - LEI 24/1992 ENT. RELIXIOSAS EVANGELICAS	11.880
E: 1C22 - LEI 38/1992 IMPOSTOS ESPECIAIS	5.067
E: 1C23 - FONDOS DE GARANTIA DE DEPOSITOS	61.008
E: 1C24 - LEI 2/1994 SUB.E MOD.DE PRESTAMOS HIPOT.	10.843.152
E: A1EB - PARTIDOS POLITICOS CON REP.PARLAMENTARIA	2.969
TOTAL XERAL	**119.073.002**

2.- Tipos impositivos reducidos: partindo da recadación obtida por cada tipo impositivo reducido, calcularase a perda recadatoria pola diferenza co tipo xeral.

O importe asociado ascende a 46.383.000 euros, coa seguinte desagregación:

ITP-AXD: Tipos impositivos reducidos	Art. DL 1/2011	Tipo	Importe
Tipo de gravame na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas			**43.598.000**
Adquisición de vivenda habitual	14.2	7	10.355.000
Adquisición de vivenda habitual por discapacitados	14.3	3	610.000
Adquisición de vivenda habitual por familias numerosas	14.4	3	2.943.000
Adquisición de vivenda habitual por menores de trinta e seis anos	14.5	3	20.383.000
Transmisión de embarcacións de recreo e motores mariños	14.6	1	1.350.000
Adquisición de vivenda en área rural	14.7	6	4.905.000
Adquisición de vivenda habitual en área rural	14.7	5	3.052.000
Tipo de gravame na modalidade de actos xurídicos documentados			**2.785.000**
Adquisición de vivenda habitual e na constitución de préstamos hipotecarios destinados ao seu financiamento	15.2	1	818.000
Adquisición de vivenda habitual por discapacitados e na constitución de préstamos hipotecarios destinados ao seu financiamento	15.3	0,5	38.000
Adquisición de vivenda habitual por familias numerosas e a constitución de préstamos hipotecarios destinados ao seu financiamento	15.4	0,5	142.000
Adquisición de vivenda habitual por menores de trinta e seis anos e a constitución de préstamos hipotecarios destinados ao seu financiamento	15.5	0,5	937.000
Sociedades de garantía recíproca	15.6	0,1	850.000

3.- Deducións: o importe do beneficio fiscal calcúlase a partir dos datos consignados polos contribuíntes nas súas declaracións do exercicio 2019. Un caso peculiar preséntase naquelas porcentaxes de bonificación do 100%, nos que se dá a mesma circunstancia comentada no apartado das exencións, é dicir, ao non determinar cota a pagar, a consignación do valor e da causa de exención da operación beneficiada polo contribuínte non se realiza axeitadamente no modelo do imposto, o que impide determinar o seu importe.

Móstranse a continuación as contías previstas para as deducións vixentes para o 2021, que supoñen un total de 12.094.000 euros

TPO: Deducións		**11.619.500**
Arrendamento de vivendas intermediación do I.G.V.S.	16.1	1.000
Arrendamento de terreos rústicos	16.2	8.500
Transmisión de solo rústico	16.5	9.500.000
Dedución galega para reducións da Lei 19/1995	16.6	60.000
Adquisición de vivenda habitual por persoas con discapacidade, familias numerosas e menores de 36 anos en áreas rurais	16.7	2.000.000
Dedución do 100% na cota das operacións relacionadas co solo empresarial e industrial.	16.8	50.000
AXD : Deducións		**474.500**
Obra nova/división horizontal edificios destinados a vivenda en aluguer	17.1	40.000
Adquisición de local de negocio para constitución de empresa ou negocio profesional	17.5	3.500
Constitución/modificación préstamos/créditos hipotecarios e operación de arrendamento financeiro para adquisición de local para constitución de empresa ou negocio profesional	17.6	1.000
Agrupación de solo rústico	17.7	210.000
Adquisición de vivenda habitual e por constitución de préstamos hipotecarios destinados ao seu financiamento, por persoas con discapacidade, familias numerosas e menores de 36 anos, en áreas	17.8	80.000
Dedución do 100% na cota das operacións relacionadas co solo empresarial e industrial.	17.9	140.000
ITP-AXD: Total deducións		**12.094.000**

TAXAS FISCAIS SOBRE O XOGO

Na taxa sobre rifas, tómbolas apostas e combinacións aleatorias, das exencións establecidas só dous responden ao concepto de beneficio fiscal ao que nos vimos referindo e hai que sinalar que, no caso das tómbolas diocesanas non hai datos para contrastar e que no caso da Cruz Vermella, a devandita entidade celebra sorteos a nivel estatal, polo que non tributaría na Comunidade Autónoma de Galicia.

Na taxa sobre xogos de sorte, envite ou azar, debemos ter en conta que hai medidas que responden a criterios técnicos y que, polo tanto, supoñen a súa exclusión do concepto de beneficio fiscal. Neste caso están a única exención na taxa e máis unha redución da cota trimestral fixa aplicable ás máquinas para os casos de inactividade forzada do desenvolvemento do xogo. Este ano, a lei de medidas prevé a aplicación dunhas bonificacións fiscais para esta taxa, motivadas pola pandemia provocada polo SARS-CoV-2 que tivo como consecuencia o peche dos locais onde se desenvolve a actividade do xogo gravado por esta taxa e o establecemento dunha serie de restricións cando se abriron que incidiron negativamente na actividade desenvolvida do xogo. A valoración económica destas medidas supoñen unha diminución de ingresos da Comunidade Autónoma, cuxo impacto recadatorio cuantifícase en 3.665.000 €.

IMPOSTO SOBRE A CONTAMINACIÓN ATMOSFÉRICA

Neste tributo non hai establecida ningunha exención, ningunha redución na base impoñible nin ningunha dedución ou bonificación na cota. O mínimo exento responde á estrutura técnica do tributo eximindo de tributación unha cantidade de contaminación que se entende asumible.

IMPOSTO SOBRE DANOS AMBIENTAIS AUGAS EMBALSADAS

Neste tributo non hai establecida ningunha exención, ningunha redución na base impoñible nin ningunha dedución ou bonificación na cota. A modulación da cota tributaria que supón unha minoración desta, responde á estrutura técnica do tributo e do dano ambiental que se pretende gravar.

CANON EÓLICO

Neste tributo non hai establecida ningunha exención, ningunha redución na base impoñible nin ningunha dedución na cota.

A bonificación da cota tributaria asociada á repotenciación do parque eólico responde á pretensión de fomentar as medidas necesarias para minorar o impacto ambiental gravado, polo que sería unha función incentivadora-desincentivadora do tributo con finalidade extrafiscal, máis que un beneficio fiscal en si mesmo, motivo polo que entendemos que non respondería ao concepto de beneficio fiscal que estamos a soster ao longo da memoria.

ICAM

Neste tributo non hai establecida ningunha exención, ningunha redución na base impoñible nin ningunha dedución ou bonificación na cota. A modulación da cota tributaria que supón unha minoración desta, responde á estrutura técnica do tributo e do dano ambiental que se pretende gravar.

IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO E IMPOSTOS ESPECIAIS

O importe dos beneficios fiscais do IVE e dos IIEE para o ano 2021 calcúlase a partir dos importes totais que para eses impostos figuran na Memoria de beneficios fiscais incluída no Proxecto de Orzamentos xerais do Estado para o ano 2021 aos que se lles aplican os importes de cesión que fixa a normativa de financiamento para as comunidades autónomas, o 50% no caso do IVE e o 58% no caso dos IIEE de fabricación; e para calcular o importe que lle corresponde a Comunidade Autónoma de Galicia a ditos importes se lles aplican os índices de reparto que figuran no "Informe do sistema de financiamento autonómico Cadros de Liquidación 2018" do Ministerio de Hacienda, ao ser os últimos datos dispoñibles.

Imposto	Total beneficios fiscais CCAA	% Galicia	Beneficios fiscais Galicia
IVE	20.491,5	5,99%	1.226,9
ALCOL E BEBIDAS DERIVADAS	80,8	6,49%	5,2
HIDROCARBUROS	1.861,7	6,91%	128,6
TOTAL	**22.434,0**		**1.360,7**

(Millóns de Euros)

Como froito do cambio normativo realizado na Lei de orzamentos xerais do Estado para 2019 se integra, con efectos 1/1/2019, o tipo impositivo autonómico do Imposto sobre Hidrocarburos no tipo estatal especial polo que, para 2021, procede computar tódolos beneficios fiscais correspondentes a este imposto como de carácter estatal.

TAXAS E PREZOS

Neste apartado analizaremos sinteticamente os datos relativos ao que, a Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 2, denomina, en primeiro lugar "Instrumentos financeiros", como as contraprestacións percibidas como consecuencia da subministración ou utilización de bens ou da prestación de servizos demandados polos suxeitos; estes instrumentos de tipo financeiro son establecidos no título II desta lei. Pola súa parte, os "instrumentos reguladores" defínense como os medios utilizables para alterar as contraprestacións esixidas por aqueles bens ou servizos ofrecidos polos suxeitos activos aos que se refire o artigo seguinte e están establecidos no título III desta lei.

Os ingresos derivados da aplicación dos instrumentos regulados na antedita Lei, están destinados a satisfacer o conxunto das obrigas dos suxeitos que os perciben: Administración Xeral, os seus organismos autónomos e as entidades de dereito público dependentes ou que estean vinculadas a calquera deles, no conxunto da Administración Pública da Xunta de Galicia.

Cada un dos instrumentos financeiros mencionados responde a unhas características propias e singulares que os configuran, definen e distinguen. Neste sentido son taxas da Comunidade Autónoma de Galicia "os tributos creados por lei ou transferidos polas súas corporacións locais ou polo Estado no marco da transferencia de servizos e competencias a esta, das que o seu feito impoñible consiste na utilización privativa, a ocupación ou o aproveitamento especial do dominio público da Comunidade Autónoma de Galicia ou na entrega de bens, a prestación de servizos ou a realización de actividades en réxime de dereito público por parte dos suxeitos activos ós que se refire o artigo 3 desta lei, que se refiran, afecten ou beneficien de modo particular o suxeito pasivo, sempre que se produza calquera das circunstancias seguintes:

- Primeira.- Que a entrega de bens, a prestación de servizos ou a realización de actividades non sexan de solicitude voluntaria para os administrados. Para estes efectos non se considerará voluntaria a solicitude por parte dos administrados:
  - cando veña imposta por disposicións legais ou regulamentarias, ou
  - cando os bens, os servizos ou as actividades requiridos sexan imprescindibles para a vida privada ou social do solicitante.
- Segunda.- Que non se entreguen, presten ou realicen polo sector privado, estea ou non establecida a súa reserva a favor do sector público consonte a normativa vixente". O rendemento total previsible da taxa non poderá exceder, no seu conxunto, do custo total de produción dos bens e servizo ou da actividade.

Doutra banda, tanto os prezos públicos, coma os prezos privados, son contraprestacións pecuniarias percibidas pola Administración Xeral ou organismos e entidades públicas da Xunta de Galicia, pola prestación de servizos ou a realización de actividades efectuadas en réxime de dereito público (prezos públicos) ou de dereito privado (prezo privado). Os prezos públicos fixaranse nunha contía que cubra como mínimo o custo do servizo, mentres que os prezos privados serán fixados atendendo as condicións e circunstancias do mercado no que se realicen.

Por último, a aplicación a todos estes instrumentos (taxas ou prezos) dunha exacción reguladora determinará unha tarifa para o consumidor ou usuario superior ao importe normalmente percibido pola institución ou entidade oferente do ben ou servizo de que se trate; pola contra, a utilización dunha subvención reguladora, permitirá aplicarlle aos consumidores e usuarios tarifas ou prezos inferiores ao custo de produción dos bens ou servizos.

Ao longo do articulado da Lei 6/2003 e, asemade na regulación específica de cada taxa ou prezo, establécense os supostos nos que, unha vez determinada a tarifa ou prezo do ben ou servizo concreto, debe aplicarse unha diminución da contía dos mesmos, mediante bonificacións e exencións, nas que se contemplan determinadas circunstancias que permiten conseguir obxectivos concretos de política económica ou social, o que chamamos, en definitiva, beneficios fiscais consonte ao concepto delimitado no apartado I desta memoria.

As referencias normativas dos instrumentos financeiros contemplados neste apartado da memoria de beneficios fiscais, referentes aos tributos propios da Comunidade Autónoma de Galicia, son os que se relacionan no seguinte recadro:

Normativa de Referencia	
Taxas, Beneficios Fiscais e Subvencións Reguladoras	Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia: artigos 23, 28, 30, 35, 40 e 55.
Prezos Públicos Subvencións Reguladoras	
Ensinanzas Especiais	Decreto 89/2013, do 13 de xuño, polo que se fixan os prezos públicos correspondentes aos estudos conducentes á obtención dos títulos oficiais nas ensinanzas de música e artes escénicas, de idiomas, deportivas, de conservación e restauración de bens culturais e nos estudos superiores de deseño.
Garderías	Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes da Consellería de Traballo e Benestar. Modificado polo Decreto 91/2014, do 17 de xullo
Residencia Terceira Idade	Decreto 123/1985, do 2 de maio, polo que se fixan os precios públicos da Comunidade Autónoma de Galicia / DECRETO 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.
Centro Atención Persoas Dependentes (CAPD)	Decreto 276/2002, do 6 de setembro, polo que se establecen as tarifas dos centros de menores de titularidade propia/DECRETO 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.
Residencias tempo libre	Decreto 84/2012, do 16 de febreiro, polo que se establecen os prezos públicos polas prestacións das residencias de tempo libre, modificado polo Decreto 65/2016, do 2 de xuño.
Decreto prezos públicos marítimo-pesqueira e agroforestal	Decreto 143/2013, do 12 de setembro, polo que se fixan os prezos públicos polos servizos de residencia e comedor prestados nos centros de formación das familias marítimo-pesqueira e agroforestal, así como os prezos de matrícula na Aula de Seguridade e Salvamento, dependentes desta consellería.
Comedores Escolares	Decreto 374/2009, do 6 agosto, polo que se aproban os prezos públicos pola utilización dos comedores escolares nos centros públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación
Prezos Privados Subvencións Reguladoras	
Prezos privados Produtos de difusión do Instituto Galego de Estatística	Orde do 17 de marzo de 2004 pola que se regulan os prezos privados dos produtos de difusión do IGE.
Prezo privado limpeza vehículos transporte gandeiro	ORDE do 31 de xullo de 2013 pola que se fixan os prezos privados dos servizos de limpeza e desinfección de vehículos dedicados ao transporte por estrada no sector gandeiro en Galicia.
Prezos privados Xuventude	ORDE do 1 de abril de 2016 pola que se fixan os prezos privados correspondentes á prestación de servizos nas instalacións xuvenís e á expedición de carnés dirixidos á mocidade, xestionados pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. Modificada pola Orde do 5 de febreiro de 2019
Prezos privados C.S.H.G	ORDE do 4 de xullo de 2014 pola que se regulan os prezos privados correspondentes á prestación de servizos polo Centro Superior de Hostalería de Galicia. Modificada pola Orde do 3 de outubro de 2019 ORDE do 4 de xullo de 2014 pola que se fixan os prezos privados correspondentes aos estudos conducentes á obtención das titulacións do Centro Superior de Hostalaría de Galicia. Modificada pola Orde do 3 de outubro de 2019
Prezos privados Metroloxia	ORDE do 26 de decembro de 2013 pola que se fixan os prezos privados que percibirá a Xunta de Galicia polos servizos prestados polo Laboratorio Oficial de Metroloxía de Galicia. Modificada pola Orde do 27 de xuño de 2019
Prezos privados INGACAL	ORDE do 23 de marzo de 2010 pola que se regulan os prezos privados dos servizos de xestión, control e certificación da calidade alimentaria do Instituto Galego da Calidade Alimentaria. Orde do 17 de febreiro de 1997 pola que se fixan os prezos derivados dos servizos xestionados pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, referentes a doses seminais, determinacións analíticas, plantas e sementes de viveiros, sementes e piñas de sequeiro e especies cinexéticas.

Para chegar á determinación do importe das subvencións reguladoras, que se inclúen no cadro seguinte, o principio fundamental seguido é comparar, por un lado, o custo total de prestación do servizo correspondente, reflectido na correspondentes memorias económico-financeiras que acompañan ás normas (leis, decretos, ordes) ditadas para a implantación do correspondente instrumento financeiro e, doutra banda, a estimación dos ingresos derivados das tarifas ou prezos propostos.

Acorde coas anteriores consideracións, no seguinte cadro reflíctese o importe que supón para o ano 2021 o conxunto de subvencións reguladoras e beneficios fiscais derivadas da aplicación da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

Beneficios fiscais e subvencións reguladoras	2021
Custo Total Beneficios Fiscais Taxas	3.465.145
Custo Total Subvencións Reguladoras Taxas	1.937.137
Custo Total Subvencións Reguladoras Prezos Públicos	210.453.111
Custo Total Subvencións Reguladoras Prezos Privados	7.476.321
Total Beneficios Fiscais e Subvencións Reguladoras	**223.331.715**

Pódese apreciar neste cadro a importancia predominante que teñen as subvencións reguladoras correspondentes aos prezos públicos, fronte aos beneficios fiscais (exencións e bonificacións) das taxas. Loxicamente neles están os servizos mais importantes no ámbito educativo e social. Isto pode observarse, de maneira mais nítida no seguinte cadro, no que se distribúen os beneficios e as subvencións por areas funcionais.

Beneficios fiscais e subvencións reguladoras - Distribución por Áreas Funcionais 2021			
		Importe	**%**
Taxas	Administrativas	2.484.973	1,1%
	Profesionais	2.917.310	1,3%
Total Taxas		**5.402.282**	**2,4%**
Prezos	Área Social	117.268.007	52,5%
	Área Educación	94.588.330	42,4%
	Área Xuventude	5.193.545	2,3%
	Outras áreas	879.551	0,4%
Total Prezos		**217.929.432**	**97,6%**
Total		**223.331.715**	**100,0%**

En efecto, e por este orde: nó ámbito dos prezos, a área social (garderías, residencias da terceira idade, centros de atención a persoas dependentes, centros sociais, servizos sociais da mariña, residencias tempo libre e servizo transporte adaptado), supón case que a metade de toda a cifra de gastos fiscais, concretamente o 52,5%; en segundo lugar, a área da ensinanza (ensinanzas especiais, comedores escolares, residencias agroforestais e marítimo-pesqueiras) que representa o 42,4%, é dicir, as dúas áreas representan o 94,9% da cifra total que se estima para o orzamento de 2021. Finalmente, a área de xuventude e outras áreas, representan o restante 2,7%.

RESUMO CUSTO BENEFICIOS FISCAIS

CONCEPTO	Importe		
	Normativa autonómica	Normativa estatal	Total
Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas	27.738.000		27.738.000
Imposto sobre o Patrimonio	600.000	182.487.000	183.087.000
Imposto sobre Sucesións e Doazóns	157.914.000	1.056.000	158.970.000
Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados	58.477.000	119.073.000	177.550.000
Tasas fiscais sobre o Xogo	3.665.000		
Imposto sobre Hidrocarburos		73.628.000	73.628.000
IVE		1.226.925.000	1.226.925.000
Alcohol e bebidas derivadas		133.890.000	133.890.000
Taxas e prezos	223.331.715		223.331.715
TOTAL	**471.725.715**	**1.737.059.000**	**2.208.784.715**

II.2. GASTOS

Orzamento de Gastos da Administración Xeral

Distribución económica

	Capítulos	2020	2021	Variación 2021/2020 Importe	%	Valor Relativo 2020	2021
I	Gastos de persoal	2.127.678	2.246.660	118.982	5,6	18,4	17,1
II	Gastos en bens correntes e servizos	565.323	620.668	55.345	9,8	4,9	4,7
III	Gastos financeiros	143.084	99.645	-43.439	-30,4	1,2	0,8
IV	Transferencias correntes	5.392.920	5.852.719	459.799	8,5	46,7	44,6
OPERACIÓNS CORRENTES		**8.229.005**	**8.819.691**	**590.687**	**7,2**	**71,3**	**67,1**
V	Fondo de continxencia	1.400	13.500	12.100	864,3	-	0,1
VI	Investimentos reais	361.466	668.288	306.821	84,9	3,1	5,1
VII	Transferencias de capital	1.345.134	1.947.680	602.545	44,8	11,7	14,8
OPERACIÓNS DE CAPITAL		**1.706.601**	**2.615.968**	**909.367**	**53,3**	**14,8**	**19,9**
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		**9.937.006**	**11.449.159**	**1.512.153**	**15,2**	**86,1**	**87,2**
VIII	Activos financeiros	102.946	111.434	8.488	8,2	0,9	0,8
IX	Pasivos financeiros	1.501.239	1.574.428	73.189	4,9	13,0	12,0
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS		**1.604.185**	**1.685.862**	**81.677**	**5,1**	**13,9**	**12,8**
- A difusión e normalización do idioma galego na Administración pública, a capacitación lingüística do persoal e a participación na fixación da linguaxe técnica, administrativa e xurídica galega.

Orzamento de ingresos. Escola Galega de Administración Pública

Distribución económica

				Variación 2021/2020		Valor Relativo	
	Capítulos	2020	2021	Importe	%	2020	2021
III	Taxas, prezos e outros ingresos	26	16	-10	-39,2	0,7	0,4
IV	Transferencias correntes	3.396	3.396	0	-	95,5	83,9
V	Ingresos patrimoniais	1	1	0	-	-	-
OPERACIÓNS CORRENTES		**3.422**	**3.413**	**-10**	**-0,3**	**96,2**	**84,3**
VII	Transferencias de capital	135	635	500	371,9	3,8	15,7
OPERACIÓNS DE CAPITAL		**135**	**635**	**500**	**371,9**	**3,8**	**15,7**
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		**3.557**	**4.048**	**491**	**13,8**	**100,0**	**100,0**
Total		**3.557**	**4.048**	**491**	**13,8**	**100,0**	**100,0**

(Miles de Euros)

Orzamento de gastos. Escola Galega de Administración Pública

Distribución económica

				Variación 2021/2020		Valor Relativo	
	Capítulos	2020	2021	Importe	%	2020	2021
I	Gastos de persoal	1.207	1.226	19	1,6	33,9	30,3
II	Gastos en bens correntes e servizos	1.635	1.592	-43	-2,6	46,0	39,3
IV	Transferencias correntes	581	595	15	2,5	16,3	14,7
OPERACIÓNS CORRENTES		**3.422**	**3.413**	**-10**	**-0,3**	**96,2**	**84,3**
VI	Investimentos reais	135	635	500	371,9	3,8	15,7
OPERACIÓNS DE CAPITAL		**135**	**635**	**500**	**371,9**	**3,8**	**15,7**
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		**3.557**	**4.048**	**491**	**13,8**	**100,0**	**100,0**
Total		**3.557**	**4.048**	**491**	**13,8**	**100,0**	**100,0**

(Miles de Euros)

INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO

O Instituto de Estudos do Territorio (IET) foi creado pola Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, como un organismo autónomo, adscrito á consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio, e que ten por obxecto a análise, estudo e asesoramento en materia de urbanismo e ordenación do territorio, entendéndose comprendida nela a ordenación, protección e xestión da paisaxe. Os estatutos do IET foron aprobado polo Decreto 244/2011, do 29 de decembro, que foi modificado, no que se refire as súas funcións, polo Decreto 14/2017, do 26 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da información xeográfica e da actividade cartográfica de Galicia.

Segundo o disposto no artigo 10 da Lei 6/2007, modificado pola disposición derradeira segunda da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, as función do IET son as seguintes:

-Realizar traballos de investigación, análise, estudo e difusión sobre urbanismo e ordenación do territorio.

- Prestar asistencia e asesoramento aos concellos de Galicia para a elaboración do planeamento urbanístico e a xestión e execución do planeamento, a fin de implementar as políticas da paisaxe na planificación urbanística e territorial.

- Prestar apoio á consellaría competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio.

- A recompilación e o tratamento da información do territorio galego, así como a produción cartográfica para as diferentes consellarías e organismos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, especialmente en materia agraria e de desenvolvemento rural.

- O apoio e o asesoramento á Xunta de Galicia en materia de paisaxe, e de colaboración e coordinación con outras administracións e sectores da sociedade.

- Delimitar as grandes áreas paisaxísticas sobre as que se desenvolverán os catálogos da paisaxe e elaborar os catálogos da paisaxe de Galicia.

- Formar, sensibilizar e concienciar á sociedade galega na necesidade de protexer e xestionar debidamente as nosas paisaxes.

- Avaliar o estado de conservación das paisaxes de Galicia, analizar as súas transformacións e previsible evolución e realizar estudos e propostas en materia de paisaxe.

- Promover a colaboración e a cooperación en materia de paisaxe, sobre todo mediante asistencia científica e técnica mutua, e intercambios de experiencias con fins de formación e información.

- O seguimento de iniciativas de investigación e difusión de coñecementos de ámbito estatal, europeo e internacional en materia de paisaxe.

- Fomentar o intercambio de información e experiencias, así como a asistencia científica e técnica mutua en materia de paisaxes transfronteirizas.

- Elaborar cada catro anos un informe sobre o estado da paisaxe en Galicia, que a Xunta de Galicia presentará ao Parlamento de Galicia.

Orzamento de ingresos. Instituto de Estudos do Territorio

Distribución económica

Capítulos		2020	2021	Variación 2021/2020 Importe	%	Valor Relativo 2020	2021
III	Taxas, prezos e outros ingresos	3	1	-2	-58,5	0,1	-
IV	Transferencias correntes	2.310	2.349	39	1,7	72,0	64,2
V	Ingresos patrimoniais	0	0	0	-100,0	-	-
OPERACIÓNS CORRENTES		**2.313**	**2.350**	**37**	**1,6**	**72,0**	**64,3**
VII	Transferencias de capital	897	1.306	409	45,6	28,0	35,7
OPERACIÓNS DE CAPITAL		**897**	**1.306**	**409**	**45,6**	**28,0**	**35,7**
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		**3.210**	**3.656**	**446**	**13,9**	**100,0**	**100,0**
Total		**3.210**	**3.656**	**446**	**13,9**	**100,0**	**100,0**

(Miles de Euros)

Orzamento de gastos. Instituto de Estudos do Territorio

Distribución económica

Capítulos		2020	2021	Variación 2021/2020 Importe	%	Valor Relativo 2020	2021
I	Gastos de persoal	2.184	2.224	40	1,8	68,0	60,8
II	Gastos en bens correntes e servizos	91	88	-3	-3,6	2,8	2,4
IV	Transferencias correntes	38	38	0	-	1,2	1,0
OPERACIÓNS CORRENTES		**2.313**	**2.350**	**37**	**1,6**	**72,0**	**64,3**
VI	Investimentos reais	494	960	465	94,1	15,4	26,3
VII	Transferencias de capital	403	347	-56	-14,0	12,6	9,5
OPERACIÓNS DE CAPITAL		**897**	**1.306**	**409**	**45,6**	**28,0**	**35,7**
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		**3.210**	**3.656**	**446**	**13,9**	**100,0**	**100,0**
Total		**3.210**	**3.656**	**446**	**13,9**	**100,0**	**100,0**

(Miles de Euros)

INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO

O Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) é un organismo autónomo creado pola Lei 3/1988, do 27 de abril, ao que lle corresponde a realización da política de solo e vivenda da Xunta de Galicia. O IGVS adscríbese á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, segundo o Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia.

O IGVS exerce as competencias e funcións que a continuación se indican:

- En xeral correspóndenlle as competencias e funcións en materia de política de vivenda, favorecendo o acceso dos cidadáns ao dereito, constitucionalmente garantido, dunha vivenda digna e adecuada.
- O fomento das actuacións de rehabilitación do patrimonio e arquitectónico en materia de vivenda tanto rural como urbana.
- A creación de solo residencial e de equipamentos acorde coas necesidades de asentamento da poboación.

- A proposta de disposicións para o establecemento, desenvolvemento e xestión da política en materia de solo empresarial da Comunidade Autónoma de Galicia, así como a súa execución e avaliación.
- A planificación, desenvolvemento e xestión do solo empresarial no ámbito autonómico. A elaboración, promoción e xestión de plans e programas de promoción, adquisición e posta no mercado do solo empresarial que incentiven o asentamento de empresas, a dinamización económica e o equilibrio territorial.
- A tramitación de plans e proxectos sectoriais abeirados no acordo do Consello da Xunta de 26 de maio de 2006 e de 6 de setembro de 2007, e na disposición adicional 2ª da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.

Orzamento de ingresos. Instituto Galego da Vivenda e Solo

Distribución económica

Capítulos		2020	2021	Variación 2021/2020 Importe	%	Valor Relativo 2020	2021
III	Taxas, prezos e outros ingresos	995	1.175	180	18,1	1,2	1,2
IV	Transferencias correntes	20.500	20.420	-80	-0,4	24,4	21,3
V	Ingresos patrimoniais	4.050	4.020	-30	-0,7	4,8	4,2
OPERACIÓNS CORRENTES		**25.545**	**25.615**	**70**	**0,3**	**30,4**	**26,7**
VI	Alleamento de investimentos reais	6.650	4.850	-1.800	-27,1	7,9	5,0
VII	Transferencias de capital	51.719	65.549	13.830	26,7	61,6	68,2
OPERACIÓNS DE CAPITAL		**58.369**	**70.399**	**12.030**	**20,6**	**69,5**	**73,3**
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		**83.914**	**96.014**	**12.101**	**14,4**	**100,0**	**100,0**
VIII	Activos financeiros	40	40	0	-	-	-
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS		**40**	**40**	**0**	**-**	**-**	**-**
Total		**83.954**	**96.054**	**12.101**	**14,4**	**100,0**	**100,0**

(Miles de Euros)

Orzamento de gastos. Instituto Galego da Vivenda e Solo

Distribución económica

Capítulos		2020	2021	Variación 2021/2020 Importe	%	Valor Relativo 2020	2021
I	Gastos de persoal	9.296	9.833	537	5,8	11,1	10,2
II	Gastos en bens correntes e servizos	4.348	4.605	257	5,9	5,2	4,8
III	Gastos financeiros	0	0	0	-	-	-
IV	Transferencias correntes	11.901	11.177	-723	-6,1	14,2	11,6
OPERACIÓNS CORRENTES		**25.545**	**25.615**	**70**	**0,3**	**30,4**	**26,7**
VI	Investimentos reais	32.315	32.860	545	1,7	38,5	34,2
VII	Transferencias de capital	25.553	37.039	11.486	44,9	30,4	38,6
OPERACIÓNS DE CAPITAL		**57.869**	**69.899**	**12.030**	**20,8**	**68,9**	**72,8**
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		**83.414**	**95.514**	**12.101**	**14,5**	**99,4**	**99,4**
VIII	Activos financeiros	540	540	0	-	0,6	0,6
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS		**540**	**540**	**0**	**-**	**0,6**	**0,6**
Total		**83.954**	**96.054**	**12.101**	**14,4**	**100,0**	**100,0**

(Miles de Euros)

INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL

O Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), creado pola Lei 14/2007, do 30 de outubro, é un organismo autónomo dos previstos nos artigos 68 e seguintes da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia que se configura como un órgano técnico en materia de prevención de riscos laborais, goza de personalidade xurídica de seu, autonomía funcional e plena capacidade de obrar.

O Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia adscríbeo á Consellería de Emprego e Igualdade.

O obxecto do ISSGA é a xestión e a coordinación das políticas que nas materias de seguridade, hixiene e saúde laboral establezan os poderes públicos da comunidade autónoma para a mellora das condicións de traballo, co obxecto de eliminar ou reducir na orixe os riscos inherentes ao traballo, sen prexuízo das competencias directas da autoridade laboral neste ámbito e das competencias atribuídas a outros departamentos da Xunta de Galicia.

A súa actuación está vinculada á Estratexia Galega de Seguridade e Saúde no Traballo 2017-2020 (da que previsiblemente se acorde cos axentes sociais a súa prórroga ata finais de 2021), resultante do proceso de Diálogo Social en Galicia, e, anualmente, ao Plan de Actividades, froito do consenso da Administración, os sindicatos máis representativos no ámbito autonómico e a Confederación de Empresarios de Galicia.

Orzamento de ingresos. Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral

Distribución económica

	Capítulos	2020	2021	Variación 2021/2020 Importe	%	Valor Relativo 2020	2021
IV	Transferencias correntes	6.091	6.081	-10	-0,2	93,2	92,8
V	Ingresos patrimoniais	0	0	0	-100,0	-	-
OPERACIÓNS CORRENTES		**6.092**	**6.081**	**-11**	**-0,2**	**93,2**	**92,8**
VII	Transferencias de capital	442	472	30	6,8	6,8	7,2
OPERACIÓNS DE CAPITAL		**442**	**472**	**30**	**6,8**	**6,8**	**7,2**
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		**6.533**	**6.553**	**19**	**0,3**	**100,0**	**100,0**
Total		**6.533**	**6.553**	**19**	**0,3**	**100,0**	**100,0**

(Miles de Euros)

Orzamento de gastos. Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral

Distribución económica

	Capítulos	2020	2021	Variación 2021/2020 Importe	%	Valor Relativo 2020	2021
I	Gastos de persoal	5.420	5.426	6	0,1	83,0	82,8
II	Gastos en bens correntes e servizos	672	655	-17	-2,5	10,3	10,0
OPERACIÓNS CORRENTES		**6.092**	**6.081**	**-11**	**-0,2**	**93,2**	**92,8**
VI	Investimentos reais	442	472	30	6,8	6,8	7,2
OPERACIÓNS DE CAPITAL		**442**	**472**	**30**	**6,8**	**6,8**	**7,2**
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		**6.533**	**6.553**	**19**	**0,3**	**100,0**	**100,0**
Total		**6.533**	**6.553**	**19**	**0,3**	**100,0**	**100,0**

(Miles de Euros)

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Foi creado pola Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, coa finalidade de xestionar os recursos sanitarios dependentes da comunidade autónoma e de levar a cabo a coordinación de todos os servizos dese carácter existentes dentro do seu ámbito territorial. É un organismo autónomo, dotado de personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins. Está adscrito á Consellería de Sanidade e réxese polo establecido na Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia.

O ano 2021 no Servizo Galego de Saúde virá marcado principalmente pola COVID-19, unha infección respiratoria emerxente causada polo SARSCoV-2 (severe acute respiratory syndrome coronavirus 2), un coronavirus que levou á Organización Mundial da Saúde (OMS) a declarar a pandemia mundial o día 11 de marzo do ano 2020.

Esta enfermidade está a provocar no mundo unha crise sen precedentes onde os Servizos Públicos de Saúde xogan un piar básico na atención sanitaria desta enfermidade. O obxectivo para o ano 2021 é atender máis e mellor esta enfermidade mantendo a calidade dos servizos e recursos asistenciais clínicos, tanto de atención primaria como da atención hospitalaria, incluídos os cirúrxicos, para mellorar a saúde da poboación galega.

Neste contexto, o Sergas seguirá apostando por un claro compromiso cos dereitos de toda a cidadanía, co compromiso de manter as garantías reflectidas na Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias que serán un piar básico. Manter estas prestacións e seguir aumentando o número de persoas beneficiarias destes dereitos seguirán a ser unha esixencia irrenunciable, así como, as instrucións previas, a libre elección (médico de familia, pediatra, profesional de enfermería, hospital ou complexo hospitalario), o dereito a segunda opinión médica e a Garantía de tempos máximos de acceso a atención sanitaria no ámbito hospitalario (en cirurxía, en consultas e probas).

Nesta abordaxe complementaria da xestión da pandemia e das dificultades que a pandemia introduce para a xestión do resto da actividade sanitaria será máis importante que nunca que o novo camiño que emprenda o Sergas o faga acompañado do consello e experiencia dos pacientes, incorporando a súa voz e visión para convertelos realmente no centro do sistema. Continuando o modelo de interlocución exitosa do Consello Asesor de Pacientes creado no ano 2011, no primeiro trimestre do ano 2019 completouse a constitución dos sete Consellos Asesores de Pacientes de Área previstos na modificación de Lei de Saúde de Galicia efectuada no ano 2018, dando cumprimento ao compromiso de maior participación social no ámbito sanitario e permitindo unha representación más próxima e efectiva.

Tamén é relevante o papel que neste período de pandemia pode ter a Escola Galega de Saúde para Cidadáns. Esta iniciativa leva desde novembro de 2009 funcionando como unha rede de xestión de coñecemento entre profesionais, pacientes, cidadáns, xestores sanitarios e expertos en procesos de saúde e de enfermidade. A súa labor de difusión de coñecemento en saúde durante unha etapa de incerteza sanitaria e con riscos de desinformación debe ser reforzada e potenciada para transmitir seguridade á cidadanía sobre os riscos sanitarios e os protocolos axeitados para evitalos.

Do mesmo xeito, a implantación da Estratexia de humanización da asistencia sanitaria é un reto transversal de mellora da atención das necesidades do paciente, que implica, desde protocolizar a abordaxe da dor aguda no hospital con procedementos específicos para o manexo da dor infantil ata o deseño dun novo modelo de vestimenta para as persoas hospitalizadas que compatibilice a funcionalidade cunha maior comodidade e respecto á intimidade do doente.

Afondarase no papel da sanidade pública como axente detector e preventivo das situacións de violencia de xénero. Unha vez publicado no ano 2016 o documento, 'Violencia de Xénero: procedemento de intervención en saúde', incorporarase neste exercicio o procedemento de 'Cribado e Atención en Saúde' como mellora da atención sanitaria á muller en situación de vio-

lencia de xénero; cuxo obxectivo é mellorar a vida das mulleres e axudar a erradicar a violencia de xénero da nosa sociedade, aumentar a detección precoz da violencia de xénero, mellorar a atención das mulleres nas consultas de saúde do sistema sanitario galego e homoxeneizar as actuacións sanitarias no sistema sanitario público de Galicia.

Seguirase a apostar pola integración de procesos e continuidade asistencial en cada momento de transición do paciente en función da súa patoloxía e necesidades, buscando vías de asistencia que aporten proximidade e accesibilidade ao usuario a través dunha xestión eficiente, así como protocolizar todas as actuacións sanitarias relacionadas coa atención ás infeccións respiratorias agudas para prestar a mellor atención nos momentos de maior afluencia; seguirase ca inversión en innovación tecnolóxica a través de novos equipamentos e de sistemas de información e comunicación que potencien o papel tanto do profesional como do propio paciente na súa relación asistencial.

En particular, no que ten a ver coa atención primaria, as principais prioridades son:

- Desenvolvemento e implantación das accións a medio prazo e inicio da implementación das de longo prazo do Plan Galego Atención Primaria 2019-2021, documento estratéxico fundamentado nos valores que definen inequivocamente as actuacións do Servizo Galego de Saúde desde a súa creación: unha aposta firme polas persoas (profesionais e pacientes), a humanización no trato, a promoción da saúde e prevención da enfermidade, a educación sanitaria, a asistencia sanitaria e o traballo comunitario, cunha aposta pola sostibilidade dun modelo asistencial que debe manterse para o futuro.

- Desenvolvemento e implantación das accións a curto prazo e comenzo da implementación das de medio prazo do documento estratéxico e de xestión por unha atención primaria vertebradora do sistema de saúde, que complementa o Plan Galego Atención Primaria 2019-2021, establecendo unha visión para o fortalecemento da atención primaria en Galicia nos próximos anos.

- Avance na implantación do modelo definido na Estratexia galega para a atención a persoas en situación de cronicidade, que centra a asistencia a estes pacientes na atención primaria e integra todos os programas que se veñen desenvolvendo nos últimos anos baixo un modelo de traballo innovador, orientado á satisfacción dos pacientes e tamén dos profesionais.

- Actualización e elaboración de protocolos relacionados coa detección e manexo de pacientes con infección activa polo virus SARSCoV-2 (COVID-19) en atención primaria.

- Impulso e consolidación en atención primaria do modelo de teleseguimento de pacientes crónicos e agudos a través da plataforma tecnolóxica TELEA.

- Potenciación de actuacións dirixidas a fomentar a atención domiciliaria proactiva en atención primaria.

- Impulso dos programas de intervención comunitaria nas sete áreas sanitarias.

- Actualización do proceso asistencial integrado de diabetes mellitus tipo 2, co obxectivo de orientar as actuacións dos profesionais no diagnóstico e tratamento do paciente con diabetes mellitus tipo 2, para reducir a morbi-mortalidade asociada, a través da diminución da variabilidade asistencial e baixo criterios de calidade e eficiencia.

- Actualización da Guía de coordinación e mobilización de recursos en urxencias extrahospitalarias, publicada no ano 2004, co fin de establecer os procedementos ou protocolos de actuación nese ámbito asistencial.

- Continuar coa actividade do sistema de información sobre teratóxenos, servizo de información para profesionais do Servizo Galego de Saúde (persoal facultativo -medicina, farmacia...-, matronas/matróns e persoal de enfermaría), sobre os riscos teratoxénicos dos medicamentos e doutras exposicións ambientais, baseada fundamentalmente na elaboración de informes de avaliación e na divulgación científica.

- Avaliación do grao de implantación do proceso asistencial de consulta preconcepcional e de atención ao embarazo normal e da Guía de atención no proceso de morte e dó xestacional e perinatal.

- Avance na implementación da Guía técnica de abordaxe de disfuncións do solo pelviano feminino.

- Continuar coa promoción da lactación materna no ámbito de atención primaria.

- Actualización dos capítulos da Guía de actividades preventivas e de promoción da saúde en pediatría de atención primaria, publicada no mes de xuño de 2020, nos que se detecte esta necesidade.

No eido da atención hospitalaria, marcaranse as seguintes prioridades:

- Protocolizar e garantir a mellor atención sanitaria neste ámbito asistencial ás patoloxías respiratorias agudas, buscando a maior efectividade no diagnóstico precoz e na redución da transmisión intrahospitalaria e das complicacións asociadas á infección, así como a máxima eficiencia na utilización dos recursos asistenciais neste nivel.

- Garantir os recursos necesarios para atender, conter e mitigar a pandemia actual provocada polo virus SARSCoV-2. Garantir a actuación de vixilancia, prevención e control destas enfermidades e garantir a mellor capacidade analítica cos recursos e equipamentos en tecnoloxía analítica que permita incrementar a capacidade diagnóstica, tanto en volume, como na redución do tempo de diagnóstico, como recursos principais para conter e mitigar a pandemia actual.

- Accesibilidade ás prestacións sanitarias, á libre elección (médico de familia, pediatra, profesional de enfermería, hospital ou complexo hospitalario, segunda opinión médica. Continuar desenvolvendo o sistema de garantía de tempos máximos de acceso ás prestacións sanitarias públicas; especial atención á patoloxía oncolóxica, (intervención cirúrxica, como primeiras consultas e probas diagnósticas). Continuarase coas seguintes vías rápidas de cancro implantadas: mama, colon, pulmón, próstata, vexiga, cabeza e colo e melanoma e oncohematoloxía.

- Continuar na definición e implantación de procesos asistenciais integrados (PAI) naquelas patoloxías ou enfermidades crónicas que, polo seu especial impacto asistencial ou social requiran unha abordaxe máis individualizada. Actualizar o Proceso Asistencial Integrado de EPOC, que mellorará e homoxenizará a xestión e os procesos asistenciais das persoas que sufran esta enfermidade.

- A xestión da lista de espera por prioridade diagnóstica e xestión da demora media para primeiras consultas de enfermidade, e de probas diagnósticas; seguirase potenciando a cirurxía maior ambulatoria.

- O desenvolvemento de sistemas de atención máis eficaces: potenciando a consulta telefónica ou por videochamada, as consultas non presenciais (e-consulta) ou o programa Conecta-72, como complemento á atención presencial. Potenciar os servizos a través das novas tecnoloxías da información e a comunicación e as diversas canles (teléfono, web, sms).

- No tocante á mellora da eficiencia da atención presencial, continuar coa "consulta de alta resolución", cunha visita única, resolvendo nun mesmo día, para os procesos seleccionados, as consultas, exploracións e probas necesarias.

- Continuar coa mellora da atención ao paciente con ICTUS (Código ICTUS) co obxectivo principal de diminuír a morbilidade e as secuelas secundarias e continuar a reducir o tempo entre o inicio dos síntomas e o inicio do tratamento; mellorar o proceso asistencial integrado, así como o sistema de información asociado.

- Continuar coa rehabilitación do Dano Cerebral Adquirido (DCA) para atender as lesións súbitas no cerebro que producen diversas secuelas consecuencia dun ictus. Rehabilitación das persoas que se encontran en estados vexetativos sen resposta e estados de mínima conciencia secundario a ictus isquémicos. Mellorar a rehabilitación das secuelas dun ictus en pacientes con alteracións motoras ou sensitivas producidas por un accidente vascular cerebral.

- Consolidar o Rexistro galego de pacientes con enfermidades raras (RERGA), e o funcionamento da Comisión Galega de Enfermidades Raras creados na pasada lexislatura, cun desenvolvemento coordinado, multidiscilinar e relacional de abordaxe, que se definirá nos primeiros pasos para o Plan autónómico de atención ás enfermidades raras en Galicia.

- A hospitalización a domicilio como asistencia sanitaria de complexidade hospitalaria prestada no domicilio do paciente por un profesional/unidade sanitaria de atención hospitalaria en

réxime de internamento/ingreso domiciliario. No ano 2019 foi aprobada a Estratexia HADO 20019-2024 e a implantación progresiva deste Plan será o principal obxectivo, así como homoxeneizar as actuacións, e definir un novo modelo de atención.

- Traballar no Plan Estratéxico Oncohematolóxico, para avanzar na mellora dos procesos de atención ao paciente oncolóxico en Galicia, abordar de forma multidisciplinar as actuacións asistenciais, preventivas e de mellora da calidade para diminuír a morbimortalidade do cancro así como a súa incidencia. O obxectivo é dispoñer dun instrumento de planificación e xestión encamiñado a homoxeneizar os recursos asistenciais, físicos e tecnolóxicos. Entre as súas prioridades atópase: implantación e desenvolvemento de circuítos asistenciais comúns que faciliten o acceso ás consultas e probas hospitalarias, homoxeneizar o acceso ás terapias farmacolóxicas e non farmacolóxicas (incluíndo a radioterapia), avanzar na medida de resultados en saúde como indicadores de efectividade e seguridade dos tratamentos.

- Traballar no Plan Estratéxico de Terapia Celular Avanzada, cumprindo o mandato do Parlamento de Galicia. Avanzarase na incorporación das Terapias Car-T en Galicia para a súa administración nos centros hospitalarios propios e en seguir dando pasos para a fabricación propia de medicamentos Car-T académicos e outras terapias celulares avanzadas en Galicia.

- Continuar a mellorar os coidados paliativos: continuar favorecendo a permanencia do paciente no seu ámbito (domicilio). Coidados paliativos de forma transversal dentro do sistema sanitario de Galicia, implicando a todos os servizos hospitalarios e de atención primaria nunha atención de calidade nos coidados ao final da vida a toda a cidadanía de Galicia.

- Seguir a modernizar os Sistemas Corporativos de Información Sanitaria Hospitalarios e de Atención Primaria, seguir cos controis de calidade (normalización e codificación) para obter o seu máximo rendemento. Cadro de mandos corporativos para monitorización da actividade e atención sanitaria.

- Continuar coa modernización e mellora da Historia Clínica Electrónica. Continuar a desenvolver a evolución da HCE por procesos (HCEPRO) e, en concreto, avanzar no modulo de enfermería, tan necesario para a continuidade asistencial, como quedou demostrado neste momento de pandemia.

- Potenciación das novas tecnoloxías no seguimento dos pacientes, desenvolvendo novos perfís en Telea xa no ámbito hospitalario. Dentro destes perfís, crearanse o de seguimento farmacolóxico en pacientes oncolóxicos, o perfil de pacientes con enfermidade inflamatoria intestinal ou o de rehabilitación cardíaca, entre outros. Actualmente, Telea é usado de forma diaria por máis de 10.000 pacientes en Galicia nos seus distintos perfís, sendo unha ferramenta coa que se demostrou que melloramos resultados no seguimento dos pacientes e a súa satisfacción.

- Manter os programas de calidade e seguridade asistencial: programas de prevención relacionada coa asistencia sanitaria, programa Hixiene de mans, continuar co programa de Infección Zero nas Unidades de Críticos: Bacetriemia Zero, Neumonía Zero, Resistencia Zero e infección

urinaria Zero (ITU-Zero). Implantación e desenvolvemento do programa Desnutrición-zero. Implantación dos programas de optimización de antibióticos (PROA), acreditación dos centros hospitalarios, abordaxe na atención primaria. Continuar co desenvolvemento do Código Sepse en todos os centros hospitalarios galegos e continuar diminuíndo a mortalidade por sepse grave e shock sistémico. Consolidar a aplicación InNoCBR como programa corporativo para unha vixilancia homoxénea e sistemática que permita coñecer e comparar a súa incidencia e prevalencia para unha mellor prevención e control desta enfermidade. Continuar co Sistema de Notificación e Aprendizaxe para a Seguridade do Paciente (SINAPS).

- Incrementar a eficiencia da prestación farmacéutica proporcionada a través dos hospitais da rede pública aos pacientes externos, que ven crecendo nos últimos anos de xeito importante. Este crecemento da atención farmacéutica hospitalaria derívase dun incremento de fármacos que se dispensan nos nosos hospitais, da chegada de novos pacientes con patoloxías crónicas e da propia innovación terapéutica que se incorpora a ese nivel de atención.

A esa situación de actividade crecente sumouse a actual pandemia, que obligou de xeito urxente a unha reformulación da atención farmacéutica hospitalaria os pacientes externos durante 2020, o que fixo que se puxera en marcha a dispensación domiciliaria dende os nosos servizos de farmacia.

Trátase dunha actividade que, ao longo do 2021, se vai consolidar mediante o oportuno desenvolvemento normativo baseado na Lei de ordenación farmacéutica de Galicia, a estruturación e dotación dos servizos a nivel hospitalario e, naturalmente, o deseño e posta en marcha de ferramentas tecnolóxicas que permitan a monitorización do paciente no seu domicilio, a determinación da tolerancia aos tratamentos, a medición de resultados en saúde reportados polo paciente e o grado de cumprimento terapéutico.

No que ten a ver coas actuacións a realizar na Saúde Mental:

- A prioridade principal é a implantación das liñas estratéxicas marcadas Plan galego de saúde mental PosCovid-19 2020-2024, iniciando a execución dos máis de 80 millóns de euros cos que foi dotado e a incorporación de 229 novos profesionais neste eido. Farase especial fincapé no impulso da atención a domicilio e da teleasistencia para a atención dos problemas de saúde mental derivados da COVID-19.

- Desenvolver o vixente Plan de prevención do suicidio en Galicia e revisar os seus indicadores. Actuacións e actualizacións en función dos resultados obtidos. Coordinación entre os distintos dispositivos asistenciais e legais. Detección precoz de persoas con risco de potenciais suicidas e atención precoz e proactiva.

- Establecer canles e coordinación estables coas consellerías con competencias en materia de asuntos sociais, educación e menores, para avanzar na atención ás persoas con trastorno

mental en situación de dependencia e a atención as persoas que experimentan un trastorno mental nos dispositivos residenciais. Coordinación con Política Social para fixar criterios de adxudicación de prazas sociosanitarias en determinados casos.

- Actualización do catálogo de programas asistenciais na rede de centros de atención a persoas con trastornos aditivos, actualizando os programas e procedementos en virtude dos cales se prestan os programas de apoio a inserción social e os programas de asistencia sanitaria dirixidos a mulleres e a persoas con adicións comportamentais (TICs e Ludopatías).

Finalmente, no tocante á atención sociosanitaria, as prioridades principais son:

- Desenvolver a Estratexia galega para a atención a persoas en situación de cronicidade para adaptar a organización do noso sistema sanitario á situación sociodemográfica de Galicia, con dinámicas de traballo que favorezan unha atención sociosanitaria integral, cunha visión global das persoas e unha perspectiva temporal ampla. Os obxectivos desta estratexia son: evitar a progresión da cronicidade cara a estadios máis complexos; manter e/ou mellorar o estado funcional da/do paciente axustado ás súas condicións vitais e engadir valor na atención a estes pacientes.

- Coordinarse con Política Social para establecer un marco de actuacións encamiñadas a un novo modelo de mellora da calidade da atención sanitaria das persoas que habitan nunha residencia de maiores.

- Continuar potenciando a relación entre traballo social de primaria e hospitalaria e promover a coordinación interdepartamental para potenciar a atención comunitaria en atención primaria, nomeadamente cos programas comunitarios que faciliten a inclusión social: atención a refuxiados, ao pobo xitano, etc.

Estes avances na prestación sanitaria requiren dunha xestión eficiente dos recursos humanos cos que conta o Sergas, así como as reformas precisas para garantir aos profesionais unhas condicións e un entorno de traballo no que poidan desenvolver a súa labor coas máximas garantías á súa disposición.

Orzamento de ingresos. Servizo Galego de Saúde

Distribución económica

	Capítulos	2020	2021	Variación 2021/2020 Importe	%	Valor Relativo 2020	2021
III	Taxas, prezos e outros ingresos	63.757	63.807	50	0,1	1,6	1,4
IV	Transferencias correntes	3.808.654	4.097.796	289.142	7,6	94,5	91,4
V	Ingresos patrimoniais	100	100	0	-	-	-
OPERACIÓNS CORRENTES		**3.872.511**	**4.161.703**	**289.192**	**7,5**	**96,1**	**92,8**
VII	Transferencias de capital	155.210	323.142	167.932	108,2	3,9	7,2
OPERACIÓNS DE CAPITAL		**155.210**	**323.142**	**167.932**	**108,2**	**3,9**	**7,2**
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		**4.027.722**	**4.484.845**	**457.123**	**11,3**	**100,0**	**100,0**
VIII	Activos financeiros	650	650	0	-	-	-
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS		**650**	**650**	**0**	**-**	**-**	**-**
	Total	**4.028.372**	**4.485.495**	**457.123**	**11,3**	**100,0**	**100,0**

(Miles de Euros)

Orzamento de gastos. Servizo Galego de Saúde

Distribución económica

	Capítulos	2020	2021	Variación 2021/2020 Importe	%	Valor Relativo 2020	2021
I	Gastos de persoal	1.755.158	1.906.620	151.462	8,6	43,6	42,5
II	Gastos en bens correntes e servizos	1.236.277	1.352.360	116.083	9,4	30,7	30,1
III	Gastos financeiros	0	0	0	-	-	-
IV	Transferencias correntes	849.159	870.806	21.647	2,5	21,1	19,4
OPERACIÓNS CORRENTES		**3.840.594**	**4.129.786**	**289.192**	**7,5**	**95,3**	**92,1**
V	Fondo de continxencia	31.917	31.917	0	-	0,8	0,7
VI	Investimentos reais	152.540	317.472	164.932	108,1	3,8	7,1
VII	Transferencias de capital	2.670	5.670	3.000	112,3	0,1	0,1
OPERACIÓNS DE CAPITAL		**155.210**	**323.142**	**167.932**	**108,2**	**3,9**	**7,2**
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		**4.027.722**	**4.484.845**	**457.123**	**11,3**	**100,0**	**100,0**
VIII	Activos financeiros	650	650	0	-	-	-
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS		**650**	**650**	**0**	**-**	**-**	**-**
	Total	**4.028.372**	**4.485.495**	**457.123**	**11,3**	**100,0**	**100,0**

(Miles de Euros)

FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA

Regulado pola Lei 7/1994, do 29 de decembro, e coa denominación actual segundo a Lei 7/2002, do 27 de decembro, de medidas fiscais e réxime administrativo, e polo Decreto 7/2014, do 16 de xaneiro, polo que se aproban os seus estatutos, é un organismo autónomo dos regulados na sección 2ª do capítulo II do título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Atópase adscrito á Consellería do Medio Rural e ten por obxecto executar as políticas desta consellería, no referente á aplicación das medidas de ordenación, fomento, reestruturación e mellora do sector lácteo e gandeiro, levando a cabo a execución das accións necesarias para a aplicación na Comunidade Autónoma da Política Agraria Común (PAC) e para o funcionamento das distintas organizacións de mercados e a mellora das estruturas agropecuarias; apoiar e promover a mellora e modernización do sector lácteo gandeiro nas diferentes áreas de actuación; promover a participación do sector nas labores de planificación, xestión e financiación dos programas de mellora e desenvolvemento daquel.

Este organismo ten como obxectivos para o exercicio 2021 a xestión eficaz no pagamento dos fondos europeos agrícolas en Galicia, procurar unha mellora das rendas das persoas agricultoras galegas, así como contribuír á dinamización das zonas rurais desenvolvendo as seguintes actuacións prioritarias:

- Desenvolver as funcións inherentes á súa condición de organismo pagador dos fondos europeos agrícolas en Galicia (Fondo Europeo Agrícola de Garantía e Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural), autorizando, xestionando o pago e contabilizando os importes das axudas con cargo aos citados fondos, e exercendo as demais funcións de coordinación, comunicación, auditoras, e outras conexas que lle corresponden como organismo pagador.

- O desenvolvemento da xestión das axudas da PAC en Galicia, tendo en conta o marco normativo da PAC 2014-2020 e as prioridades desta, nomeadamente a ecoloxización en curso da dita política.

- A xestión íntegra das axudas a zonas con limitacións naturais, así como as axudas de agroambiente e clima e agricultura ecolóxica prevista no Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020 e cofinanciadas con cargo ao Feader.

- O pagamento e contabilización das actuacións incluídas no Programa de Desenvolvemento Rural, financiadas polo Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural (Feader), e cuxa fase de autorización e control non se xestiona directamente polo Fogga, e para as que a xestión corresponde a outros órganos da Consellería do Medio Rural e outros centros directivos da Xunta de Galicia.

- O pagamento e contabilización, en tanto que organismo pagador, das medidas relativas á apicultura, reestruturación do viñedo, promoción en terceiros países, organizacións de produtores e medidas de inversión financiadas polo FEAGA.

- Efectuar as operacións en réxime de intervención e regulación de mercados por conta do FEAGA, entradas, saídas e almacenamento das mercadorías, de acordo coas instrucións ditadas segundo a xestión encomendada polo Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA).

- Realizar accións destinadas a mellorar as producións gandeiras e fortalecer con iso a puxanza do sector lácteo galego e cárnico no contexto nacional e europeo, tales como apoiar ás sociedades públicas participadas polo FOGGA que operan no sector agropecuario.

Orzamento de ingresos. Fondo Galego de Garantía Agraria

Distribución económica

Capítulos		2020	2021	Variación 2021/2020 Importe	%	Valor Relativo 2020	2021
III	Taxas, prezos e outros ingresos	0	12	12	12000,0	-	-
IV	Transferencias correntes	5.028	5.133	106	2,1	12,0	11,8
V	Ingresos patrimoniais	2	1	-1	-50,0	-	-
OPERACIÓNS CORRENTES		**5.030**	**5.146**	**117**	**2,3**	**12,0**	**11,9**
VII	Transferencias de capital	36.843	38.194	1.350	3,7	88,0	88,1
OPERACIÓNS DE CAPITAL		**36.843**	**38.194**	**1.350**	**3,7**	**88,0**	**88,1**
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		**41.873**	**43.340**	**1.467**	**3,5**	**100,0**	**100,0**
Total		**41.873**	**43.340**	**1.467**	**3,5**	**100,0**	**100,0**

(Miles de Euros)

Orzamento de gastos. Fondo Galego de Garantía Agraria

Distribución económica

Capítulos		2020	2021	Variación 2021/2020 Importe	%	Valor Relativo 2020	2021
I	Gastos de persoal	4.611	4.687	76	1,6	11,0	10,8
II	Gastos en bens correntes e servizos	415	459	44	10,6	1,0	1,1
III	Gastos financeiros	3	0	-3	-100,0	-	-
IV	Transferencias correntes	0	0	0	-	-	-
OPERACIÓNS CORRENTES		**5.030**	**5.146**	**117**	**2,3**	**12,0**	**11,9**
VI	Investimentos reais	1.813	1.968	155	8,5	4,3	4,5
VII	Transferencias de capital	35.030	36.226	1.196	3,4	83,7	83,6
OPERACIÓNS DE CAPITAL		**36.843**	**38.194**	**1.350**	**3,7**	**88,0**	**88,1**
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		**41.873**	**43.340**	**1.467**	**3,5**	**100,0**	**100,0**
Total		**41.873**	**43.340**	**1.467**	**3,5**	**100,0**	**100,0**

(Miles de Euros)

III.2. ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS DE CONSULTA OU ASESORAMENTO

Segundo a disposición adicional sexta da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, as entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento considerararanse como organismos autónomos a efectos orzamentarios.

Dentro destas entidades figura o Consello Económico e Social de Galicia e o Consello Galego de Relacións Laborais.

Orzamento das Entidades Públicas Instrumentais de Consulta ou Asesoramento

	Ingresos									
	Cap. I	Cap. II	Cap. III	Cap. IV	Cap. V	Cap. VI	Cap. VII	Cap. VIII	Cap. IX	Total
Consello Económico e Social de Galicia	0	0	0	999	0	0	1	0	0	1.000
Consello Galego de Relacións Laborais	0	0	0	1.186	0	0	39	0	0	1.224
Total	**0**	**0**	**0**	**2.185**	**0**	**0**	**40**	**0**	**0**	**2.225**

(Miles de Euros)

Financiamento das Entidades Públicas Instrumentais de Consulta ou Asesoramento

	Orixe dos Fondos							
	Recursos Propios		Da Comunidade Autónoma		Outras		Total	
	Importe	%	Importe	%	Importe	%	Importe	%
Consello Económico e Social de Galicia	0	0,00	1.000	100,00	0	0,00	1.000	44,96
Consello Galego de Relacións Laborais	0	0,00	1.224	100,00	0	0,00	1.224	55,04
Total	**0**	**0,00**	**2.225**	**100,00**	**0**	**0,00**	**2.225**	**100,00**

(Miles de Euros)

O seu financiamento está formado exclusivamente polas transferencias correntes e de capital que reciben dos orzamentos da administración xeral.

Orzamento Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento

	Gastos				
	I	II	IV	VI	Total
Consello Económico e Social de Galicia	660	185	153	1	1.000
Consello Galego de Relacións Laborais	707	437	42	39	1.224
Total	**1.367**	**622**	**195**	**40**	**2.225**

(Miles de Euros)

CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL DE GALICIA

Creado pola Lei 6/1995, do 28 de xuño, é un órgano consultivo da Administración autonómica en materia económica e social, en aplicación do previsto no artigo 9.2 da Constitución Española e nos artigos 4.2 e 55.4 do Estatuto de Autonomía de Galicia, co obxecto de facer efectiva a participación dos axentes económicos e sociais na política socioeconómica de Galicia.

Orzamento de ingresos. Consello Económico e Social de Galicia

Distribución económica						
			Variación 2021/2020		Valor Relativo	
Capítulos	2020	2021	Importe	%	2020	2021
IV Transferencias correntes	963	999	36	3,8	97,0	99,9
OPERACIÓNS CORRENTES	**963**	**999**	**36**	**3,8**	**97,0**	**99,9**
VII Transferencias de capital	30	1	-29	-96,7	3,0	0,1
OPERACIÓNS DE CAPITAL	**30**	**1**	**-29**	**-96,7**	**3,0**	**0,1**
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	**993**	**1.000**	**7**	**0,7**	**100,0**	**100,0**
Total	**993**	**1.000**	**7**	**0,7**	**100,0**	**100,0**

(Miles de Euros)

Orzamento de gastos. Consello Económico e Social de Galicia

Distribución económica

Capítulos		2020	2021	Variación 2021/2020 Importe	%	Valor Relativo 2020	2021
I	Gastos de persoal	656	660	5	0,7	66,0	66,0
II	Gastos en bens correntes e servizos	155	185	30	19,3	15,7	18,5
IV	Transferencias correntes	152	153	2	1,0	15,3	15,3
OPERACIÓNS CORRENTES		**963**	**999**	**36**	**3,8**	**97,0**	**99,9**
VI	Investimentos reais	30	1	-29	-96,7	3,0	0,1
OPERACIÓNS DE CAPITAL		**30**	**1**	**-29**	**-96,7**	**3,0**	**0,1**
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		**993**	**1.000**	**7**	**0,7**	**100,0**	**100,0**
Total		**993**	**1.000**	**7**	**0,7**	**100,0**	**100,0**

(Miles de Euros)

CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

Regúlase pola Lei 5/2008, do 23 de maio, que o configura como ente de diálogo institucional entre sindicatos e asociacións empresariais e como órgano consultivo e asesor da comunidade autónoma nas materias relativas a súa política laboral.

O Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia. adscríbeo a Consellería de Emprego e Igualdade.

O Consello é un lugar permanente para o diálogo entre os interlocutores sociais galegos, cara a consecución de acordos que permitan avanzar na solución dos problemas das relacións laborais.

As competencias do Consello veñen relacionadas no artigo 3 da Lei 5/2008, do 23 de maio, reguladora do Consello. Serán funcións do Consello Galego de Relacións Laborais as seguintes:

- Elaborar e remitirlles, por propia iniciativa, estudos e informes aos departamentos da Administración autonómica e de calquera outra institución da comunidade autónoma e formularlles propostas en materia de política laboral.

- Emitir ditames sobre os proxectos normativos dos organismos e departamentos da Administración autonómica e doutras institucións da comunidade autónoma en materia laboral, que lle serán solicitados preceptivamente.

- O prazo para a emisión dos ditames será de trinta días hábiles cando se trate de borradores de anteproxectos de lei e de decretos, e de quince días hábiles cando se trate de normas regulamentarias de rango inferior. Para o efecto de cumprir axeitadamente os devanditos prazos constituirase un Comité Delegado do Pleno para a emisión de ditames, coas funcións, a composición e as características que se establezan por acordo do Pleno.

- Fomentar e ampliar a negociación colectiva dentro do respecto ao principio de autonomía colectiva consagrado no artigo 37.1º da Constitución española e impulsar unha axeitada estrutura dos convenios nos ámbitos territorial e sectorial.

- Preparar e redactar propostas relativas a acordos laborais e recomendarlles a súa aplicación ás organizacións empresariais e sindicais.

- Promover e facilitar a mediación e arbitraxe nos conflitos laborais, por pedimento das partes interesadas. Para tal fin, poderá efectuar propostas, recomendacións e ofrecemento de arbitraxes ou mediacións, en especial respecto dos conflitos de ampla repercusión na comunidade autónoma.

- Promover a creación de comisións paritarias, nos diversos ámbitos de negociación colectiva, coa composición e as competencias que este determine.

- Solicitar e recibir dos órganos competentes da Administración autonómica e de calquera outra institución da comunidade autónoma canta información precise para o desempeño das súas funcións.

- Xestionar os acordos que lle sexan encomendados polas entidades recoñecidas como interlocutoras sociais.

- Desenvolver as funcións que o Real decreto 718/2005, do 20 de xuño, polo que se aproba o procedemento de extensión de convenios colectivos, establece nos artigos 6 e 7.2º.

- Aprobar o informe anual sobre a situación sociolaboral na comunidade autónoma e o plan e a memoria anuais sobre a actuación do Consello Galego de Relacións Laborais.

- Aprobar a creación das comisións de traballo e as súas competencias.

Así mesmo, o Consello desenvolve un importante labor de estudo sobre temas variados da nosa realidade social e propicia o debate sobre os aspectos desa realidade que resulten de maior interese en cada momento, mediante a organización de cursos, xornadas e foros semellantes.

Por outra banda, promove a implantación de cláusulas de igualdade entre homes e mulleres nos convenios colectivos e fomenta a elaboración de plans de igualdade a través da Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade entre Mulleres e Homes na Negociación Colectiva. Esta comisión, adscrita organicamente ao Consello Galego de Relacións Laborais, é un órgano de asesoramento, control e promoción da igualdade por razón de xénero na negociación colectiva galega.

O Consello é a sede doutro órgano colexiado: a Comisión Tripartita Galega para a inaplicación de convenios colectivos, creada polo Decreto 101/2015, do 18 de xuño. É competente para coñecer das solicitudes presentadas polas empresas e representantes legais das persoas tra-

balladoras para dar solución ás discrepancias xurdidas por falta de acordo sobre a inaplicación das condicións de traballo presentes no convenio colectivo de aplicación. A secretaria do Consello é a secretaria da dita Comisión.

Finalmente, creáronse novos órganos colexiados nos que se esixe a presenza do Consello Galego de Relacións Laborais:

- O Observatorio Galego de Dinamización Demográfica, órgano colexiado de asesoramento, colaboración institucional e participación social en materia de demografía no ámbito da Comunidade Galega, creado por Decreto 104/2016, do 28 de xullo, en cuxo artigo 6.4.b) figura, como vogal, unha persoa en representación do Consello Galego de Relacións Laborais.

- O Observatorio Galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero, órgano colexiado, consultivo e de participación social do colectivo LGTBI, que quere promover a igualdade real e efectiva deste colectivo, contribuír ao coñecemento da realidade da diversidade e identificar as "necesidades e barreiras que impiden o pleno desenvolvemento" dos seus dereitos. O proxecto de Decreto polo que se crea este Observatorio contempla, no seu artigo 10.1.b) que forme par-te do mesmo, como vogal, unha persoa en representación do Consello Galego de Relacións Laborais.

Orzamento de ingresos. Consello Galego de Relacións Laborais

Distribución económica

Capítulos		2020	2021	Variación 2021/2020 Importe	%	Valor Relativo 2020	2021
IV	Transferencias correntes	1.175	1.186	11	0,9	98,4	96,8
V	Ingresos patrimoniais	0	0	0	-100,0	-	-
OPERACIÓNS CORRENTES		**1.175**	**1.186**	**11**	**0,9**	**98,4**	**96,8**
VII	Transferencias de capital	19	39	20	108,3	1,6	3,2
OPERACIÓNS DE CAPITAL		**19**	**39**	**20**	**108,3**	**1,6**	**3,2**
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		**1.193**	**1.224**	**31**	**2,6**	**100,0**	**100,0**
Total		**1.193**	**1.224**	**31**	**2,6**	**100,0**	**100,0**

(Miles de Euros)

Orzamento de gastos. Consello Galego de Relacións Laborais

Distribución económica

	Capítulos	2020	2021	Variación 2021/2020 Importe	%	Valor Relativo 2020	2021
I	Gastos de persoal	696	707	11	1,6	58,3	57,7
II	Gastos en bens correntes e servizos	437	437	0	-	36,6	35,7
IV	Transferencias correntes	42	42	0	-	3,5	3,4
OPERACIÓNS CORRENTES		**1.175**	**1.186**	**11**	**0,9**	**98,4**	**96,8**
VI	Investimentos reais	19	39	20	108,3	1,6	3,2
OPERACIÓNS DE CAPITAL		**19**	**39**	**20**	**108,3**	**1,6**	**3,2**
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		**1.193**	**1.224**	**31**	**2,6**	**100,0**	**100,0**
Total		**1.193**	**1.224**	**31**	**2,6**	**100,0**	**100,0**

(Miles de Euros)



OS ORZAMENTOS DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

IV. OS ORZAMENTOS DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

As Axencias públicas autonómicas son entidades públicas instrumentais ás que, para o cumprimento de programas específicos correspondentes a políticas públicas da Administración Xeral da Comunidade Autónoma, encoméndaselles a realización de actividades en réxime de descentralización funcional e xestión por obxectivos. O seu réxime xurídico interno regúlase polo dereito administrativo.

O artigo 54.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia sinala que tras a aprobación da lei que autorice a creación dunha entidade instrumental debe procederse á súa creación e á aprobación dos seus estatutos por decreto do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería de adscrición, logo de informe favorable das consellerías en materia de administracións públicas e de facenda.

Orzamento das Axencias Públicas Autonómicas

	Ingresos									
	Cap. I	Cap. II	Cap. III	Cap. IV	Cap. V	Cap. VI	Cap. VII	Cap. VIII	Cap. IX	Total
Axencia Galega das Industrias Culturais	0	0	81	4.391	70	0	17.400	0	0	21.941
Axencia Galega de Infraestruturas	0	0	3.300	12.596	0	0	238.842	0	0	254.738
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia	0	0	82	33.471	0	0	160.519	0	0	194.072
Axencia Galega de Innovación	0	0	130	11.439	3	0	115.135	0	0	126.707
Axencia Tributaria de Galicia	0	0	870	14.648	0	0	210	0	0	15.728
Axencia de Turismo de Galicia	0	0	2.665	27.759	20	21	82.012	0	0	112.477
Axencia Galega de Servizos Sociais	0	0	1.030	13.417	0	0	200	0	0	14.647
Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde	0	0	0	2.893	0	0	615	0	0	3.508
Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos	0	0	25.297	2.104	1	0	0	0	0	27.403
Axencia Galega da Industria Forestal	0	0	10	2.081	0	0	21.420	0	0	23.510
Axencia Galega de Emerxencias	0	0	0	714	2	0	7.481	0	0	8.197
Instituto Galego de Promoción Económica	0	0	1.714	10.289	460	0	227.847	22.208	0	262.518
Instituto Enerxético de Galicia	0	0	329	1.729	2	0	36.614	0	0	38.675
Axencia Galega de Desenvolvemento Rural	0	0	0	4.039	62	0	36.494	0	0	40.595
Axencia Galega de Calidade Alimentaria	0	0	821	16.520	1	0	23.471	0	0	40.813
Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia	0	0	52	2.911	0	0	931	0	0	3.894
Total	**0**	**0**	**36.381**	**161.001**	**622**	**21**	**969.191**	**22.208**	**0**	**1.189.424**

(Miles de Euros)

Os orzamentos das axencias públicas autonómicas terán carácter limitativo polo seu importe global e carácter estimativo para a distribución dos créditos en categorías económicas, agás os correspondentes a gastos de persoal e capital que, en todo caso, teñen carácter limitativo e vinculante pola súa contía total.

Financiamento das Axencias Públicas Autonómicas

	Orixe dos Fondos							
	Recursos Propios		Da Comunidade Autónoma		Outras		Total	
	Importe	%	Importe	%	Importe	%	Importe	%
Axencia Galega das Industrias Culturais	150	0,68	21.791	99,32	0	0,00	21.941	1,84
Axencia Galega de Infraestruturas	3.300	1,30	251.438	98,70	0	0,00	254.738	21,42
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia	83	0,04	193.990	99,96	0	0,00	194.072	16,32
Axencia Galega de Innovación	133	0,11	126.574	99,89	0	0,00	126.707	10,65
Axencia Tributaria de Galicia	870	5,53	14.858	94,47	0	0,00	15.728	1,32
Axencia de Turismo de Galicia	7.707	6,85	104.770	93,15	0	0,00	112.477	9,46
Axencia Galega de Servizos Sociais	1.030	7,03	13.617	92,97	0	0,00	14.647	1,23
Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde	65	1,85	3.443	98,15	0	0,00	3.508	0,29
Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos	2.566	9,36	24.837	90,64	0	0,00	27.403	2,30
Axencia Galega da Industria Forestal	10	0,04	23.500	99,96	0	0,00	23.510	1,98
Axencia Galega de Emerxencias	2	0,02	8.195	99,98	0	0,00	8.197	0,69
Instituto Galego de Promoción Económica	24.382	9,29	238.136	90,71	0	0,00	262.518	22,07
Instituto Enerxético de Galicia	331	0,86	38.344	99,14	0	0,00	38.675	3,25
Axencia Galega de Desenvolvemento Rural	62	0,15	40.533	99,85	0	0,00	40.595	3,41
Axencia Galega de Calidade Alimentaria	822	2,01	39.830	97,59	161	0,39	40.813	3,43
Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia	52	1,34	3.842	98,66	0	0,00	3.894	0,33
Total	**41.564**	**3,49**	**1.147.699**	**96,49**	**161**	**0,01**	**1.189.424**	**100,00**

(Miles de Euros)

Nos orzamentos para o ano 2021 inclúense 16 axencias públicas autonómicas, unha menos co ano anterior xa que o Centro Informático para a Xestión Tributaria Económico-Financeira e Contable intégrase na Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Orzamento Axencias públicas autonómicas

	Gastos								
	I	II	III	IV	VI	VII	VIII	IX	Total
Axencia Galega das Industrias Culturais	2.742	634		1.165	11.600	5.800			21.941
Axencia Galega de Infraestruturas	13.272	1.031	100	1.493	225.902	12.940			254.738
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia	18.432	14.249		873	148.612	4.071		7.836	194.072
Axencia Galega de Innovación	5.120	466	120	5.867	21.538	87.154	1.950	4.493	126.707
Axencia Tributaria de Galicia	13.271	2.248			210				15.728
Axencia de Turismo de Galicia	11.344	7.067		12.034	52.369	29.664			112.477
Axencia Galega de Servizos Sociais	12.051	2.397			200				14.647
Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde	1.939	946		8	615				3.508
Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos	11.529	15.394			480				27.403
Axencia Galega da Industria Forestal	1.043	374		673	1.986	19.434			23.510
Axencia Galega de Emerxencias	502	153		62	7.481				8.197
Instituto Galego de Promoción Económica	6.492	2.133		3.839	15.085	102.760	129.050	3.160	262.518
Instituto Enerxético de Galicia	1.650	346		64	916	35.698			38.675
Axencia Galega de Desenvolvemento Rural	3.399	702			5.643	30.851			40.595
Axencia Galega de Calidade Alimentaria	13.654	2.619	0	1.069	16.832	6.629		10	40.813
Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia	2.320	643			931				3.894
Total	**118.759**	**51.398**	**220**	**27.147**	**510.400**	**335.001**	**131.000**	**15.499**	**1.189.424**

(Miles de Euros)

A maior parte das axencias públicas autonómicas están financiadas polas transferencias que reciben dos orzamentos das consellerías ás que están adscritas, destacando os importes dos recursos propios cos que contarán para 2021 das axencias que se citan a continuación.

Dentro dos orzamentos da Axencia de Turismo de Galicia figuran 2,7 millóns de euros no seu capítulo III formados na súa maior parte polos ingresos de prezos do Centro Superior de Hostalería. Además, conta no seu capítulo VII con 5 millóns de euros procedentes de ingresos por patrocinios procedentes do Xacobeo.

O Instituto Galego de Promoción Económica conta cuns ingresos propios, que alcanzan 24,4 millóns de euros, dos cales 18,2 millóns de euros proceden de reintegros de préstamos concedidos e 5 millóns en remanente de tesourería.

A Axencia Galega de Infraestruturas conta entre os seus ingresos con 3,3 millóns de euros, formados na súa maioría polas taxas de dirección e inspección de obras, e por aproveitamento especial do dominio público viario.

A Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos conta no seu capítulo III con 2, 6 millóns de ingresos formados na súa maioría polos prezos dos servizos hemoterápicos a hospitais privados.

Dentro da Axencia Galega de Servizos Sociais figuran os prezos privados de Garderías e Xardíns Infantís, 1,03 millóns de euros, xa que esta axencia asumiu desde a súa posta en funcionamento as competencias que tiña atribuídas en materia de xestión de escolas infantís a Dirección Xeral de Familia e Inclusión.

AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA

Queda adscrita á Presidencia da Xunta de Galicia a Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia, de conformidade co Decreto129/2020, do 17 de setembro, polo que se establecen os órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia. O dito decreto establece que mentres non se modifique o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, corresponderá á Secretaría Xeral da Presidencia a preparación previa dos asuntos da Amtega que deban elevarse e someterse ao Consello da Xunta de Galicia para a súa aprobación, así como aquelas outras funcións que se lle atribúan no dito decreto.

De acordo co previsto no Decreto 252/2011, do 15 de decembro, ten por obxecto a definición, desenvolvemento e execución dos instrumentos da política da Xunta de Galicia relativa a tecnoloxías da información e comunicacións, así como innovación e desenvolvemento tecnolóxico.

De xeito máis concreto, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia asume a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións; a elaboración, desenvolvemento e execución da estratexia tecnolóxica global do sector público autonómico de Galicia; a promoción da inclusión e execución do despregue das TIC no ámbito da prestación dos servizos públicos; o impulso do desenvolvemento da sociedade da información en Galicia; a planificación e proposta da normativa en materia de tecnoloxías da información e as telecomunicacións; o impulso, xestión e coordinación da Administración electrónica; a consolidación e modernización da infraestrutura TIC da Xunta de Galicia e a planificación e ordenación do mapa de infraestruturas de telecomunicacións de Galicia.

As actuacións da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia enmarcaranse nas liñas estratéxicas que se recollen na Axenda Dixital de Galicia 2020, aprobada no Consello da Xunta o pasado 30 de abril de 2015.

Esas liñas estratéxicas son as seguintes:

Valorización da administración: avanzando cara unha Administración dixital innovadora que aprende e conectase á realidade da sociedade para responder e adiantarse ás necesidades e expectativas da cidadanía e as empresas.

Énfase na Vida Dixital: aproveitando o potencial das TIC para converter a Galicia nun lugar de progreso social avanzado e onde as persoas poidan levar unha vida autónoma e participar activamente na sociedade.

Aceleración da Economía Dixital: promovendo o liderado de empresas que a través da incorporación das TIC, tanto nos procesos internos como de negocio, garantan a creación e absorción de talento e innovación para xerar novas oportunidades e promover así a atracción e o crecemento económico na comunidade.

Estímulo ao Crecemento do Sector TIC: impulsando a innovación tecnolóxica, competitividade e xeración de emprego no ecosistema dixital que contribúan a posicionar ao sector tecnolóxico coma un dos sectores de referencia de Galicia.

Articulación Dixital do Territorio: favorecendo non só a conectividade TIC necesaria para garantir a vertebración dixital do territorio de xeito seguro e sostible, senón tamén para coñecer información que permita, en caso de ser necesario, actuar de xeito intelixente.

Estas liñas de traballo están en directa relación coa execución do Plan de Administración e Goberno Dixital: Horizonte2020; o Plan Director de Seguridade TIC; o Plan de Banda Larga 2020 para o despregamento da banda larga ultrarrápida en Galicia; o II Plan de Sistemas e Tecnoloxías da Información da Administración de xustiza en Galicia: Senda2020; o Plan SmartTurismo; a iniciativa do catálogo colectivo e dixitalización das bibliotecas; o proxecto para a difusión do patrimonio cultural de Galicia Memoria Dixital de Galicia; a estratexia de Educación Dixital Innovadora: Proxecto Abalar; o Plan de Modernización Tecnolóxica dos Servizos Sociais de Galicia: Plan Trabe, o programa de innovación no sector primario: Programa Primare; o Plan de Modernización Tecnolóxica do Transporte e-Mobility; o Plan Tecnolóxico para a xestión e conservación do Medio Ambiente; o Plan de Inclusión Dixital, o Plan de Talento Dixital (Digitalent), o Programa TransformaTIC, o Pacto Dixital de Galicia, o Plan de Acción para o impulso dos contidos dixitais en Galicia (DICOMindset), o Plan Galicia 5G o proxecto GaiasTech, a Estratexia Dixital de Galicia 2030 e o desenvolvemento do marco galego de competencias dixitais.

Hai que ter en conta, que neste ano 2021 a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia asumirá as funcións do Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable xa que o proxecto de Decreto polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (CIXTEC) e se modifican os estatutos da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, que está en trámites de aprobación e cuxa entrada en vigor está prevista para a mesma data de entrada en vigor da Lei de orzamentos para o ano 2021, e co que se da cumprimento ó disposto na disposición adicional cuarta do Decreto 252/2011, do 15 de decembro, que prevía que "1. A AMTEGA asumirá progresivamente, (...), a prestación de servizos en materia de tecnoloxías da información e comunicación ás consellerías da Administración xeral da Comunidade Autónoma e ás entidades públicas instrumentais do sector público, de conformidade cos decretos que sexan aprobados para tales efectos. (...)", e na disposición adicional quinta da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e

de ordenación, que establece que "Un. Autorízase a supresión do CIXTEC, cuxas funcións serán asumidas pola AMTEGA, de conformidade co que se estableza nos estatutos da dita axencia.

Orzamento de ingresos. Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

Distribución económica

	Capítulos	2020	2021	Variación 2021/2020 Importe	%	Valor Relativo 2020	2021
III	Taxas, prezos e outros ingresos	70	82	12	17,8	0,1	-
IV	Transferencias correntes	33.441	33.471	30	0,1	25,6	17,2
V	Ingresos patrimoniais	0	0	0	-40,0	-	-
OPERACIÓNS CORRENTES		**33.511**	**33.554**	**42**	**0,1**	**25,6**	**17,3**
VII	Transferencias de capital	97.279	160.519	63.240	65,0	74,4	82,7
OPERACIÓNS DE CAPITAL		**97.279**	**160.519**	**63.240**	**65,0**	**74,4**	**82,7**
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		**130.790**	**194.072**	**63.282**	**48,4**	**100,0**	**100,0**
Total		**130.790**	**194.072**	**63.282**	**48,4**	**100,0**	**100,0**

(Miles de Euros)

Orzamento de gastos. Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

Distribución económica

	Capítulos	2020	2021	Variación 2021/2020 Importe	%	Valor Relativo 2020	2021
I	Gastos de persoal	18.204	18.432	228	1,3	13,9	9,5
II	Gastos en bens correntes e servizos	14.434	14.249	-185	-1,3	11,0	7,3
IV	Transferencias correntes	873	873	0	-	0,7	0,4
OPERACIÓNS CORRENTES		**33.511**	**33.554**	**42**	**0,1**	**25,6**	**17,3**
VI	Investimentos reais	82.389	148.612	66.223	80,4	63,0	76,6
VII	Transferencias de capital	5.079	4.071	-1.008	-19,8	3,9	2,1
OPERACIÓNS DE CAPITAL		**87.468**	**152.683**	**65.215**	**74,6**	**66,9**	**78,7**
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		**120.979**	**186.236**	**65.258**	**53,9**	**92,5**	**96,0**
IX	Pasivos financeiros	9.811	7.836	-1.975	-20,1	7,5	4,0
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS		**9.811**	**7.836**	**-1.975**	**-20,1**	**7,5**	**4,0**
Total		**130.790**	**194.072**	**63.282**	**48,4**	**100,0**	**100,0**

(Miles de Euros)

AXENCIA GALEGA DE EMERXENCIAS

Figura adscrita á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza segundo o Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia.

A Axencia Galega de Emerxencias se axustará nos seus fins estrutura e funcionamento ao disposto na Lei 5/2007, do 7 de maio, de Emerxencias de Galicia.

Correspóndelle á Axencia Galega de Emerxencias o exercicio das seguintes funcións:

- Xestionar o Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia e prestar materialmente a asistencia requirida polos cidadáns e polas cidadás a través del, ou dar traslado, segundo se estableza regulamentariamente, daquelas que lles corresponda atender a outros organismos competentes na materia.
- Xestionar os medios e recursos operativos que se poidan incorporar á axencia.
- Analizar os riscos e mais identificalos e localizalos no territorio co fin de elaborar o mapa e o catálogo de riscos de Galicia, así como os catálogos de medios e recursos e o catálogo de servizos.
- Desenvolver programas en materia de protección civil e xestión de riscos e de emerxencias consonte as directrices emanadas da Xunta de Galicia e establecer os medios para fomentar actuacións que contribúan á prevención de riscos, á atenuación dos seus efectos e, en xeral, á toma de conciencia e sensibilización dos cidadáns da importancia de protección civil.
- Levar a cabo os estudos necesarios para a elaboración do Plan territorial de protección civil de Galicia, dos plans especiais e das liñas directrices para a elaboración dos plans territoriais que correspondan.
- Avaliar e cualificar o risco cando lle sexa comunicada unha situación de emerxencia das que poden dar lugar á activación dun plan público de protección civil.
- Pór á disposición dos órganos competentes da Xunta de Galicia os medios á súa disposición para a xestión das emerxencias de interese galego baixo a superior dirección da persoa titular da presidencia da Xunta ou da persoa titular da consellaría na que esta delegue e mais daqueloutras emerxencias que os plans especiais ou territoriais determinen.
- Estudar as actuacións necesarias para o restablecemento dos servicios esenciais para a comunidade e a restauración, a rehabilitación e o entorno a normalidade en casos de catástrofe ou calamidade.
- Fomentar, a vinculación voluntaria e desinteresada dos cidadáns as actividades de protección civil.

Orzamento de ingresos. Axencia Galega de Emerxencias

Distribución económica

Capítulos	2020	2021	Variación 2021/2020 Importe	%	Valor Relativo 2020	2021
IV Transferencias correntes	709	714	5	0,7	9,1	8,7
V Ingresos patrimoniais	3	2	-1	-37,5	-	-
OPERACIÓNS CORRENTES	**712**	**716**	**4**	**0,5**	**9,1**	**8,7**
VII Transferencias de capital	7.106	7.481	375	5,3	90,9	91,3
OPERACIÓNS DE CAPITAL	**7.106**	**7.481**	**375**	**5,3**	**90,9**	**91,3**
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	**7.819**	**8.197**	**379**	**4,8**	**100,0**	**100,0**
Total	**7.819**	**8.197**	**379**	**4,8**	**100,0**	**100,0**

(Miles de Euros)

Orzamento de gastos. Axencia Galega de Emerxencias

Distribución económica

Capítulos		2020	2021	Variación 2021/2020 Importe	%	Valor Relativo 2020	2021
I	Gastos de persoal	496	502	5	1,1	6,3	6,1
II	Gastos en bens correntes e servizos	153	153	0	-	2,0	1,9
IV	Transferencias correntes	63	62	-2	-2,5	0,8	0,8
OPERACIÓNS CORRENTES		**712**	**716**	**4**	**0,5**	**9,1**	**8,7**
VI	Investimentos reais	7.106	7.481	375	5,3	90,9	91,3
OPERACIÓNS DE CAPITAL		**7.106**	**7.481**	**375**	**5,3**	**90,9**	**91,3**
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		**7.819**	**8.197**	**379**	**4,8**	**100,0**	**100,0**
Total		**7.819**	**8.197**	**379**	**4,8**	**100,0**	**100,0**

(Miles de Euros)

AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA

Figura adscrita á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza segundo o Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia.

A Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, na súa disposición adicional cuarta, autoriza ao Consello da Xunta de Galicia para a creación da Axencia de Turismo de Galicia, que ten como obxectivo básico impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos camiños de Santiago.

Mediante o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, procedeuse ao desenvolvemento da citada disposición adicional, creando a Axencia de Turismo de Galicia e regulando os aspectos referidos á organización e funcionamento da Axencia, a súa estrutura, o réxime do seu persoal, o seu réxime económico-financeiro e o seu réxime patrimonial e de contratación.

Para o cumprimento dos seus obxectivos, a Axencia de Turismo de Galicia ten as seguintes competencias e funcións sen prexuízo das que correspondan a outras entidades integrantes do sector público autonómico:

a) A planificación da política de ordenación e inspección, fomento e competitividade do turismo dentro da comunidade autónoma, determinando as liñas de actuación de política turística, equilibradas e sustentables, que deben rexer no territorio galego.

b) A elaboración e proposta de normativa nas materias da súa competencia.

c) A dirección e coordinación das actuacións que poidan ter incidencia en materia de turismo que se desenvolvan no ámbito da Administración da Comunidade Autónoma.

d) A instauración de canles efectivas de comunicación con outros organismos locais, provinciais e da Administración central e outras administracións, así como co sector privado.

e) O desenvolvemento e xestión de plans integrais de turismo para aplicar nos xeodestinos e/ou establecementos turísticos, apostando pola innovación, calidade e sustentabilidade dos produtos turísticos que configuren o portafolios de produtos turísticos de Galicia.

f) O aproveitamento e potenciación dos recursos turísticos de Galicia mediante a promoción, publicidade, relacións públicas e outras accións de notoriedade, tanto no interior de Galicia coma no resto de España e no exterior, sen prexuízo das competencias da Administración central do Estado.

g) A coordinación, o impulso, a xestión e a execución das actividades de promoción turística interior e exterior públicas e público-privadas.

h) Os labores de información turística tanto a nivel nacional como internacional, directamente ou a través de convenios e concertos con institucións públicas e privadas para a creación, coordinación e desenvolvemento destas accións de información e promoción turística interior e exterior.

i) Directamente ou a través da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, a dirección e coordinación das actuacións relacionadas coa posta en valor cultural e turístico do Camiño de Santiago, a súa promoción, a xestión da imaxe corporativa do Xacobeo e da rede de albergues, e o mantemento e conservación dos camiños e a súa sinalización, así como calquera outra acción que redunde en beneficio do Camiño de Santiago.

j) A coordinación da participación da Comunidade Autónoma nas exposicións universais.

k) Dirixir e coordinar as actuacións relativas á análise, estudo, coñecemento e estatísticas no eido turístico, así como o desenvolvemento de tarefas de investigación, innovación e desenvolvemento tecnolóxico no eido do turismo, sen prexuízo doutros organismos con competencias nestas materias.

l) O impulso da competitividade do sector turístico privado, fomentando a mellora da xestión interna das empresas turísticas, a I+D+i, a cooperación entre empresas e a formación.

m) A aplicación dos mecanismos necesarios para mellorar as estruturas e os fundamentos da formación profesional turística.

n) A formación de formadoras ou formadores vinculados aos estudos turísticos, tanto desde o punto de vista teórico coma práctico, así como a formación continua dos traballadores do sector turístico, sen prexuízo das competencias que lles poidan corresponder a outros organismos.

ñ) Calquera outra actividade orientada a mellorar a posición do sector turístico de Galicia no marco español e internacional.

o) O exercicio da función estatística da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de turismo, no marco do previsto no artigo 44 da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia.

p) Todas as operacións que sexan preparatorias, auxiliares ou complementarias das mencionadas.

Orzamento de ingresos. Axencia de Turismo de Galicia

Distribución económica

	Capítulos	2020	2021	Variación 2021/2020 Importe	%	Valor Relativo 2020	2021
III	Taxas, prezos e outros ingresos	3.165	2.665	-500	-15,8	4,3	2,4
IV	Transferencias correntes	20.202	27.759	7.556	37,4	27,4	24,7
V	Ingresos patrimoniais	100	20	-80	-79,7	0,1	-
OPERACIÓNS CORRENTES		**23.467**	**30.444**	**6.977**	**29,7**	**31,8**	**27,1**
VI	Alleamento de investimentos reais	15	21	6	40,0	-	-
VII	Transferencias de capital	50.354	82.012	31.658	62,9	68,2	72,9
OPERACIÓNS DE CAPITAL		**50.369**	**82.033**	**31.664**	**62,9**	**68,2**	**72,9**
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		**73.836**	**112.477**	**38.641**	**52,3**	**100,0**	**100,0**
Total		**73.836**	**112.477**	**38.641**	**52,3**	**100,0**	**100,0**

(Miles de Euros)

Orzamento de gastos. Axencia de Turismo de Galicia

Distribución económica

	Capítulos	2020	2021	Variación 2021/2020 Importe	%	Valor Relativo 2020	2021
I	Gastos de persoal	11.210	11.344	134	1,2	15,2	10,1
II	Gastos en bens correntes e servizos	7.092	7.067	-25	-0,4	9,6	6,3
III	Gastos financeiros	0	0	0	-100,0	-	-
IV	Transferencias correntes	5.165	12.034	6.869	133,0	7,0	10,7
OPERACIÓNS CORRENTES		**23.467**	**30.444**	**6.977**	**29,7**	**31,8**	**27,1**
VI	Investimentos reais	36.605	52.369	15.764	43,1	49,6	46,6
VII	Transferencias de capital	13.763	29.664	15.900	115,5	18,6	26,4
OPERACIÓNS DE CAPITAL		**50.369**	**82.033**	**31.664**	**62,9**	**68,2**	**72,9**
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		**73.836**	**112.477**	**38.641**	**52,3**	**100,0**	**100,0**
VIII	Activos financeiros	0	0	0	-	-	-
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS		**0**	**0**	**0**	**-**	**-**	**-**
Total		**73.836**	**112.477**	**38.641**	**52,3**	**100,0**	**100,0**

(Miles de Euros)

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

O Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), foi creado pola Lei 5/1992, do 10 de xuño, como instrumento básico da actuación da Xunta de Galicia para impulsar o desenvolvemento competitivo do sistema produtivo galego, promovendo actividades que contribúan á creación do emprego en Galicia e a un desenvolvemento económico harmónico, equilibrado e xusto, baseado nun tecido industrial moderno e competitivo. Entre as súas funcións están as de fomentar a creación de novas empresas, promover a mellora da produtividade e competitividade das sociedades xa asentadas na comunidade autónoma, atraer investimentos foráneos e facilitar a internacionalización do tecido produtivo.

O órgano superior de goberno do IGAPE é o Consello de Dirección, ao que lle corresponden todas as facultades e funcións que sexan precisas para alcanzar os seus fins. Ademais, conta cun Consello Asesor.

Para o desenvolvemento das funcións, que o IGAPE ten encomendadas, conta cos seguintes órganos superiores de dirección:

- O presidente ou presidenta que será, por razón do seu cargo, a persoa titular da consellería competente en materia de Economía. Correspóndelle a representación do Igape en toda clase de actos ou negocios xurídicos e exercerá no seu nome accións e recursos e demais competencias que se lle asignan na precitada Lei 5/1992 no seu artigo 11.
- O director ou directora xeral, cuxo nomeamento lle corresponde ao Consello de Dirección, a proposta da persoa titular da Consellería. Correspóndelle exercer as competencias que se establecen no artigo 12 da Lei 5/1992 e as que lle fosen expresamente delegadas pola presidencia ou polo Consello de Dirección.

Así mesmo, o Instituto estrutúrase internamente nunha xerencia, tres áreas, e dúas unidades dependentes organicamente da Dirección:

- Xerencia: Ten por misión a coordinación, baixo as instrucións da Dirección, dos programas e actuacións das diferentes direccións de área e dos entes do sector público adscritos ao Instituto, a xestión dos asuntos relacionados co réxime interno e o réxime de persoal do Instituto, as propostas de simplificación e racionalización da actividade administrativa, a elaboración dos proxectos e plans xerais de actuación, prestar asistencia técnica, administrativa e apoio xurídico á persoa titular da dirección do instituto, a emisión de informes e anteproxectos normativos e de orzamentos do instituto, así como calquera outra que se lle encomende a Dirección do ente.
- Área de Investimento: Ten como misión fundamental a identificación, regulamento e xestión dos apoios financeiros ás empresas, en especial ás pequenas e medianas. Tales apoios, materializaranse en subvencións, préstamos, bonificacións de produtos financeiros, avais e outros instrumentos financeiros ou actuacións de semellantes características de apoio á actividade empresarial.

- Área de Competitividade: A súa misión é lograr a adopción e o desenvolvemento, por parte do tecido empresarial, de prácticas, metodoloxías ou sistemas que melloren o nivel competitivo das empresas galegas, promover a creación de empresas e promover a creación de emprego. Así mesmo, deberá propoñer e executar a política industrial de Galicia e a política de clúster.
- Area de Internacionalización: Ten como misión promover un incremento da cota de mercado internacional do empresariado galego e promover a entrada de investimento foráneo en Galicia de carácter produtivo, de cara a unha mellora do índice de emprego na nosa comunidade autónoma.
- Unidade de Operacións: Terá como misión planificar, coordinar e executar os distintos plans e programas de actuación co obxectivo de favorecer o equilibrio territorial de Galicia, e responsabilizarase da coordinación, información e asesoramento empresarial nas oficinas territoriais.
- Unidade de Proxectos estratéxicos: Encoméndaselle o asesoramento aos promotores de proxectos empresariais de todos os sectores produtivos que acudan ao Instituto na procura de apoio económico ou técnico, sexa o primeiro financeiro ou non financeiro, co fin de promover o asentamento de novas empresas no territorio galego e garantir o mantemento das existentes, a través da mellora da súa competitividade e produtividade.

Orzamento de ingresos. Instituto Galego de Promoción Económica

Distribución económica

Capítulos		2020	2021	Variación 2021/2020 Importe	%	Valor Relativo 2020	2021
III	Taxas, prezos e outros ingresos	1.590	1.714	124	7,8	1,3	0,7
IV	Transferencias correntes	10.410	10.289	-121	-1,2	8,2	3,9
V	Ingresos patrimoniais	460	460	0	-	0,4	0,2
OPERACIÓNS CORRENTES		**12.460**	**12.463**	**3**	**-**	**9,8**	**4,7**
VII	Transferencias de capital	88.360	227.847	139.487	157,9	69,8	86,8
OPERACIÓNS DE CAPITAL		**88.360**	**227.847**	**139.487**	**157,9**	**69,8**	**86,8**
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		**100.820**	**240.310**	**139.490**	**138,4**	**79,6**	**91,5**
VIII	Activos financeiros	25.824	22.208	-3.616	-14,0	20,4	8,5
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS		**25.824**	**22.208**	**-3.616**	**-14,0**	**20,4**	**8,5**
Total		**126.644**	**262.518**	**135.874**	**107,3**	**100,0**	**100,0**

(Miles de Euros)

Orzamento de gastos. Instituto Galego de Promoción Económica

Distribución económica

	Capítulos	2020	2021	Variación 2021/2020 Importe	%	Valor Relativo 2020	2021
I	Gastos de persoal	6.133	6.492	359	5,9	4,8	2,5
II	Gastos en bens correntes e servizos	2.187	2.133	-55	-2,5	1,7	0,8
III	Gastos financeiros	69	0	-69	-100,0	0,1	-
IV	Transferencias correntes	4.072	3.839	-233	-5,7	3,2	1,5
OPERACIÓNS CORRENTES		**12.460**	**12.463**	**3**	**-**	**9,8**	**4,7**
VI	Investimentos reais	8.883	15.085	6.202	69,8	7,0	5,7
VII	Transferencias de capital	54.691	102.760	48.069	87,9	43,2	39,1
OPERACIÓNS DE CAPITAL		**63.573**	**117.845**	**54.271**	**85,4**	**50,2**	**44,9**
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		**76.033**	**130.308**	**54.274**	**71,4**	**60,0**	**49,6**
VIII	Activos financeiros	47.451	129.050	81.599	172,0	37,5	49,2
IX	Pasivos financeiros	3.160	3.160	0	-	2,5	1,2
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS		**50.611**	**132.210**	**81.599**	**161,2**	**40,0**	**50,4**
	Total	**126.644**	**262.518**	**135.874**	**107,3**	**100,0**	**100,0**

(Miles de Euros)

AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN

O Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro (DOG núm. 19 do 27 de xaneiro de 2012), creou a Axencia Galega de Innovación en virtude da autorización prevista no punto primeiro da disposición adicional segunda da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómica de Galicia.

A Axencia Galega de Innovación ten como finalidade fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas e o apoio e impulso do crecemento e da competitividade das empresas galegas, implantando estratexias e programas de innovación eficientes a través dos seguintes obxectivos, sen prexuízo das competencias doutros organismos e entidades e, en todo caso, en estreita colaboración con eles:

Liderar as políticas de innovación das administracións públicas galegas.

Definir e desenvolver as políticas públicas que permitan ás empresas e ao resto de axentes o desenvolvemento de iniciativas de innovación construídas a partir de coñecementos que incrementen a súa competitividade e fomenten o seu crecemento.

Definir e desenvolver as políticas públicas orientadas á valorización do coñecemento desenvolvido polas empresas, universidades e centros de investigación de Galicia.

Definir e desenvolver as políticas públicas dirixidas a incrementar a eficiencia en resultados do Sistema Galego de Innovación, avaliados mediante a implantación dun sistema de indicadores de impacto contrastable.

Estimular a estruturación e consolidación do Sistema Galego de I+D+i.

Fomentar a investigación e o desenvolvemento científico e tecnolóxico, a través de iniciativas e programas específicos na Comunidade Autónoma Galega.

Promover as relacións de colaboración entre os distintos axentes do Sistema Galego de Innovación impulsando a creación e o fortalecemento de redes de coñecemento entre axentes públicos e privados desde unha perspectiva de intercambio e de investigación aberta.

Promover a progresiva internacionalización dos axentes e das iniciativas de innovación impulsando a presenza de empresas nos programas europeos de innovación e o acceso a fondos de financiamento internacionais.

Definir e desenvolver políticas públicas dirixidas á captación e xestión do talento que permitan, no seu conxunto, incrementar o rendemento innovador das empresas e do Sistema Galego de Innovación.

Coordinar os recursos autonómicos no ámbito da I+D+i e concertalos cos que se acheguen desde contribucións de plans estatais e fondos da Unión Europea.

Favorecer a transferencia de coñecemento e tecnoloxía entre os diferentes axentes e, particularmente, entre os organismos públicos de investigación e as empresas.

Apoiar a promoción e divulgación do coñecemento científico e tecnolóxico en Galicia, promovendo o interese da sociedade pola investigación, o desenvolvemento e a innovación.

O Decreto 85/2019, do 4 de xullo, modifica a estrutura organizativa da Axencia Galega de Innovación que queda definida en catro áreas e un departamento dependentes directamente da dirección da Axencia:

Área de Xestión, con nivel orgánico de subdirección xeral, correspóndelle a xestión e coordinación dos servizos xerais e administrativos da Axencia.

Área de Programas, con nivel orgánico de subdirección xeral, é a responsable do deseño e planificación estratéxica en materia de innovación, investigación e desenvolvemento tecnolóxico, así como da avaliación das convocatorias de axudas impulsadas pola Axencia no ámbito da I+D+i.

Área de Servizos. Destinada ao desenvolvemento de instrumentos para a captación de recursos nacionais e europeos de I+D+i, o asesoramento directo ás empresas neste ámbito, a avaliación e seguimento dos proxectos financiados e a xestión de programas de vixilancia tecnolóxica.

Área de Centros. Correspóndelle a dirección administrativa, xestión operativa e promoción dos centros e infraestruturas tecnolóxicas e produtivas que dependan da Axencia, a coordinación con outras infraestruturas tecnolóxicas do ecosistema de innovación galego, cos que se

establezan convenios de colaboración e cooperación para o desenvolvemento de programas e proxectos. Esta área tamén dará apoio á Área de Xestión na xestión económica e na xestión dos recursos humanos correspondente aos centros.

Departamento de Coordinación do Polo Aeroespacial de Rozas: correspóndelle a este departamento a coordinación do CIAR (Centro de Investigación Aerotransportada de Rozas) promovendo a utilización do Parque Industrial de Rozas (Lugo) así como das súas infraestruturas como espazo tecnolóxico orientado á innovación.

En virtude do Decreto 81/2017, do 3 de agosto, polo que se crea a Axencia Galega de Industria Forestal e se aproban os seus estatutos, o CIS-Madeira – Centro de Innovación e Servizos Tecnolóxicos da Madeira de Galicia integrouse na dita Axencia, manténdose adscrito a GAIN a CIS-Ferrol Centro de Innovación e Servizos de Deseño e Tecnoloxía.

Orzamento de ingresos. Axencia Galega de Innovación

Distribución económica

	Capítulos	2020	2021	Variación 2021/2020 Importe	%	Valor Relativo 2020	2021
III	Taxas, prezos e outros ingresos	109	130	21	19,2	0,1	0,1
IV	Transferencias correntes	11.237	11.439	202	1,8	11,1	9,0
V	Ingresos patrimoniais	3	3	0	-	-	-
OPERACIÓNS CORRENTES		**11.349**	**11.572**	**223**	**2,0**	**11,2**	**9,1**
VII	Transferencias de capital	90.091	115.135	25.044	27,8	88,8	90,9
OPERACIÓNS DE CAPITAL		**90.091**	**115.135**	**25.044**	**27,8**	**88,8**	**90,9**
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		**101.440**	**126.707**	**25.267**	**24,9**	**100,0**	**100,0**
Total		**101.440**	**126.707**	**25.267**	**24,9**	**100,0**	**100,0**

(Miles de Euros)

Orzamento de gastos. Axencia Galega de Innovación

Distribución económica

	Capítulos	2020	2021	Variación 2021/2020 Importe	%	Valor Relativo 2020	2021
I	Gastos de persoal	4.732	5.120	388	8,2	4,7	4,0
II	Gastos en bens correntes e servizos	479	466	-13	-2,7	0,5	0,4
III	Gastos financeiros	123	120	-3	-2,2	0,1	0,1
IV	Transferencias correntes	6.016	5.867	-149	-2,5	5,9	4,6
OPERACIÓNS CORRENTES		**11.349**	**11.572**	**223**	**2,0**	**11,2**	**9,1**
VI	Investimentos reais	20.242	21.538	1.296	6,4	20,0	17,0
VII	Transferencias de capital	63.025	87.154	24.130	38,3	62,1	68,8
OPERACIÓNS DE CAPITAL		**83.267**	**108.692**	**25.426**	**30,5**	**82,1**	**85,8**
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		**94.616**	**120.264**	**25.648**	**27,1**	**93,3**	**94,9**
VIII	Activos financeiros	2.334	1.950	-384	-16,5	2,3	1,5
IX	Pasivos financeiros	4.490	4.493	3	0,1	4,4	3,5
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS		**6.824**	**6.443**	**-381**	**-5,6**	**6,7**	**5,1**
Total		**101.440**	**126.707**	**25.267**	**24,9**	**100,0**	**100,0**

(Miles de Euros)

INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

Os obxectivos básicos da axencia Instituto Enerxético de Galicia son o fomento, impulso e realización de iniciativas e programas de actuación para a investigación, o estudo e apoio das actuacións de coñecemento, desenvolvemento e aplicación das tecnoloxías enerxéticas, incluídas as renovables, a mellora do aforro e a eficiencia enerxética, o fomento do uso racional da enerxía e, en xeral, a óptima xestión dos recursos enerxéticos nos distintos sectores económicos de Galicia, así como a participación na xestión e prestación, de selo caso, de servizos noutros campos sinérxicos ó enerxético, de acordo coas directrices do Goberno no ámbito das súas competencias.

As súas funcións xerais son:

- Elaborar e propoñer á consellería competente en materia de enerxía plans e programas en materia enerxética.
- Promover e, de selo caso, executar os plans e programas indicados, aprobados pola consellería competente en materia de enerxía.
- Controlar, vixiar e inspeccionar, dentro do ámbito de actuación do Instituto Enerxético de Galicia e en coordinación coa subdirección xeral competente en materia de enerxía, as instalacións de produción, condución, distribución, subministración e consumo de enerxía, tendo como obxectivo prioritario a seguridade das instalacións.
- Propoñer a elaboración de disposicións para o establecemento, o desenvolvemento e a xestión da política enerxética.
- Fomentar e desenvolver programas de asesoramento e auditoría enerxéticos e auditorías para impulsar actuacións de aforro e mellora da eficacia enerxética, elaborar programas de racionalización do uso da enerxía e promover o aproveitamento dos recursos enerxéticos.
- Fomentar e participar en programas e proxectos de investigación e desenvolvemento de tecnoloxías enerxéticas, bens de equipamento e servizos relacionados coa enerxía.
- Fomentar e participar na avaliación e implantación de sistemas de produción de enerxía baseados en recursos endóxenos, con especial promoción dos que utilicen enerxías renovables e de coxeración.
- Elaborar estudos e realizar e emitir informes e recomendacións en materia enerxética para entes públicos ou privados.
- Organizar programas de formación e reciclaxe profesional, en colaboración con centros de formación de ámbito universitario e profesional.
- Orientar ás persoas usuarias nos hábitos de consumo enerxético mediante campañas e actuacións específicas.
- Fomentar a participación das empresas e institucións galegas nos programas enerxéticos estatais e internacionais, principalmente os emprendidos pola Unión Europea, así como emitir informes e asesorar sobre as directrices e programas comunitarios dirixidos ao ámbito enerxético.

- O Instituto Enerxético de Galicia poderá exercer a representación da comunidade autónoma nos organismos previstos pola normativa vixente en materia enerxética.
- Xestionar a Rede de enerxía da Xunta de Galicia, creada mediante o Decreto 66/2013, do 18 de abril.
- Realizar unha labor divulgativa e formativa no ámbito da certificación enerxética de edificios.
- Impulsar e xestionar incentivos para a implantación de proxectos de enerxías renovables e de eficiencia enerxética.
- Asesorar no ámbito enerxético e promover a realización de estudos para a posta en marcha de medidas de eficiencia enerxética e enerxías renovables na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia.
- Impulsar e realizar o seguimento de proxectos innovadores con carácter demostrativo no ámbito da enerxía.
- O Instituto Enerxético de Galicia poderá ter a representación da comunidade autónoma nos organismos previstos pola Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, así como por calquera outra lei en materia enerxética.

Orzamento de ingresos. Instituto Enerxético de Galicia

Distribución económica

Capítulos		2020	2021	Variación 2021/2020 Importe	%	Valor Relativo 2020	2021
III	Taxas, prezos e outros ingresos	329	329	0	-	1,1	0,9
IV	Transferencias correntes	1.644	1.729	85	5,2	5,7	4,5
V	Ingresos patrimoniais	2	2	0	-	-	-
OPERACIÓNS CORRENTES		**1.975**	**2.060**	**85**	**4,3**	**6,8**	**5,3**
VII	Transferencias de capital	27.009	36.614	9.606	35,6	93,2	94,7
OPERACIÓNS DE CAPITAL		**27.009**	**36.614**	**9.606**	**35,6**	**93,2**	**94,7**
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		**28.984**	**38.675**	**9.691**	**33,4**	**100,0**	**100,0**
Total		**28.984**	**38.675**	**9.691**	**33,4**	**100,0**	**100,0**

(Miles de Euros)

Orzamento de gastos. Instituto Enerxético de Galicia

Distribución económica

	Capítulos	2020	2021	Variación 2021/2020 Importe	%	Valor Relativo 2020	2021
I	Gastos de persoal	1.559	1.650	91	5,8	5,4	4,3
II	Gastos en bens correntes e servizos	352	346	-6	-1,6	1,2	0,9
IV	Transferencias correntes	64	64	0	-	0,2	0,2
OPERACIÓNS CORRENTES		**1.975**	**2.060**	**85**	**4,3**	**6,8**	**5,3**
VI	Investimentos reais	510	916	406	79,6	1,8	2,4
VII	Transferencias de capital	26.499	35.698	9.200	34,7	91,4	92,3
OPERACIÓNS DE CAPITAL		**27.009**	**36.614**	**9.606**	**35,6**	**93,2**	**94,7**
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		**28.984**	**38.675**	**9.691**	**33,4**	**100,0**	**100,0**
	Total	**28.984**	**38.675**	**9.691**	**33,4**	**100,0**	**100,0**

(Miles de Euros)

AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL

731A-Dirección e servizos xerais de industria	8.211.607
Vicepresidencia 2ª e Consellería de Economía, Empresa e Innovación	8.211.607
732A-Regulación e soporte da actividade industrial	16.930.548
Vicepresidencia 2ª e Consellería de Economía, Empresa e Innovación	16.930.548
733A-Eficiencia enerxética e enerxías renovables	41.664.033
Instituto Enerxético de Galicia	38.674.810
Vicepresidencia 2ª e Consellería de Economía, Empresa e Innovación	2.989.223
734A-Fomento da minaría	2.387.274
Vicepresidencia 2ª e Consellería de Economía, Empresa e Innovación	2.387.274
74-Desenvolvemento empresarial	***308.668.043***
741A-Apoio a modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produtividade empresarial	308.668.043

Distribución funcional e por programas do orzamento consolidado

Axencia Galega da Industria Forestal	23.510.428
Instituto Galego de Promoción Económica	262.517.615
Consellería do Medio Rural	22.640.000
75-Comercio	***23.494.605***
751A-Ordenación, regulación e promoción do comercio interior de Galicia	23.494.605
Vicepresidencia 2ª e Consellería de Economía, Empresa e Innovación	23.494.605
76-Turismo	***112.476.981***
761A-Potenciación e promoción do turismo	112.476.981
Axencia de Turismo de Galicia	112.476.981

Distribución funcional e por programas do orzamento consolidado

8-Transferencias a entidades locais	**129.450.335**
81-Transferencias a entidades locais	***129.450.335***
811B-Transferencias a entidades locais por participación nos ingresos da C. A.	127.057.910
Transferencias a corporacións locais	127.057.910
811C-Outros soportes financeiros ás entidades locais	2.392.425
Gastos de diversas consellarías	2.392.425

Distribución funcional e por programas do orzamento consolidado

9-Débeda pública	**1.671.784.382**
91-Débeda pública	***1.671.784.382***
911A-Amortización e gastos financeiros da débeda pública	1.671.784.382
Débeda pública da Comunidade Autonóma	1.671.784.382

A CONTA FINANCEIRA

O texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, aprobado por Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, establece que os orzamentos xerais da comunidade autónoma teñen que presentarse e aprobarse en equilibrio, de forma que os créditos autorizados non superen os recursos previstos nos respectivos estados de ingresos.

Os pasos dados ata chegar a esa situación de equilibrio póñense de manifesto mediante a interrelación das grandes magnitudes orzamentarias analizadas na conta financeira, que a través de diversos saldos como son o aforro corrente, formación de capital, capacidade ou necesidade de financiamento e o endebedamento neto, facilitan unha información moi básica, pero ao mesmo tempo precisa, sobre o alcance e composición dos orzamentos.

No ano 2021 o aforro por operacións correntes alcanza os 952 millóns de euros motivado pola suba que experimentan os ingresos correntes nun 6,1%.

Os ingresos por operacións de capital 1.044,3 millóns de euros tamén se incrementan respecto ao ano anterior motivado pola dotación dos fondos FEDER REACT-EU, así como doutras transferencias finalistas. O gasto de capital dos capítulos VI e VII ascende a 2.503 millóns de euros, incrementándose nun 48% respecto aos orzamentos de 2020. Finánciase, en parte, cos ingresos por operacións de capital, polo que o saldo resultante determina unha formación de capital de 1.458,6 millóns de euros, que financiada co aforro por operacións correntes e xunto co fondo de continxencia, determina unha necesidade de financiamento de 552,1 millóns de euros, incrementándos nun 36,3% respecto ao ano anterior.

A diferenza entre as atencións e os recursos, dentro das operacións financeiras, determinan igualmente unha necesidade de financiamento de 552,1 millóns de euros.

O endebedamento neto, obtido como diferenza entre os capítulos IX de ingresos e gastos alcanza os 770,6 millóns de euros. O destino do endebedamento é, por unha parte, o financiamento de activos financeiros, 218,5 millóns, e por outra, o resto de endebedamento neto que son os 552,1 millóns de euros.

Conta Financeira

Operacións Correntes	2020	2021	Var. 2021/2020 Importe	%
Ingresos	9.392.392	9.966.617	574.225	6,1
Impostos directos	2.616.465	2.747.988	131.523	5,0
Impostos indirectos	3.637.903	3.337.412	-300.491	-8,3
Taxas, prezos e outros ingresos	187.488	171.582	-15.906	-8,5
Transferencias correntes	2.942.950	3.702.638	759.688	25,8
Ingresos patrimoniais	7.586	6.996	-589	-7,8
Gastos	8.424.411	9.014.635	590.224	7,0
Gastos de persoal	4.030.697	4.305.902	275.205	6,8
Gastos en bens correntes e servizos	1.839.634	2.012.965	173.331	9,4
Gastos financeiros	143.379	99.865	-43.513	-30,3
Transferencias correntes	2.410.701	2.595.903	185.202	7,7
Aforro	**967.980**	**951.981**	**-15.999**	**-1,7**

Operacións de Capital	2020	2021	Var. 2021/2020 Importe	%
Ingresos	708.283	1.044.257	335.974	47,4
Alleamento de investimentos reais	6.755	4.961	-1.794	-26,6
Transferencias de capital	701.528	1.039.296	337.768	48,1
Gastos	1.691.215	2.502.902	811.687	48,0
Investimentos reais	928.867	1.535.106	606.239	65,3
Transferencias de capital	762.348	967.796	205.448	26,9
Formación de Capital	**982.932**	**1.458.644**	**475.713**	**48,4**
Fondo de continxencia	33.317	45.417	12.100	36,3
Necesidade de Financiamento	**-48.268**	**-552.080**	**-503.812**	**1.043,8**

Operacións Financeiras	2020	2021	Var. 2021/2020 Importe	%
Atencións	1.672.632	1.833.551	160.920	9,6
Activos financeiros	153.921	243.624	89.703	58,3
Pasivos financeiros	1.518.711	1.589.928	71.216	4,7
Recursos	1.720.900	2.385.632	664.731	38,6
Activos financeiros	29.194	25.110	-4.084	-14,0
Endebedamento bruto	1.691.706	2.360.521	668.815	39,5
Necesidade de Financiamento	**-48.268**	**-552.080**	**-503.812**	**1.043,8**

(Miles de Euros)

Endebedamento Neto	2020	2021	Var. 2021/2020 Importe	%
Endebedamento bruto	1.691.706	2.360.521	668.815	39,5
Amortizacións	1.518.711	1.589.928	71.216	4,7
Endebedamento Neto	**172.995**	**770.594**	**597.599**	**345,4**

Destino Endebedamento Neto	2020	2021	Var. 2021/2020 Importe	%
Endebedamento que financia activos financeiros	124.727	218.513	93.787	75,2
Resto Endebedamento Neto	48.268	552.080	503.812	1.043,8
Endebedamento Neto	**172.995**	**770.594**	**597.599**	**345,4**

Operacións Financeiras	2020	2021	Var. 2021/2020 Importe	%
Atencións	**1.672.632**	**1.833.551**	**160.920**	**9,6**
Activos financeiros	153.921	243.624	89.703	58,3
Prestamos e avais a empresas IGAPE	47.451	129.050	81.599	172,0
Activos financeiros Innovación	2.334	1.950	-384	-16,5
Resto Activos financeiros	104.136	112.624	8.488	8,2
Pasivos financeiros	1.518.711	1.589.928	71.216	4,7
Amortización débeda IGAPE	3.160	3.160	0	0,0
Amortización subvencións reintegrables	4.635	14.483	9.848	212,4
Amortización débeda financeira	1.510.916	1.572.284	61.369	4,1
Recursos	**1.720.900**	**2.385.632**	**664.731**	**38,6**
Activos financeiros	29.194	25.110	-4.084	-14,0
Reintegro empresas préstamos IGAPE	15.824	18.208	2.384	15,1
Reintegro subvencións reintegrables	1.611	1.618	7	0,4
Outros ingresos de activos financeiros	11.759	5.285	-6.474	-55,1
Endebedamento bruto	1.691.706	2.360.521	668.815	39,5
Débeda financeira da C. Autónoma	1.691.706	2.360.521	668.815	39,5
Necesidade de Financiamento	**-48.268**	**-552.080**	**-503.812**	**1.043,8**



ORZAMENTO EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL

VI. ORZAMENTO EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL

O artigo 4.1 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira de Galicia supedita a política orzamentaria dos distintos axentes que integran o sector público autonómico ao cumprimento estrito do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Este precepto ven a concretar o mandato xeral recollido na normativa básica que rexe a actividade económico financeira da comunidade autónoma, artigo 3 da Lei de estabilidade orzamentaria e artigo 46 da Lei de réxime financeiro da comunidade autónoma, que consagra a elaboración do orzamento ao mantemento da estabilidade orzamentaria.

Tamén a Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade Financeira, establece no seu artigo 27 que "os orzamentos de cada administración pública acompañaranse da información precisa para relacionar o saldo resultante dos ingresos e gastos do orzamento coa capacidade ou necesidade de financiamento calculada conforme ás normas do sistema europeo de contas nacionais e rexionais".

Enténdese por estabilidade orzamentaria, aplicable a todos os entes que integran o sector público autonómico agás os sinalados no parágrafo seguinte, a situación de equilibrio ou de superávit estrutural, en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (en diante, SEC-2010), e nas condicións establecidas para cada unha das Administracións públicas.

Así mesmo, os entes e sociedades mercantís que pertenzan ao sector público autonómico e non se financien maioritariamente con achegas da Xunta de Galicia deberán elaborar, aprobar e executar os seus orzamentos nunha posición de equilibrio financeiro.

O SEC-2010 é un sistema de Contabilidade Nacional e constitúe un marco contable comparable a escala internacional, coa finalidade de realizar unha descrición sistemática e polo miúdo dunha economía no seu conxunto, das súas compoñentes e das súas relacións con outras economías.

O SEC-2010 non é daquela un sistema directamente aplicable ao orzamento das administracións públicas nin á contabilidade patrimonial de partida dobre. Pero si que deberá empregarse para poder definir a capacidade de financiamento e, por tanto, débese atender aos seus criterios para calculala.

O obxectivo de estabilidade orzamentaria debe cumprirse tanto na fase de elaboración e aprobación do orzamento como na fase da súa execución. É por isto polo que o proceso de orzamentación debe planificarse non só en termos de contabilidade orzamentaria, senón tamén en termos de contabilidade nacional.

Isto significa que deben terse en conta por anticipado na elaboración dos orzamentos os axustes positivos e negativos que se estima experimentarán os ingresos e os gastos pola aplicación de criterios SEC-2010, obtendo, como se comentou anteriormente, o límite de gasto non financeiro en termos de contabilidade nacional. Pretender o equilibrio en termos de estabilidade a partires da simple igualdade dos capítulos non financeiros do orzamento, sen ter en conta a priori os axustes que provocan, nos ingresos e nos gastos, os criterios de contabilidade nacional é abocarse á incertidume do resultado da liquidación neses mesmos termos.

Existen dous grandes grupos de criterios que caracterizan o SEC fronte ao orzamento administrativo:

- Un primeiro grupo de criterios que explican a delimitación do sector público e permiten, por tanto, clasificar, ou non, os entes nos que participa a Xunta de Galicia dentro do sector público autonómico (e polo tanto, dentro do perímetro de consolidación en termos SEC). Estes criterios aparecen descritos no apartado de ámbito subxectivo de cada lei de orzamentos da comunidade autónoma.
- Un segundo grupo, son os criterios estritamente contables para calcular a capacidade ou necesidade de financiamento. Estes, a efectos prácticos, derivan nunha serie de axustes a realizar sobre a contabilidade orzamentaria ou administrativa co fin de reflectir a capacidade ou necesidade de financiamento dun sector. De seguido descríbense os que se tiveron en conta para expresar o resultado orzamentario en termos de contabilidade nacional:

AXUSTES DE CONTABILIDADE NACIONAL

Os axustes tidos en conta para a elaboración do orzamento foron os seguintes:

- Outras unidades consideradas AAPP: axuste pola diferenza entre os importes que a administración central e a seguridade social contabilizan como obrigas a favor da comunidade autónoma e os importes contabilizados como dereitos recoñecidos por esta. Soen ser importes que se recadan a principios de exercicio e que se recoñeceron como obrigas no exercicio precedente polas administracións pagadoras. Igualmente recóllense aquí as achegas de capital xa que se consideran gasto non financeiro os importes das achegas de capital realizadas a entidades do sector público autonómico. A máis importante é a da CRTVG para compensar perdas. Tamén se consideran gasto as achegas a Fundacións do sector público autonómico.

- Recadación incerta: diferenza entre o importe dos dereitos recoñecidos nos capítulos I a III do orzamento de ingresos e o importe recadado en ditos capítulos, tanto en corrente como en exercicios anteriores.

- Intereses devindicados: no orzamento os intereses rexístranse no exercicio no que se produce o seu vencemento, mentres que o criterio de contabilidade nacional determina a imputación ao exercicio dos intereses devindicados no mesmo.

- Axustes por execución de avais: recolle o importe das contías avaladas pola comunidade autónoma, declarados falidos e que se pagan por unha aplicación do capítulo VIII.

- Estradas por concesión: en contabilidade nacional as estradas por concesión son gasto no intre en que o concesionario realiza o investimento, polo que a medida que, unha vez terminada a estrada, a Xunta paga o correspondente canon mediante o que se amortiza, realízase un axuste positivo ao ser un gasto xa computado.

- E, por último, como maior ingreso recóllese o axuste debido ao pago da anualidade das contías aprazadas polas liquidacións negativas dos anos 2008 e 2009.

De seguido recóllese un estado descritivo dos cálculos do orzamento en termos de contabilidade nacional e o resultado coma porcentaxe do PIB estimado para Galicia, así como a súa comparativa co exercicio anterior.

Igualmente, aos efectos de calcular o PIB nominal relevante para o cálculo da necesidade máxima de financiamento da comunidade autónoma, aplícanse as instrucións do Ministerio de Facenda que parten do último PIB rexional de Galicia estimado polo INE, ao que se lle aplican os crecementos do PIB nominal do cadro macroeconómico.

En base a esta metodoloxía a necesidade de financiamento que conforma o obxectivo de estabilidade orzamentaria para 2021 é de 585 millóns de euros.

ORZAMENTO EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL	2020	2021	Var. 2021/2020 Importe	%
Ingresos Correntes	9.392	9.967	574	6,1
Gastos Correntes	8.424	9.015	590	7,0
AFORRO BRUTO ORZAMENTARIO	968	952	-16	-1,7
Fondo de continxencia	33	45	12	36,3
Ingresos de Capital	708	1.044	336	47,4
Gastos de Capital	1.691	2.503	812	48,0
GASTOS DE OPERACIÓNS DE CAPITAL	-983	-1.459	-476	48,4
DÉFICIT ORZAMENTARIO NON FINANCEIRO	**-48**	**-552**	**-504**	**1043,8**
Liquidacións negativas sistema	85	85	0	0,0
Outras unidades consideradas aapp	-86	-92	-6	7,0
Recadación incerta	-27	-34	-7	27,8
Intereses devindicados	1	1	0	0,0
Outros axustes	6	6	0	0,0
TOTAL AXUSTES CONTABILIDADE NACIONAL	-20	-33	-13	67,7
NECESIDADE DE FINANCIAMENTO	**-68**	**-585**	**-517**	**759,8**

	2020	2021
% PIB Galicia	0,1	1
PIB Galicia estimado	67.683	62.266

ENTIDADES PÚBLICAS EMPRESARIAIS

VII. ENTIDADES PÚBLICAS EMPRESARIAIS

O Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma a potestade para constituír empresas públicas como medio de execución das funcións que son da súa competencia. Esa autorización deriva do recoñecemento explícito da iniciativa pública na actividade económica que aparece recollido no artigo 128 da Constitución, e rompe co principio de subsidiariedade da iniciativa pública, que supeditaba a creación de empresas públicas á falta da iniciativa privada. Por tanto a súa razón de ser hai que buscala no carácter de servizo público da actividade que desenvolven, no interese xeral que para o conxunto da sociedade supón a súa actuación ou por outras razóns, ben de oportunidade ou conveniencia, que xustifican a súa creación.

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, desenvolve o réxime xurídico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das restantes entidades instrumentais do sector público autonómico, entre as que se atopan as entidades públicas empresariais.

As entidades públicas empresariais son entes instrumentais aos que se lles encomenda a realización, consonte criterios de xestión empresarial, de actividades prestacionais, de xestión de servizos públicos ou de produción de bens de interese público susceptibles de contraprestación. A súa organización e o seu réxime xurídico interno regúlanse polo dereito administrativo, e o seu réxime xurídico externo regúlase polo dereito privado, excepto no exercicio das potestades administrativas que teñan atribuídas e nos aspectos especificamente previstos en normas con rango de lei. En todo caso, actuarán baixo o control e a dependencia ou tutela da Administración xeral de Galicia ou doutra entidade instrumental integrante do sector público autonómico.

A Resolución de 14 de outubro do ano 2020, da Dirección xeral de Planificación e Orzamentos, pola que se establecen os formatos da documentación a remitir polos entes públicos empresariais, sociedades mercantís, fundación e consorcios do Sector Público Autonómico, ao abeiro da Orde de 9 de outubro de 2020 pola que se instrucións para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, establece os formatos que deberán empregar as entidades públicas empresariais para remitir a súa documentación orzamentaria co obxecto de garantir un uso máis eficiente e transparente dos recursos asignados ao sector público empresarial nun contexto de austeridade no gasto público.

Os modelos e formatos dos estados financeiros esixidos ás entidades públicas empresariais son os recollidos no Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, aprobado pola Orde de 28 de novembro de 2001, xunto cun cadro de Estado de Fluxo de Efectivo adaptado ás súas peculiaridades.

Na formulación do programa de actuacións, investimentos e financiamento (PAIF) que estes entes deben presentar, deberán ter en conta os obxectivos considerados no Plan estratéxico de Galicia e nos plans xerais, sectoriais e transversais que os poidan afectar e, polo miúdo, os

obxectivos que recolla o programa orzamentario consolidado que conteña, se é o caso, as transferencias correntes e de capital para financiar as actividades e os proxectos do ente.

A continuación preséntanse os orzamentos de explotación e capital das entidades públicas empresariais para o ano 2021 así como as transferencias da Comunidade Autónoma con que se financian.

Entidades públicas empresariais

	Explotación	Capital
Portos de Galicia	17.048	18.442
Augas de Galicia	33.481	95.418
Total	**50.528**	**113.859**

(Miles de Euros)

Entidades públicas empresariais

	Subvenciones de explotación	Subvenciones de capital
Portos de Galicia	0	8.351
Augas de Galicia	0	68.927
TOTAL	**0**	**77.278**

(Miles de Euros)



CONSORCIOS AUTONÓMICOS

VIII. CONSORCIOS AUTONÓMICOS

A Lei 3/2009, do 23 de xuño, pola que se modifica o artigo 48 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, inclúe dentro do ámbito dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, os orzamentos dos consorcios nos que concorran os requisitos determinados polo Sistema Europeo de Contas para integrarse no sector da administración pública autonómica de Galicia.

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, desenvolve o réxime xurídico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das restantes entidades instrumentais do sector público autonómico, entre as que se atopan os consorcios.

A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia pode constituír, mediante convenio, consorcios con outras administracións públicas para a xestión de servizos da súa competencia ou para a consecución de fins de interese común, así como con entidades privadas sen ánimo de lucro que persigan fins de interese público concorrentes cos da Xunta de Galicia, para a realización destes.

Teñen a consideración de consorcios autonómicos aqueles consorcios nos que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, directamente ou a través das entidades instrumentais reguladas na Lei 16/2010, achégase maioritariamente os medios necesarios para a súa constitución e funcionamento ou se comprometese, no momento da súa constitución, a financialos maioritariamente, sempre que a actuación dos seus órganos de dirección e goberno estea suxeita ao poder de decisión da Administración xeral da Comunidade Autónoma ou doutra entidade instrumental do sector público autonómico.

Os consorcios autonómicos son entidades instrumentais da Administración xeral da Comunidade Autónoma dotadas de personalidade xurídica propia, que suxeitan a súa actividade ás normas que rexen a organización, o funcionamento e a actuación das administracións públicas, así como ao establecido no seu convenio de creación e no seu estatuto.

A Resolución de 14 de outubro do ano 2020, da Dirección xeral de Planificación e Orzamentos, pola que se establecen os formatos da documentación a remitir polos entes públi-cos empresariais, sociedades mercantís, fundación e consorcios do Sector Público Autonómico, ao abeiro da Orde de 9 de outubro de 2020 pola que se instrucións para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, establece os formatos que deberán empregar os consorcios para remitir a súa documentación orzamentaria co obxecto de garantir un uso máis eficiente e transparente dos recursos asignados ao sector público empresarial nun contexto de austeridade no gasto público.

Consorcios autonómicos

	Explotación	Capital
Axencia de Protección da Legalidade Urbanística	3.852	1.983
Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar	88.884	4.496
Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia	1.299	22
Consorcio Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia	838	54
Consorcio para a xestión e expl. Da rede básica de abast. De auga aos concellos de Cervo e Burela	386	
Consorcio Casco Vello de Vigo	475	2.583
Consorcio Local dos Peares	71	4
Total	**95.805**	**9.142**

(Miles de Euros)



SOCIEDADES MERCANTÍS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

IX. SOCIEDADES MERCANTÍS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

O Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma a potestade para constituír empresas públicas como medio de execución das funcións que son da súa competencia. Esa autorización deriva do recoñecemento explícito da iniciativa pública na actividade económica que aparece recollido no artigo 128 da Constitución, e rompe co principio de subsidiariedade da iniciativa pública, que supeditaba a creación de empresas públicas á falta da iniciativa privada. Por tanto a súa razón de ser hai que buscala no carácter de servizo público da actividade que desenvolven, no interese xeral que para o conxunto da sociedade supón a súa actuación ou por outras razóns, ben de oportunidade ou conveniencia, que xustifican a súa creación.

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, desenvolve o réxime xurídico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das restantes entidades instrumentais do sector público autonómico, entre as que se atopan as sociedades mercantís públicas. Segundo o artigo 102 da citada lei son sociedades mercantís públicas autonómicas as sociedades mercantís, calquera que sexa a forma que adopten, en cuxo capital social sexa maioritaria a participación directa ou indirecta da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais reguladas nesa lei. Ademais, seranlles aplicables as disposicións contidas na Lei 16/2010 ás sociedades mercantís que, sen teren a natureza de sociedades mercantís autonómicas, se atopen nalgún dos seguintes supostos:

a) Que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou as entidades instrumentais reguladas nesta lei dispoñan da maioría dos dereitos de voto na sociedade, ben directamente ben mediante acordos con outros socios.
b) Que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou as entidades instrumentais reguladas nesta lei teñan dereito a nomear ou a separar á maioría dos membros dos órganos de goberno da sociedade, ben directamente ben mediante acordos con outros socios.

A Resolución de 14 de outubro do ano 2020, da Dirección xeral de Planificación e Orzamentos, pola que se establecen os formatos da documentación a remitir polos entes públi-cos empresariais, sociedades mercantís, fundación e consorcios do Sector Público Autonómico, ao abeiro da Orde de 9 de outubro de 2020 pola que se instrucións para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, establece os formatos que deberán empregar as sociedades mercantís públicas para remitir a súa documentación orzamentaria co obxecto de garantir un uso máis eficiente e transparente dos recursos asignados ao sector público empresarial nun contexto de austeridade no gasto público.

Os modelos e formatos dos estados financeiros esixidos ás sociedades mercantís públicas son os autorizados pola normativa contable vixente para a formulación das contas anuais, é dicir,

presentarán os modelos que establece o Plan Xeral de Contabilidade, aprobado por Real Decreto 1514/2007, do 16 de novembro.

A continuación preséntanse os orzamentos de explotación e capital das sociedades mercantís públicas para o ano 2021 así como as transferencias da Comunidade Autónoma con que se financian.

Sociedades mercantís públicas autonómicas

	Explotación	Capital
Redes de Telecomunicación Galegas, S.A.	8.595	500
Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.	3.611	1.810
Sodiga Galicia, Sociedade de Capital Risco, S.A.	1.006	
Xesgalicia, sociedade xestora de entidades capital risco, s.a.	2.230	20
Galicia calidade,S.A.	774	6
Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.	1.507	53
Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, S.A.	6.261	
Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A.	16.438	
Xenética Fontao, S.A.	3.942	380
Galaria Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A.	15.334	4.055
Sociedade Galega de Medio Ambente, S.A.	101.363	17.935
Xestión do solo de Galicia - XESTUR S.A.	31.957	12
Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A.	101.512	8.839
Total	**294.532**	**33.610**

(Miles de Euros)

Sociedades mercantís públicas autonómicas

	Subvenciones de explotación	Subvenciones de capital
Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.	0	10.566
Galicia calidade,S.A.	395	220
Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.	628	545
Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, S.A.	5.869	0
Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A.	0	7.750
Xenética Fontao, S.A.	150	0
Galaria Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A.	15.589	3.000
Xestión do solo de Galicia - XESTUR S.A.	20	8.000
Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A.	0	250
TOTAL	**22.650**	**30.331**

(Miles de Euros)

FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

X. FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

O Estatuto de Autonomía de Galicia, na alínea 26, do artigo 27, confire á Xunta de Galicia a competencia exclusiva en materia de fundacións de interese galego.

A Constitución Española, no artigo 34.1 recoñece o dereito de fundación para fins de interese xeral, de conformidade coa lei.

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, desenvolve o réxime xurídico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das restantes entidades instrumentais do sector público autonómico, entre as que se atopan as fundacións do sector público. Neste senso, o artigo 113 da citada lei define como fundacións do sector público autonómico aquelas fundacións nas que concorra algunha das seguintes circunstancias:

- Que se constitúan, directa ou indirectamente, cunha achega maioritaria ou exclusiva da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e/ou das entidades integrantes do sector público autonómico.
- Que o seu patrimonio fundacional, con carácter de permanencia, estea formado en máis dun 50% por bens e dereitos achegados ou cedidos polas referidas entidades.
- Que os seus ingresos proveñan maioritariamente dos orzamentos da Comunidade Autónoma sempre que, neste caso, se posúa a maioría ou se exerza control análogo sobre os seus órganos de goberno e dirección.

A Resolución de 14 de outubro do ano 2020, da Dirección xeral de Planificación e Orzamentos, pola que se establecen os formatos da documentación a remitir polos entes públi-cos empresariais, sociedades mercantís, fundación e consorcios do Sector Público Autonómico, ao abeiro da Orde de 9 de outubro de 2020 pola que se instrucións para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, establece os formatos que deberán empregar as fundacións públicas autonómicas para remitir a súa documentación orzamentaria co obxecto de garantir un uso máis eficiente e transparente dos recursos asignados ao sector público empresarial nun contexto de austeridade no gasto público.

Os modelos e formatos dos estados financeiros esixidos ás fundacións son os autorizados pola normativa contable vixente para a formulación das contas anuais, recollida no Real Decreto 1491/2011, de 24 de outubro, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral de contabilidade ás entidades sen fins lucrativos e o modelo de plan de actuación das entidades sen fins lucrativas.

Fundacións do sector público autonómico

	Explotación	Capital
Fundación Instituto Galego de Oftalmoloxía	1.279	74
Fundación Pública Cidade da Cultura de Galicia	7.868	9.400
Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia 061	74.336	
Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica	4.800	1.425
Fundación Galicia Europa	759	4
Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas	1.295	5
Fundación Semana Verde de Galicia	2.904	
Fundación Centro Galego de Artesanía e Deseño	684	5
Fundación Centro Tecnolóxico Supercomputación de Galicia	2.462	23.002
Fundación Exposicións e Congresos A Estrada	206	
Fundación Feiras e Exposicións de Lugo	520	29
Fundación feiras e Exposicións de Ourense	1.315	30
Instituto Feiral de A Coruña	420	
Fundación Centro Tecnolóxico da Carne	2.255	450
Fundación Pública Galega Rof Codina	1.921	10
Fundación Deporte Galego	3.990	10
Fundación Centro Tecnolóxico do Mar	4.097	
Fundación Galega Formación para o Traballo	627	1
Fundación Camilo José Cela	289	2
Total	**112.028**	**34.446**

(Miles de Euros)



DATOS CONSOLIDADOS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

XI. DATOS CONSOLIDADOS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

A Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustenibilidade financeira, establece o ámbito subxectivo do sector público de acordo ca definición e delimitación do Sistema Europeo de contas Nacionais e Rexionais, entre o que se inclúe ás Comunidades Autónomas; tamén se considera sector público ao resto das entidades públicas empresariais, sociedades mercantís e demais entes de dereito público dependentes daquela. Dentro do ámbito normativo da Comunidade Autónoma está en vigor a Lei 2/2011, do 16 de xuño, de Disciplina Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, que tamén será de aplicación en todo o que non contraveña o disposto na Lei orgánica.

Respecto aos diferentes tipos de entidades que integran os orzamentos sectorizados da comunidade autónoma, destacan dous grandes agrupacións:

1. Entidades con orzamentos limitativos: a administración xeral, os organismos autónomos, as entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento e as axencias públicas autonómicas.
2. Entidades con orzamentos estimativos: os consorcios autonómicos, as sociedades públicas mercantís, entidades públicas empresariais e fundacións do sector público autonómico.

A continuación, recóllese os estados consolidados do orzamento, tanto de ingresos como de gastos, do sector público autonómico para o ano 2021.

Orzamento de gastos do sector público autonómico 2021

Capítulos	ADMINISTRACIÓN XERAL	OOAA E ENTIDADES CONSULTA OU ASES.	AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS	TOTAL BRUTO	TRANSF. INTERNAS	CONSOLIDADO	FUNDACIÓNS PÚBLICAS	CONSORCIOS AUTONÓMICOS	ENTIDADES PÚBLICAS EMPRESARIAIS	SOCIEDADES MERCANTÍS	TOTAL	TRANSF. INTERNAS	CONSOLIDADO
I	2.246.660	1.367	2.057.875	4.305.902		4.305.902	35.536	62.137	13.108	80.507	4.497.189		4.497.189
II	620.698	622	1.414.377	2.035.697	22.732	2.012.965	75.666	33.618	36.441	212.095	2.370.785		2.370.785
III	99.645	0	220	99.865		99.865	115	1	205	1.930	102.117		102.117
IV	5.852.689	195	909.928	6.762.812	4.166.909	2.595.903	711	50	775	0	2.597.438	179.006	2.418.432
Correntes	**8.819.691**	**2.185**	**4.382.400**	**13.204.277**	**4.189.641**	**9.014.635**	**112.028**	**95.805**	**50.528**	**294.532**	**9.567.529**	**179.006**	**9.388.523**
V	13.500	0	31.917	45.417		45.417					**45.417**		**45.417**
VI	668.288	40	866.778	1.535.106		1.535.106	34.446	7.142	108.050	33.610	1.718.354	11.981	1.706.373
VII	1.947.680	0	414.306	2.361.986	1.394.190	967.796	0	2.000	5.809	0	975.605	130.338	845.267
Capital	**2.615.968**	**40**	**1.281.084**	**3.897.092**	**1.394.190**	**2.502.902**	**34.446**	**9.142**	**113.859**	**33.610**	**2.693.959**	**142.319**	**2.551.640**
VIII	111.434	0	132.190	243.624		243.624	914	7	5.000	18.532	268.077	103.668	164.408
IX	1.574.428	0	15.499	1.589.928		1.589.928	0	2	0	2.921	1.592.850		1.592.850
Financeiros	**1.685.862**	**0**	**147.689**	**1.833.551**	**0**	**1.833.551**	**914**	**8**	**5.000**	**21.453**	**1.860.927**	**103.668**	**1.757.258**
TOTAL	**13.135.021**	**2.225**	**5.843.091**	**18.980.337**	**5.583.831**	**13.396.506**	**147.388**	**104.955**	**169.388**	**349.595**	**14.167.831**	**424.994**	**13.742.838**

ORZAMENTO LIMITATIVO	ORZAMENTO ESTIMATIVO	ORZAMENTO CONSOLIDADO

(Miles de Euros)

Orzamento de ingresos do sector público autonómico 2021

Capítulos	ADMINISTRACIÓN XERAL	OOAA E ENTIDADES CONSULTA OU ASES.	AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS	TOTAL BRUTO	TRANSF. INTERNAS	CONSOLIDADO	FUNDACIÓNS PÚBLICAS	CONSORCIOS AUTONÓMICOS	ENTIDADES PÚBLICAS EMPRESARIAIS	SOCIEDADES MERCANTÍS	TOTAL	TRANSF. INTERNAS	CONSOLIDADO
I	2.747.988			2.747.988		2.747.988					2.747.988		2.747.988
II	3.337.412			3.337.412		3.337.412					3.337.412		3.337.412
III	90.246	67.686	36.381	194.314	22.732	171.582	20.118	15.896	77.616	192.353	477.564	11.981	465.583
IV	3.561.385	4.147.161	161.001	7.869.547	4.166.909	3.702.638	94.950	81.948	0	22.754	3.902.290	179.006	3.723.284
V	2.244	4.130	622	6.996		6.996	15	53	5	711	7.780		7.780
Correntes	**9.739.276**	**4.218.978**	**198.004**	**14.156.258**	**4.189.641**	**9.966.617**	**115.083**	**97.897**	**77.621**	**215.818**	**10.473.034**	**190.987**	**10.282.047**
VI	90	4.850	21	4.961		4.961	0	2.560	0	825	8.346		8.346
VII	1.032.921	431.374	969.191	2.433.486	1.394.190	1.039.296	28.404	4.496	79.981	11.930	1.164.108	130.338	1.033.770
Capital	**1.033.011**	**436.224**	**969.212**	**2.438.447**	**1.394.190**	**1.044.257**	**28.404**	**7.057**	**79.981**	**12.755**	**1.172.455**	**130.338**	**1.042.117**
VIII	2.213	690	22.208	25.110		25.110	1	0	11.786	4.347	41.244	103.668	-62.424
IX	2.360.521			2.360.521		2.360.521	3.900	2	0	116.675	2.481.098		2.481.098
Financeiros	**2.362.734**	**690**	**22.208**	**2.385.632**	**0**	**2.385.632**	**3.901**	**2**	**11.786**	**121.022**	**2.522.342**	**103.668**	**2.418.674**
TOTAL	**13.135.021**	**4.655.892**	**1.189.424**	**18.980.337**	**5.583.831**	**13.396.506**	**147.388**	**104.955**	**169.388**	**349.595**	**14.167.831**	**424.994**	**13.742.838**

ORZAMENTO LIMITATIVO	ORZAMENTO ESTIMATIVO	ORZAMENTO CONSOLIDADO

(Miles de Euros)

O MARCO XURÍDICO E ECONÓMICO. COMENTARIOS AO TEXTO ARTICULADO

XII. O MARCO XURÍDICO E ECONÓMICO. COMENTARIOS AO TEXTO ARTICULADO

XII.1. LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2021

Os orzamentos de 2021 veñen marcados por unha situación de crise sanitaria a nivel mundial motivada pola irrupción do virus COVID-19. O 12 de marzo do 2020, o día seguinte á declaración pola organización mundial da saúde da situación de pandemia internacional, publicouse no Diario Oficial de Galicia o Acordo do Consello da Xunta de Galicia polo que se adoptaban as medidas preventivas en materia de saúde pública na Comunidade Autónoma de Galicia, como consecuencia da evolución da epidemia do Coronavirus COVID-19. O 13 de marzo do 2020 declarouse o estado de emerxencia sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia e o 14 dese mesmo mes decrétase o estado de alarma en todo o Estado. Esta serie de acontecementos derivaron en importantes restricións da mobilidade e implicaron o confinamento a nivel nacional co gallo de frear a expansión da pandemia e evitar a saturación das instalacións sanitarias.

Antes de xurdir esta pandemia Galicia e España levaban unha senda ininterrompida de crecemento de seis anos, no ano 2019 o crecemento da economía española moderouse, medrando en concreto un 2 % fronte ao 2,4 % do ano 2018. Os países da nosa contorna tamén experimentaron esta moderación, en concreto as economías da área do euro tiveron un crecemento menor da súa economía. Se ben é certo que dentro da senda da economía mundial previase unha desaceleración progresiva, a chegada da COVID-19 supuxo unha muda total, orixinando un abrupto parón da actividade económica e a conseguinte caída do PIB.

Na actualidade, a epidemia segue estendendo os seus efectos por todo o mundo, tendo consecuencias devastadoras tanto no eido da saúde como da economía. As últimas estimacións sinalan unha caída do PIB real dun 11,2 % no conxunto do territorio nacional e na nosa comunidade prevese un descenso algo menor, calcúlase unha porcentaxe de minoración do PIB do 9,7 %. Porén para o 2021 as previsións económicas estiman unha importante recuperación da economía situando un ascenso do PIB arredor do 8%. Este panorama require que o orzamento, principal instrumento do goberno galego para o desenvolvemento da súa política económica, sexa a canle principal para o retorno á senda de crecemento estable na que nos atopábamos antes da irrupción nas nosas vidas desta pandemia.

Co fin de paliar os efectos desta crise, creouse un Comité de Expertos Económicos de Galicia para estudar e propoñer as medidas que se debían adoptar para superar a gravísima situación existente. O traballo en grupo de este Comité deu lugar a catro documentos –en materia de propostas de apoio á liquidez, propostas sobre emprego, propostas sobre solvencia e fortalecemento financeiro e propostas de impulso e dinamización da economía galega-, encamiñados a formular propostas de aplicación inmediata para contrarrestar os efectos da pandemia no eido económico e no mercado de traballo.

Agora, cando estamos controlando os efectos da segunda onda pandémica, sabemos que a súa evolución é de difícil predición e o seu impacto na actividade económica en torno a os dous díxitos de produto nacional.

Por elo, a prioridade asignativa das contas do ano 2021 segue a reforzar a atención sociosanitaria e a saúde pública, apostando por unhas infraestruturas sanitarias modernas e ben dotadas e polas políticas preventivas en primaria e saúde pública.

Como toda crise económica, esta implicará un axuste de rendas e prezos, as contas para 2021 potencian as políticas de gasto destinadas a paliar os efectos da mesma, nos máis desfavorecidos, nos que perderon os seus traballos e as súas empresas ou viron mermados fortemente os seus ingresos.

Por último os orzamentos 2021 vehiculan os recursos financeiros precisos para apoiar a reactivación económica con forza; apostando por modernizar e impulsar unha serie de procesos de reformas estruturais na nosa economía que a fagan máis resistente e competitiva, adaptándose a os requirimentos das transicións verde e dixital.

Os recursos que sustentarán as políticas de gasto recollidas nas contas do 2021 van ter unhas características especiais motivadas pola realidade que conforma esta crise sanitaria. Nas actuais circunstancias é previsible unha minoración da recadación tributaria consecuencia do antedito axuste de rendas e prezos que resulta do impacto no eido produtivo da crise sanitaria que ocasionou a pandemia.

Así, perante a evidencia de que o sistema de financiamento autonómico non está previsto para enfrontar perturbacións extraordinarias como a presente, no vindeiro exercicio o Goberno de España transferirá un fondo extraordinario de 13.486 millóns de euros destinado ao saneamento das contas públicas das comunidades autónomas. Deste importe estímase que lle corresponderá a Galicia 684,9 millóns de euros.

Ademais a Comisión Europea tamén aprobou un importante paquete de apoio financeiro, do que as comunidades autónomas xestionaran unha importante parte. Polo miúdo, as contas autonómicas recollen 430 millóns de euros procedentes da Axuda á Recuperación para a Cohesión e os Territorios de Europa, REACT-EU, un novo instrumento que segue a lóxica do FEDER e do FSE para financiar proxectos de impacto contra os efectos da crise.

No que refire ao financiamento procedente do resto dos fondos europeos se acelera a súa execución rematando toda a programación do marco 14-20 nos presentes orzamentos.

Ademais, como consecuencia da extraordinaria situación, a Comisión Europea comunicou a activación da cláusula xeral de salvagarda do Pacto de Estabilidade e Crecemento. A cláusula, tal como se recolle no artigo 5, apartado 1, o artigo 6, apartado 3, o artigo 9, apartado 1, e o artigo 10, apartado 3, do Regulamento (CE) n.º 1466/97 e no artigo 3, apartado 5, e o artigo 5, apartado 2, do Regulamento (CE) n.º 1467/97, facilita a coordinación das políticas orzamentarias en

tempos de grave recesión económica. Na súa Comunicación, a Comisión compartía a opinión do Consello de que, tendo en conta a grave recesión económica que se proveía como consecuencia da pandemia de COVID-19, as condicións actuais permiten a activación da cláusula para 2020 e 2021.A activación da cláusula xeral de salvagarda permite unha desviación temporal respecto da traxectoria de axuste cara o obxectivo orzamentario a mediano prazo, sempre que esta non poña en perigo a sostibilidade orzamentaria a medio prazo.

En aplicación da mesma, no Consello de Ministros do pasado 6 de outubro aprobouse a suspensión das regras fiscais para os anos 2020 e 2021, co fin de paliar o deterioro que produce esta crise sanitaria, que se substitúen por unhas taxas de referencia déficit e débeda pública.

O teito do gasto do Estado ascende ata os 196.097 millóns de euros incluíndo transferencias extraordinarias ás Comunidades Autónomas e á Seguridade Social e tamén fondos europeos, por importe de 27.436 millóns de euros, dos que unha boa parte serán xestionados polas comunidades autónomas a través das correspondentes convocatorias ou comisións sectoriais.

Na nosa comunidade, o 29 de outubro deste ano, aprobouse o Acordo polo que se fixa o límite máximo de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, ó que se refire o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, modificado polo artigo 92 da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas. Este acordo establece o límite do gasto para o proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia en 11.664 millóns de euros. Este límite de gasto supón un incremento respecto ao ano 2020 de 1.642 millóns de euros, resultando un instrumento fundamental para o financiamento das actuacións de gasto que posibiliten as medidas de control da pandemia e a reactivación económica.

A Xunta de Galicia non reparará en medios para mobilizar todos os recursos dispoñibles que acheguen a suficiente masa crítica financeira para impulsar as políticas de gastos que permitan superar esta crise. O punto de partida dunhas finanzas saneadas e rigorosas e unha débeda moderada facilitarán esta achega extraordinaria de recursos.

A evidencia cuantitativa de esta aposta é o importante aumento do gasto total previsto en comparación ás contas consolidadas da comunidade autónoma no 2020, cuxo volume total medra 1.575 millóns de euros ata os 13.397 millóns de euros.

Ademais de realizar unha achega extraordinaria de recursos a Xunta esta a emprender diferentes actuacións de reestruturación, modernización administrativa, dixitalización e revisión de procedementos que fagan posible executar estes recursos con eficacia.

A planificación para unha xestión encamiñada a resultados dos recursos non cesou durante a pandemia, impulsando un Plan de reactivación e dinamizacion 2020-2021, reprogramando os fondos europeos do marco 14-20 e preparando os novos programas operativos do marco 21-27, así como do REACT-UE. No vindeiro ano tamén está prevista a aprobación do novo Plan Estratéxico de Galicia 2021-2030, que esta a adaptarse a o novo punto de partida condicionado

pola irrupción da pandemia. Porén, as liñas mestras do actual plan, 2015-2020, que ten como obxectivo o impulso do crecemento económico de Galicia partindo dun modelo baseado na innovación e o capital humano, que colabore a acadar unha Galicia moderna e cohesionada social e territorialmente e que permita diminuír o desemprego, aumentar a produtividade e a renda dos galegos e galegas colaborando a retomar a senda do crecemento demográfico, xa apostaba pola innovación, a dixitalización, a internacionalización e a transición verde como pancas de cambio, polo que mantén a súa vixencia en tanto non se peche a estratexia para o período 21-30.

O Plan Estratéxico de Galicia 2021-2030 fundamentará a estratexia de crecemento de Galicia entorno a catro eixes de actuación: a dinamización demográfica e o benestar, a transición ecolóxica, a competitividade e a cohesión social.

Xa por último, salientar que no próximo ano celebrarase o Xacobeo 2021 posiblemente o primeiro acontecemento post-covid importante no eido da cultura e do lecer que debe colaborar á recuperación dos sectores do turismo, a hostalaría e a cultura, especialmente impactados pola crise, apoiando a recuperación en V da economía galega. Declarouse como un acontecemento de Excepcional Interese Público na Lei 6/2018 de Orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, na súa disposición adicional octoxésima sétima. O Xacobeo constitúe un acontecemento de singular importancia para a nosa comunidade que volta a ter lugar once anos despois e o seu desenvolvemento marcará unha forma de organizar grandes eventos culturais na era post covid e para promocionar a nosa comunidade como destino turístico seguro e atractivo.

II

Na parte dispositiva a lei estrutúrase en seis títulos, dezaseis disposicións adicionais, tres disposicións transitorias e tres disposicións derradeiras.

A parte esencial da Lei de orzamentos recóllese no título I, relativo á aprobación dos orzamentos e ao réxime das modificacións de crédito, por canto no seu capítulo I, baixo a rúbrica «Aprobación dos créditos e do seu financiamento», apróbanse os ingresos e gastos que compoñen os orzamentos da Comunidade Autónoma, integrados polos da Administración xeral, os dos organismos autónomos, os correspondentes ás entidades públicas instrumentais de asesoramento e consulta –que, para os efectos orzamentarios, teñen a consideración de organismos autónomos–, os das axencias públicas autonómicas, os das entidades públicas empresariais, os dos consorcios autonómicos, os das sociedades mercantís e os das fundacións.

Neste capítulo I defínese o ámbito dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia tendo en conta a tipoloxía das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico previstas na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Dentro deste capítulo detállanse os beneficios fiscais que afectan os tributos cedidos total ou parcialmente polo Estado e sinálase así mesmo o importe das subvencións reguladoras consideradas na normativa de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de

Galicia. Finalmente, dentro dos artigos especificamente destinados aos orzamentos das entidades instrumentais, autorízanse as dotacións iniciais das subvencións de explotación e de capital ás entidades públicas empresariais e ás sociedades mercantís.

O capítulo II deste título, «Das modificacións orzamentarias», regula os principios e as competencias específicas en materia de modificacións orzamentarias, as regras de vinculación que afectan os créditos orzamentarios, a determinación dos que teñen natureza de créditos ampliables, entre os que se inclúen os créditos que financien a gratuidade na educación infantil de 0 a 3 anos para o segundo fillo ou filla e sucesivos, e as limitacións aplicables ás transferencias de créditos.

O título II, relativo aos «Gastos de persoal», estrutúrase en catro capítulos.

O capítulo I, dedicado aos gastos do persoal ao servizo do sector público, establece a evolución da masa salarial en función do que regule a normativa básica do estado na materia, recollendo as previsións que figuran no proxecto de Lei de orzamentos xerais do estado.

Así mesmo, recolle que para o ano 2021 só se poderá proceder, no sector público, á incorporación de novo persoal con suxeición aos límites e aos requisitos establecidos na normativa básica estatal. No resto do capítulo regúlase a contratación de persoal laboral temporal, de persoal funcionario interino e de persoal vinculado ás encomendas de xestión.

O capítulo II, baixo a rúbrica «Dos réximes retributivos», establece que as retribucións do Presidente, dos Vicepresidentes e dos conselleiros e conselleiras, así como as dos órganos estatutarios e un dos órganos de consulta e asesoramento e determinados postos de persoal directivo, non experimentarán ningún incremento respecto das vixentes a 31 de decembro do ano 2020.

As retribucións dos restantes altos cargos e outro persoal directivo, así como as das persoas titulares das delegacións da Xunta de Galicia no exterior, o persoal funcionario, persoal laboral, o persoal ao servizo das institucións sanitarias e o persoal dos corpos de funcionarios ao servizo da Administración de xustiza, experimentarán un incremento do 0,9% en relación ás vixentes a 31 de decembro do 2020. Tal e como se establece na disposición adicional oitava, estes incrementos serán de aplicación no momento en que se habilite pola normativa da Administración Xeral do Estado.

O capítulo III, dedicado a «Outras disposicións en materia de réxime de persoal activo», recolle que para o ano 2021 as relacións de postos de traballo deberán modificarse para axustarse ás previsións orzamentarias que se deduzan do anexo de persoal, sen que se poidan prover aqueles postos para os cales non estea prevista dotación, e mais que no anexo de persoal non poderán existir códigos de liñas orzamentarias que non amparen créditos para dotacións de postos de traballo, substitucións de persoal temporal ou para conceptos retributivos.

O resto do capítulo regula os requisitos para a determinación ou modificación das retribucións do persoal laboral e non funcionario, o persoal directivo das entidades instrumentais do

sector público da Comunidade Autónoma, o nomeamento do profesorado interino a tempo parcial en centros docentes non universitarios, os profesores e as profesoras de corpos docentes e o persoal eventual e de gabinete.

O capítulo IV, dedicado ás «Universidades», fixa o límite máximo dos custos de persoal das tres universidades galegas, as retribucións adicionais do persoal ao seu servizo e a obriga de comunicación mensual da provisión de persoal laboral temporal para cubrir necesidades docentes urxentes e inaprazables. Así mesmo, establécese que as universidades poderán aplicar a taxa de reposición prevista na normativa básica estatal, con respecto das dispoñibilidades orzamentarias dotadas no capítulo I.

O título III, «Operacións de endebedamento e garantía», estrutúrase en dous capítulos, relativos ás operacións de crédito e ao afianzamento por aval.

No primeiro destes capítulos establécese que para o ano 2021 a posición neta debedora da Comunidade Autónoma, poderase incrementar na contía máxima do 1,1 por cento do PIB rexional. Tamén se regulan neste capítulo as operacións de débeda de tesouraría, a formalización doutras operacións financeiras e o endebedamento das entidades instrumentais do sector público. Respecto ao endebedamento das entidades instrumentais do sector público, a única excepción refire ao IGVS, recóllendo a posibilidade, para os préstamos directos, que se poidan formalizar entre as entidades financeiras e os adxudicatarios ou as adxudicatarias que, estando en réxime de alugamento, decidan adquirir as vivendas que foron cedidas en uso ao Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e para as execucións de hipotecas de vivendas de promoción pública da adxudicación ou cesión de remate delas a prol do IGVS.

No capítulo II, relativo ao «Afianzamento por aval», en canto ao apoio financeiro aos proxectos empresariais, mantense para o 2021 a contía máxima dos avais que pode conceder o Instituto Galego de Promoción Económica, cun importe de cincocentos millóns de euros.

No título IV, «Xestión orzamentaria», mantéñense os preceptos relativos á intervención limitada, á fiscalización das operacións de endebedamento da Comunidade Autónoma, á fiscalización dos nomeamentos ou dos contratos de substitución do persoal, á identificación dos proxectos de investimento, á autorización do Consello da Xunta para a tramitación de determinados expedientes de gasto, á regulación das transferencias de financiamento, ás subvencións nominativas, á concesión directa de axudas e subvencións, á acreditación do cumprimento das obrigas tributarias, ao pagamento mensual de axudas e subvencións que se concedan a persoas físicas para financiar estudos de investigación, ao informe preceptivo e vinculante da Consellería de Facenda e Administración Pública, que, sen prexuízo da análise de risco que realice o xestor, determina os efectos sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria nos préstamos concedidos con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, e aos expedientes de dotación artística e mais ao módulo económico de distribución de fondos públicos para o sostemento de centros concertados. Neste, establécese a posibilidade da aceptación pola Administración autonómica de pagamentos á conta para as retribucións do persoal docente do

colectivo de empresas do ensino privado, desde o 1 de xaneiro ata o momento en que asinen as táboas salariais para o ano 2021.

O título V, dedicado ás «Corporacións locais», estrutúrase en dous capítulos.

O primeiro deles, dedicado ao financiamento e á cooperación con estas entidades, detalla as transferencias que lles corresponden como consecuencia de convenios e subvencións, así como a participación dos concellos nos tributos da Comunidade Autónoma a través do Fondo de Cooperación Local. En relación con este fondo, a lei fixa unha porcentaxe homoxeneizada de participación, e desagrégase esta en fondo base, para recoller a mesma contía que se establece no ano 2011, e en fondo adicional, para recoller o incremento debido á maior recadación dos capítulos I, II e III da Administración xeral dende aquel ano ata o 2021.

Establécese o sistema de distribución entre a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e os concellos para o fondo base, de maneira que estes recibirán segundo o coeficiente de repartición que lles correspondeu no ano 2011. Non obstante no ano 2021, as entregas a conta do Fondo adicional sofren unha lixeira merma respecto ao establecido no orzamento do ano 2020, este feito é consecuencia da caída dos capítulo I, II e III dos ingresos da Administración Xeral no Orzamento do ano 2021 respecto ao inicial do ano pasado. O fondo adicional repartirase no ano 2021 consonte o acordo da Subcomisión Permanente do Réxime Económico e Financeiro da Comisión Galega de Cooperación Local. Entre os criterios aprobados para o reparto, destacan os concellos con institucións penitenciarias no seu termo municipal, dos concellos de menos de cincuenta mil habitantes que teñen que asumir os gastos de funcionamento dos centros de saúde da súa titularidade, as prazas en conservatorios municipais de grao medio, os concellos resultantes dun proceso de fusión en cumprimento do sinalado na Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, dos concellos que teñen que asumir o financiamento dos servizos de emerxencia de carácter supramunicipal e dos concellos que teñen que asumir o financiamento das redes de faixas secundarias de xestión da biomasa para a prevención de incendios.

O capítulo II deste título regula o procedemento de compensación e retención de débedas dos concellos contra os créditos que lles corresponden pola súa participación no Fondo de Cooperación Local de maneira similar ao ano 2020.

No título VI, relativo ás «Normas tributarias», inclúese un único precepto para establecer os criterios de afectación do imposto sobre o dano ambiental e o canon eólico.

O contido desta Lei de orzamentos complétase coas disposicións adicionais, transitorias e derradeiras referidas, nas cales se recollen preceptos de índole moi variada.

Entre as disposicións adicionais regúlase a información ao Parlamento; o orzamento inicial e os requisitos de creación para as axencias que se poidan constituír neste exercicio; a autorización de orzamentos en entidades instrumentais de nova creación; a obriga de adecuar os estados financeiros das entidades instrumentais ás transferencias efectivamente aprobadas nesta lei; as

normas para a remisión de información económico-financeira e o control desta, coa finalidade de recoller as obrigas en relación co inventario das entidades dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia e, doutra banda, para adaptar as normas sobre a competencia da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia á normativa vixente, en relación coas axencias e cos consorcios adscritos á Comunidade Autónoma que deben auditar as súas contas anuais; as porcentaxes de gastos xerais de estrutura que hai que aplicar nos contratos de obra; a venda de solo empresarial por parte do Instituto Galego da Vivenda e Solo; as prestacións extraordinarias para as persoas beneficiarias de pensións e subsidios non contributivos, e no relativo aos gastos de persoal, a autorización para a modificación dos cadros de persoal do Servizo Galego de Saúde, o persoal contratado ao abeiro do Plan nacional de formación e inserción profesional, as medidas en relación co V Convenio colectivo único para o persoal laboral, as normas de especial aplicación en materia de recursos educativos complementarios de ensino público, e no caso dos centros concertados, de se aprobar algunha variación nas contías dos módulos estatais de distribución de fondos públicos para o seu sostemento, aplicarase a mesma variación porcentual aos módulos vixentes a 31 de decembro de 2020 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Regúlase ademais o dereito a percibir unha axuda económica de mil douscentos euros, a razón de cen euros mensuais, a través da Tarxeta Benvida para todas as familias que teñan un fillo ou unha filla ou adopten un neno ou unha nena menor dun ano no 2021. Adicionalmente, para aquelas familias con renda igual ou inferior a vinte e dous mil euros a axuda ampliarase no segundo ano de vida e ata que o neno ou a nena cumpra tres anos, ou ata que se cumpran tres anos do ditado da correspondente resolución para os supostos de adopción ou garda con fins adoptivos. A contía das axudas para as familias con estas rendas será de seiscentos euros por ano, a razón de cincuenta euros por mes, se o fillo ou a filla que dá dereito á axuda é o primeiro; de mil douscentos euros por ano, a razón de cen euros por mes, se o fillo ou a filla que dá dereito á axuda é o segundo, e de dous mil catrocentos euros por ano, a razón de douscentos euros por mes, se o fillo ou a filla que dá dereito á axuda é o terceiro ou sucesivos. Para as familias que residan no rural e para as que teñan o terceiro fillo ou a terceira filla e sucesivos, a axuda incrementarase nas condicións que estableza a Consellería de Política Social.

A última das disposicións adicionais establece un mecanismo para axilizar a xestión orzamentaria para dar cobertura de xeito eficaz ás necesidades novas ou non previstas que poidan xurdir por mor da COVID 19.

As disposicións transitorias regulan a adecuación das entidades públicas instrumentais e a dotación gradual do Fondo de Continxencia de Execución Orzamentaria que xa se prevían na Lei de orzamentos do ano 2020.

As tres últimas disposicións derradeiras regulan o desenvolvemento, a vixencia e a entrada en vigor da lei.

XII.2. MEDIDAS FISCAIS E ADMINISTRATIVAS DE ACOMPAÑAMENTO PREVISTAS PARA A SÚA ENTRADA EN VIGOR NO ANO 2021

I

Os orzamentos requiren para a súa completa aplicación a adopción de diferentes medidas, unhas de carácter puramente executivo e outras de carácter normativo, que, pola súa natureza, deben adoptar rango de lei e que, como precisou o Tribunal Constitucional, non deben integrarse nas leis anuais de orzamentos xerais senón en leis específicas. O debate doutrinal acerca da natureza das chamadas leis de acompañamento foi resolto polo Tribunal Constitucional, que configurou este tipo de normas como leis ordinarias cuxo contido está plenamente amparado pola liberdade de configuración normativa de que goza o lexislador e que permiten unha mellor e máis eficaz execución do programa do Goberno nos distintos ámbitos en que desenvolve a súa acción. Desde esta perspectiva, tendo presente a actividade que desenvolve a Comunidade Autónoma de Galicia, cuxos obxectivos se expoñen na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2021, e co obxecto de contribuír a unha maior eficacia e eficiencia destes, a presente lei contén un conxunto de medidas referidas a diferentes áreas de actividade que, con vocación de permanencia no tempo, contribúan á consecución de determinados obxectivos de orientación plurianual perseguidos pola Comunidade Autónoma a través da execución orzamentaria. Este é o fin dunha norma cuxo contido esencial o constitúen as medidas de natureza tributaria, aínda que se incorporan outras de carácter e organización administrativos.

II

A estrutura desta lei divídese en dous títulos: o primeiro dedicado ás medidas fiscais e o segundo, ás de carácter administrativo. O título I, relativo ás medidas fiscais, está dividido en dous capítulos.

O capítulo I introduce medidas en materia de tributos cedidos. Así, en relación as taxas sobre xogos de sorte, envite ou azar, nas modalidades de casinos, máquinas ou aparellos automáticos e bingo, establécense unhas bonificacións aplicables neste tributo para paliar os efectos que tivo no ano 2020 a pandemia provocada polo SARS-CoV-2.

Ante esta situación cómpre establecer un beneficio fiscal que coadxuve á situación provocada neste sector. O beneficio fiscal establecido calcúlase dun xeito homoxéneo sobre o tributo devindicado no ano 2020 e aplicarase inmediatamente no ano 2021, unha vez entre en vigor a presente lei e coas primeiras autoliquidacións que deban presentar os suxeitos pasivos afectados.

O capítulo II, relativo aos tributos propios, está integrado por dous preceptos.

No primeiro deles, sobre taxas, por un lado prevese o mantemento dos tipos das taxas de contía fixa e, por outro, introdúcense diversas modificacións na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, consistentes tanto na creación de novas taxas como na modificación dalgunhas vixentes. Ademais, recóllense

exencións e bonificacións excepcionais en determinadas taxas portuarias dirixidas a paliar os efectos da COVID-19 respecto da hostalería radicada nos portos dependentes da Comunidade Autónoma.

O seguinte precepto introduce modificacións na regulación do canon da auga e do coeficiente de vertedura que, esencialmente, van dirixidas a prever o réxime aplicable aos usos previstos na Lei 8/2019, do 23 de decembro, de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia, así como ao establecemento dunha exención como medida excepcional dirixida a paliar os efectos da COVID-19 en determinados sectores.

O título II, relativo ás medidas administrativas, está dividido en doce capítulos.

O capítulo I aborda diversas medidas en materia de emprego público. Por unha parte, lévanse a cabo, ademais de modificacións puntuais de carácter organizativo, outras modificacións referidas, fundamentalmente, aos permisos do persoal empregado público, que teñen por obxecto adaptar a normativa autonómica aos últimos cambios que neste eido foron introducidos na normativa básica estatal. Engádese tamén unha modificación puntual do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde que supón a redución dos prazos de toma de posesión dese persoal nos destinos obtidos en concurso de traslados, equiparándoos así ao establecido para o persoal funcionario da administración xeral da comunidade autónoma. Concorren motivos de urxencia que xustifican a citada modificación, sen prexuízo do disposto na disposición derradeira primeira, xa que a actual regulación está a dificultar a planificación da actividade e interfire no normal funcionamento das institucións sanitarias, ao tempo que detrae efectivos dispoñibles das listas de selección temporal para outros motivos de cobertura, como o reforzo de unidades por incremento da actividade asistencial, situación esta que se está a ver agravada no contexto actual por mor da crise sanitaria derivada da pandemia COVID-19 e o incremento da demanda asistencial por parte dos usuarios do Sistema Público de Saúde así como a entrada en funcionamento de novas unidades. Por outra banda, modifícase a Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas coa finalidade de ampliar os supostos que dan lugar á percepción de retribucións por parte do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, en concepto de mellora da prestación.

O capítulo II contén diversas disposicións en materia de medio ambiente e territorio. Introduce, en primeiro lugar, modificacións da lei do solo que teñen como finalidade aclarar a prevalencia da aplicación da normativa sectorial cando sexa o caso, así como dotar de todas as garantías xurídicas a tramitación dos plans básicos municipais que está a promover a Comunidade Autónoma para os concellos de menos de 5.000 habitantes que non contan con planeamento urbanístico, permitindo que tanto os plans especiais como as delimitacións de solo de núcleo rural vixentes na actualidade nos respectivos concellos poidan quedar incorporadas no dito plan, o que favorecerá á seguridade xurídica nos concellos con esas delimitacións previas. En definitiva, os axustes que se propoñen pretenden que a ordenación urbanística que resulte dos plans básicos municipais estea realmente adaptada ao territorio e non lle resulte allea, de xeito que, excepcionalmente, poderán propoñerse reaxustes nas ordenanzas do Plan Básico Autonómico

en lugar de incorporalas directamente sen ter en conta a diferente realidade física dos distintos concellos.

Tamén se introducen diversas modificacións puntuais do Regulamento da Lei do solo ao concorrer razóns de urxencia que demandan a súa adopción inmediata pola presente lei, sen prexuízo do disposto na disposición derradeira primeira respecto das ulteriores modificacións da mesma. Estas modificacións, pretenden axilizar a tramitación dos Plans Básicos Municipais en beneficio dos diferentes concellos implicados, xa que, doutro xeito, o procedemento tería que quedar paralizado ata que entrasen en vigor as novas previsións e, posteriormente se adaptasen os plans básicos ás mesmas. A urxencia das modificacións cobra unha especial importancia no contexto actual no que a paralización dos prazos administrativos derivada da declaración do estado de alarma pola COVID-19, xa afectou de xeito significativo á tramitación dos plans básicos e supuxo un importante retraso no cronograma previsto. Trátase, en definitiva, de poder continuar con todas as garantías xurídicas e coa maior celeridade posible a tramitación dos plans xa adaptados ás novas necesidades detectadas.

Inclúense, por outra banda, modificacións na Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia coas que se persegue acadar unha maior precisión nas definicións recollidas na propia norma e nos procedementos de declaración de todos os espazos naturais regulados nela. Tamén se inclúen unha serie de medidas de defensa e protección en materia de xestión da Rede Natura 2000 co obxecto de aclarar a interpretación dos usos permitidos, autorizables ou prohibidos, relativos ao mantemento das redes de faixas de xestión de biomasa así como a construción de instalacións de defensa forestal en determinadas zonas ZEC. Trátase así de minorar a vulnerabilidade das zonas a protexer e poder acometer as vindeiras campañas de incendios cunhas maiores garantías para a mellora da protección e da xestión dos espazos protexidos.

O capítulo III aglutina diversas medidas en materia de medio rural e modifica catro leis.

En primeiro lugar, modifícase a Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega para acomodala á experiencia adquirida nos últimos anos na aplicación do réxime sancionador. Coa reforma da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais trátase de acadar un procedemento máis áxil e inclusivo na práctica da declaración dos perímetros de alto risco de incendios (PARIs) e, particularmente, no que respecta ás actuacións preventivas ao longo das vías de titularidade municipal para diminuír o risco de incendio forestal. Ademais, amplíase de quince días a trinta días naturais o prazo para que os titulares dos predios ou dos dereitos de aproveitamento realicen os traballos preventivos. O novo prazo considérase necesario para que se poidan contratar e executar os traballos, xa que a experiencia amosa que o prazo anterior era insuficiente. En canto á elaboración dos plans de prevencións e defensa contra incendios forestais, a realidade evidenciada na súa tramitación aconsella introducir esta modificación, xa que son minoría os concellos que contan con plans municipais de ordenación municipal (PXOM) adaptados á Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia. Por outra banda, naqueles casos nos que os PXOM estean en proceso de tramitación, é acon-

sellable posibilitar que os plans municipais de prevención e defensa contra incendios forestais se baseen neles, coa salvagarda de que unha vez aprobados os primeiros, os plans poidan adaptarse á nova realidade. Respecto das modificacións da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, con elas preténdese adaptar a definición de axente forestal á recollida na lexislación básica así como dotar ao texto dunha maior coherencia e eliminar a referencia a determinadas expresións que sobreviviran a anteriores modificacións. Cámbiase ademais a denominación do Rexistro de Agrupacións forestais de xestión conxunta, (antes Rexistro de Sociedades de Fomento Forestal) co obxecto de incluír todas as agrupacións de xestión forestal conxunta. Finalmente, matízase a disposición transitoria sexta, de tal xeito que se permita aos titulares de montes que non se acolleran a un instrumento de ordenación e xestión forestal (IOXF) antes dos prazos estipulados no número 1, poder realizar aproveitamentos madeireiros comerciais, sempre e cando, se doten de tales instrumentos antes de realizar os pretendidos aproveitamentos. As modificacións introducidas na Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, responden á necesidade de facer axustes na regulación das aldeas modelo atendendo a experiencia adquirida e engadindo a guía de ordenación produtiva como documento técnico no que se delimitan os usos produtivos máis idóneos para a explotación das parcelas incluídas na aldea modelo, establecendo o procedemento de tramitación e aprobación.

O capítulo IV, relativo a infraestruturas e mobilidade, recolle tres leis. Por unha banda, modifícase a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia para reflectir nela expresamente as competencias de Augas de Galicia en materia de cooperación en concordancia coa súa importancia. Modifícase tamén a Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia coa finalidade fundamental de clarexar que non é esixible o requisito de dispoñer de local dedicado en exclusiva á actividade de alugamento de vehículos con condutor na concesión de autorizacións para prestar servizos de alugamento con condutor.

Polo que respecta á Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, inclúense diversas modificacións puntuais orientadas a dar unha maior seguridade xurídica e a gañar axilidade para o administrado e rebaixar a carga de traballo para as administracións. Entre elas, destacan a redución da liña límite da edificación para certas categorías a sete metros, a aclaración do punto dende onde debe medirse a zona de afección, a flexibilización do uso do dominio público viario e o dominio público adxacente (sempre baixo a premisa de protexer a integridade da estrada e a súa seguridade viaria) o establecemento de períodos de garantía inferiores a un ano, que permitirán aos particulares ter depositadas as garantías esixidas pola normativa durante un período máis curto.

O capítulo V inclúe a modificación da Lei 11/2008, de 3 de decembro, de pesca de Galicia, no senso de cambiar a denominación dos establecementos auxiliares de cultivos mariños e recuperar a recollida en anteriores leis. Aclárase así a situación destes establecementos e se insiste na súa importancia para o peche da cadea que posibilita a chegada dos produtos da acuicultura ás persoas consumidoras nas condicións hixiénico sanitarias precisas. Tamén se recollen diversas modificacións da Lei /2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia coa finalidade de acadar unha maior claridade e seguridade xurídica así como para asumir por parte da Administración

Portuaria a xestión do servizo de recepción de residuos xerados por buques coa finalidade de garantir a dispoñibilidade do mesmo.

O capítulo VI contén a modificación da Lei 13/2008 do 3 de decembro de servizos sociais de Galicia, que permitirá a aplicación da medida de gratuidade do segundo fillo ou filla en escolas infantís ás familias con fillos menores de 3 anos e que teñen tamén fillos maiores de idade que conviven no domicilio familiar. Por outra banda, a Lei10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade modifícase para se mudar a denominación dos antigos plans especiais de actuación, que pasan a chamarse plans estratéxicos municipais de accesibilidade.

O capítulo VII, relativo a emprego e igualdade introduce distintas modificacións na Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia que consolidan as medidas tendentes á flexibilización do desenvolvemento das reunións por medios telemáticos implantadas con carácter temporal no Real decreto-lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social da COVID-19 e que tan necesarias resultan no contexto actual.

Se ben estas medidas melloran notablemente as posibilidades para a celebración de reunións en condicións de seguridade, non bastan para garantir en todos os caos a efectiva participación das persoas socias, tendo en conta a fenda dixital que subsiste entre a poboación máis nova e urbana, dunha banda, fronte á de idade máis avanzada e do ámbito rural, da outra. Por outro lado, a evolución recente da pandemia no territorio galego non permite aínda albiscar unha total volta á normalidade na data na que estas medidas deixen de estar en vigor. En consecuencia, ante a ausencia de previsións estatutarias ao respecto, é preciso habilitar mecanismos que faciliten o exercicio dos dereitos de participación na toma de decisións societarias por parte das persoas socias. Unha das medidas que poden axudar a este obxectivo é a realización por medios telemáticos, máis alá do período xa habilitado polo Real decreto-lei 8/2020, do 17 de marzo. Se ben esta pode ser unha solución válida e factible para moitas cooperativas, especialmente as de menor tamaño, non o é para moitas outras, nas que o elevado número de socios, a avanzada idade destes e o feito de que residan en contornos rurais, poden dificultar o acceso á tecnoloxía. Por iso, ademais desta posibilidade, cómpre recoller outras medidas que facilitan a participación por medio de terceiras persoas, como son a designación de representante e as asembleas de delegados, solucións que permiten reducir de forma moi significativa o número de persoas asistentes nas reunións presenciais ou que deban ter acceso aos medios tecnolóxicos para participar nas reunións. Do mesmo xeito, é preciso facilitar a realización de reunións presenciais en condicións de seguridade habilitando a opción de utilizar instalacións dispoñibles en localidades próximas, cando non existan locais adecuados na localidade na que a cooperativa teña o seu domicilio social. Por outro lado, se ben o Real decreto-lei 8/2020, do 17 de marzo, establece disposicións específicas en canto ao prazo para a adopción de acordos relativos ás contas anuais, existen numerosas decisións que deben tomarse nun prazo determinado e cuxa adopción puido verse condicionada polas restricións impostas en materia de circulación e reunión, polo que cómpre establecer un prazo para que poidan levarse a cabo en aplicación das novas medidas aprobadas nesta lei. Do mesmo xeito, a imposibilidade de realización de asembleas durante o estado de

alarma e os distintos estadios da "nova normalidade" fai necesario, en aras da seguridade xurídica e para non comprometer a capacidade de obrar da cooperativa, prolongar a vixencia polo tempo mínimo imprescindible daqueles cargos cuxo nomeamento caducase durante este período. Tamén se modifica o Decreto Lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións xerais da comunidade Autónoma en materia de igualdade coa finalidade de establecer un novo sistema de recoñecemento que unifique o procedemento de certificación dun plan de igualdade e a Marca Galega de Excelencia en igualdade nun novo distintivo. Realízanse ademais modificacións puntuais para adaptar este texto normativo aos cambios introducidos tamén mediante esta lei en materia de permisos aos empregados públicos.

Os capítulos VIII, IX e X conteñen diversas modificacións puntuais en materia de deportes, subvencións e transparencia coa finalidade de corrixir erros e disfuncións e acadar unha maior claridade e seguridade xurídica.

O capítulo XI modifica puntualmente a Lei 2/2012, de 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias para reflectir na norma un tipo sancionador específico de aplicación directa para cando se produzan cobros indebidos téndose declarado a abusividade de determinadas prácticas.

O capítulo XII introduce diversas modificación en materia de procedemento e organización administrativos. Por unha banda, modifícase a Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da Escola Galega de Administración Pública para incorporar, fundamentalmente, axustes de natureza organizativa. Tamén se modifica a Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública coa finalidade de acadar unha mellora na eficacia do servizo, unha axeitada economía do procedemento e unha eficiente asignación dos recursos en cumprimento do interese xeral e dos obxectivos da organización. Coa modificación da Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia búscase precisar e establecer a debida correlación entre as funcións que lle corresponden á Axencia Galega de Emerxencias. A modificación da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico ten por obxecto actualizar a regulación do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia. Así, actualízanse as súas referencias normativas; adecúase a regulación á Lei 9/2017 de contratos do sector público e ao Real Decreto-lei 3/2020, de 4 de febreiro, de medidas urxentes polo que se incorporan ao ordenamento xurídico español diversas directivas da Unión Europea no ámbito da contratación pública en determinados sectores, normas aparecidas con posterioridade á regulación inicial; modifícanse determinadas cuestións relativas ao nomeamento e substitución dos seus membros co obxectivo de asegurar a cobertura dos postos e o funcionamento do Tribunal e unha maior concorrencia, tendo en conta a experiencia e regulación doutras comunidades autónomas, así como que está próxima a primeira renovación parcial á que aplicar o previsto nesta reforma; refórzase a transparencia e control dos conflitos de intereses ao indicar que os membros do Tribunal estarán suxeitos ao réxime de incompatibilidades que corresponde aos altos cargos da Xunta de Galicia; e se promove o funcionamento do Tribunal de forma telemática e adaptada aos principios da administración dixital, con mención tamén á recente Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, e favorecer a máxima eficiencia e posibilidade de acceso dos

interesados. Finalmente se introdúcese unha disposición aplicable ás fundacións de carácter feiral e coa que se pretende acadar unha maior fidelidade ao espírito da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de Organización e Funcionamento da Administración Xeral e do Sector Público autonómico de Galicia, e da Lei 40/2015, do 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

Na súa parte final, a lei recolle catro disposicións adicionais, unha disposición transitoria, unha disposición derrogatoria e catro disposicións derradeiras. A disposición adicional primeira establece un complemento persoal de mantemento das retribucións en concepto de antigüidade aplicable ao persoal laboral fixo procedente das entidades instrumentais do sector público autonómico. A disposición adicional segunda prevé unha serie de medidas especiais que teñen por obxecto garantir a celebración de procesos selectivos e de provisión no contexto da COVID-19. Tamén atendendo a esta circunstancia se inclúe unha disposición adicional terceira que establece especiais medidas derivadas da situación de emerxencia sanitaria para a contratación de persoal funcionario interino ou laboral temporal. Por último, a disposición adicional carta contén previsións específicas sobre o prazo de posta en marcha e funcionamento das emisións e pago da taxa de servizo de comunicación audiovisual de televisión correspondente ás adxudicacións transformadas en licenzas, afectadas por diversas circunstancias que teñen condicionado o normal desenvolvemento e viabilidade dos proxectos correspondentes aos servizos de comunicación audiovisual de televisión, en particular, daqueles de ámbito autonómico e local, tal e como se tiveran concibido orixinariamente.

Así, os cambios operados no panorama audiovisual dende o outorgamento dos títulos administrativos, as secuelas que aínda arrastra o sector audiovisual como consecuencia da grave crise económica, coa correspondente redución e concentración das inversións publicitarias, a aparición dun número considerable de canles de televisións tradicionais de ámbito estatal, que non existían no tempo en que se adxudicaron as canles autonómicas e locais, así como tamén a transformación tecnolóxica dos medios de comunicación coa irrupción de novas plataformas televisivas multinacionais, son circunstancias coas que resulta extraordinariamente difícil de competir.

Esta situación viuse agravada actualmente pola irrupción da pandemia provocada pola COVID-19, cuxa incidencia afecta de xeito determinante ao tecido empresarial, neste caso o do sector dos servizos de comunicación audiovisual de televisión, non sendo oportuno adoptar nestes momentos medidas que puidesen afectar aos activos e ao patrimonio das empresas, por ser contraproducentes para a súa subsistencia e seu desenvolvemento, polo que é aconsellable ampliar en dous anos o prazo previsto na disposición adicional terceira da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación do servizo de comunicación audiovisual de televisión.

A disposición transitoria única prevé un réxime de aplicación aplicable á Certificación Galega de Excelencia en Igualdade derivado das modificacións introducidas ao respecto nesta lei.

Por último, a lei contempla a derrogación expresa de disposicións concretas así como de cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nela, unha habilitación para o seu desenvolvemento normativo e a previsión sobre a súa entrada en vigor.

A presente lei axústase así aos principios de boa regulación contidos no artigo 37 a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico de Galicia, ao responder as medidas previstas nela á satisfacción de necesidades de interese xeral coa debida proporcionalidade, eficacia e eficiencia, ao recollerse na norma os obxectivos perseguidos a través dela e a súa xustificación como esixe o principio de transparencia, e ao introducirse a través dela, conforme ao principio de seguridade xurídica, as modificacións precisas nas disposicións vixentes.